



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 79

Sesión plenaria
27 de abril de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 28510 (11/PNP-002499)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

5.2 32694 (11/PNP-002845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 30.03.2022

5.3 32845 (11/PNP-002861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e nove deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación de Red Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaidos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 30.03.2022

5.4 33244 (11/PNP-002908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfire o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

5.5 33613 (11/PNP-002943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 306, do 12.04.2022



5.6 33626 (11/PNP-002946)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Projectos Hospitalarios Internacional, S. A.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 6. Interpelacións**6.1 30337 (11/INT-001500)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

6.2 31585 (11/INT-001568)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

6.3 33350 (11/INT-001686)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a cobertura das baixas do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 33833 (11/POPX-000065)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas fiscais previstas polo Goberno galego para facer fronte á situación actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

7.2 33834 (11/POPX-000066)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a valoración do nivel da inflación en Galicia en relación coa media do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 31312 (11/POP-004623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e catro deputados/as máis

Sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedrayo de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

8.2 32300 (11/POP-004710)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas previstas para recuperar a liña e os horarios do servizo de transporte de viaxeiros por carretera XG80412 Santiago-Negreira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

8.3 33808 (11/PUP-000250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das solucións para os problemas de abastecemento de auga no sur da provincia de Pontevedra recollidas no estudo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil no documento “Estudo de alternativas e documento ambiental para a mellora do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra”

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

8.4 33023 (11/POP-004811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a avaliación detallada da campaña do bono cultural lanzada en 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

8.5 33079 (11/POP-004818)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras de reparación do instituto de ensino secundario Alfredo Brañas, de Carballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

8.6 30398 (11/POP-004520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022



8.7 33831 (11/PUP-000252)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a recuperación do sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

8.8 26893 (11/POP-003841)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a finalidade das axudas para investimentos en pequenas e medianas industrias de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para o ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

8.933803 (11/PUP-000249)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de trasladar a sede nacional do Instituto Español de Oceanografía e de dividila entre Cantabria e Murcia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente saúda o grupo de alumnae TP^g `Pedo ciclo formativo superior de Administración e Finanzas e de Asistencia e Dirección do centro Rodolfo Ucha de Ferrol. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas fiscais previstas polo Goberno galego para facer fronte á situación actual. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)

Réplica do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do nivel da inflación en Galicia en relación coa media do Estado. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 24.)

Declaración institucional sobre a sede do Instituto Español de Oceanografía

O señor presidente dá lectura a unha declaración institucional, que é aprobada por asentimento, en relación coa sede do Instituto Español de Oceanografía. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfira o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 29.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 33.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 36.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 38.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 44.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 47.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Proyectos Hospitalarios Internacional, S. A. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a existencia dunha emenda do propio grupo autor da proposición. (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 56.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 59.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 62.)

O señor Pazos Couñago pide a palabra. O señor presidente concédelle a palabra logo de advertilo de que formou parte do debate, e o señor Pazos Couñago intervén para comunicar que non quere facer ningunha alusión senón entregar un informe, ao que aludiu na súa intervención, aos servizos da Cámara e que quede á disposición dos grupos parlamentarios. (Páx. 65.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola: *aprobada por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Míguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2023 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e nove deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación da Red Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaídos: *aprobada por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación do novo texto da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfire o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia: *rexeitada por 16 votos a favor, 38 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

A señora Prado Cores pide a palabra para recordarlle ao presidente que a proposición non de lei que se vota a continuación está autoemendada polo seu grupo. O señor presidente responde que, efectivamente, xa dá por suposto que o texto queda emendado e xa non o comunica. (Páx. 67.)

Votación do novo texto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Proyectos Hospitalarios Internacional S. A.: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 67.)

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 77.)



Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cobertura das baixas do persoal docente. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 79.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 85.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedrayo de Ourense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 88.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 90.)

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos e D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas para recuperar a liña e os horarios do servizo de transporte de viaxeiros por estrada XG80412 Santiago-Negreira. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 94.)

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto das solucións para os problemas de abastecemento de auga no sur da provincia de Pontevedra recollidas no estudo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil no documento *Estudo de alternativas e documento ambiental para a mellora do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra*. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 98.)

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación detallada da campaña do Bono Cultural lanzada en 2021. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 102.)



Pregunta de D. Daniel Pérez López e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras de reparación do Instituto de Ensino Secundario Alfredo Brañas, de Carballo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 103.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 105.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 109.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a recuperación do sistema sanitario público de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 110.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 111.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 113.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a finalidade das axudas para investimentos en pequenas e medianas industrias de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para o ano 2022. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 118.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de trasladar a sede nacional do Instituto Español de Oceanografía e de dividila entre Cantabria e Murcia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 120.)



Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 122.)

Antes de rematar a sesión, o señor presidente comunica algunhas decisións tomadas pola Xunta de Portavoces verbo da modificación dalgunhas medidas de prevención que se viñan aplicando neste período de pandemia no desenvolvemento das sesións, e agradece neste sentido a colaboración dos servizos da Cámara no labor de limpeza durante este tempo. (Páx. 123.)

Remata a sesión ás seis e vinte minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

En primeiro lugar, antes de pasar ao desenvolvemento da orde do día, que o primeiro punto é preguntas para resposta do presidente, queremos saudar os alumnos do ciclo formativo superior de Administración e Finanzas e de Asistencia e Dirección do centro Rodolfo Ucha de Ferrol, A Coruña. Benvidos e benvidas ao Parlamento. E tamén a todos os invitados que hoxe nos acompañan na tribuna.

E sen máis, comezamos coas preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia, de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas fiscais previstas polo Goberno galego para facer fronte á situación actual

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señor presidente da Xunta de Galicia.

Saúdo tamén o alumnado do Rodolfo Ucha de Ferrol e as persoas que nos acompañan.

Señor Núñez Feijóo, todo apunta a que esta vai ser a última pregunta que lle vou facer como presidente da Xunta de Galicia, que imos pasar dun presidente interino a un presidente en prácticas. Polo tanto, é momento de facer balance da Galicia que deixa vostede, señor Núñez Feijóo.

En materia de sanidade, hai un incremento negativo, como dirían vostedes —para que me entendan todos—: un recorte de persoal con todas as letras. En atención primaria, hai practicamente un saldo de mil facultativos menos dende o ano 2009; hai unha atención primaria que se atopa colapsada e cun enorme problema estrutural; hai oitocentas camas menos nos hospitais galegos dende que vostede chegou á presidencia da Xunta de Galicia, o que equivale a todas as que ten o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. En atención cirúrxica, as listas de espera son indecentes e incapaces de ser ocultadas.

En materia de educación, Galicia ten hoxe mil catrocentos profesores menos que no ano 2009. Neste tempo, iso si, vostedes eliminaron o programa de gratuidade de libros de texto e substituírono por un que resulta na práctica igualmente custoso pero que á súa vez dá menos servizo, e pecharon máis dun cento de unidades de centros escolares, iso si, públicos.

En política social, o panorama é desolador, pois practicamente setecentas mil persoas en Galicia están en risco de pobreza, un de cada catro, e temos un déficit de catorce mil prazas



en residencias de maiores. E non son datos que fixera o gabinete deste portavoz, senón a Asociación Estatal de Editores e Xerentes de Servizos Sociais. Hai un falseamento da realidade en listas de espera, posto que hai practicamente dez mil persoas que están pendentes de ser incluídas en algún sistema informático de seguimento desas listas de espera.

En materia de vivenda, a Comunidade Autónoma de Galicia é a última do Estado en porcentaxe de vivenda de protección pública sobre a vivenda construída.

En xuventude, deixa vostede unha Galicia sen futuro, co paro xuvenil máis alto en Galicia que en España.

No ámbito demográfico, cen mil persoas menos que no ano 2009, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, —insisto— non son datos do Partido Socialista de Galicia.

No ámbito económico, a poboación ocupada caeu case sesenta mil persoas durante o seu mandato, mentres creceu un millón en España, cunha taxa de actividade e ocupación moito peor en Galicia que no conxunto do Estado. Nos últimos cinco anos, o índice de produción industrial, caeu un 6,8 en Galicia, mentres se incrementada nun 3,3 en España, dez puntos de diferenza con respecto á media estatal. O IPC galego é superior ao estatal practicamente nun punto. E, señor Núñez Feijóo, Galicia ten neste momento seis mil catrocentos millóns de euros de débeda pública máis que no ano 2009; dous de cada tres euros que debemos as galegas e os galegos en débeda pública corresponden aos seus anos de goberno.

En política industrial, con independencia do afortunado anuncio de onte, non hai nada.

Os niveis de execución dos seus orzamentos ao longo destes trece anos deixan doce mil millóns de euros sen executar, o que na práctica equivale a que pechemos a Comunidade Autónoma de Galicia o día 1 de xaneiro deste ano e non fagamos nada ata o 1 de xaneiro do ano que vén. Ou para que nos entendan tamén: o equivalente a catorce hospitais Álvaro Cunqueiro.

Señor presidente da Xunta de Galicia, señor xa practicamente expresidente, vostedes, en vez de facer máis con menos, fixeron menos con máis.

En resumo, mil facultativos menos en atención primaria, oitocentas camas menos, mil catrocentos profesores menos, un de cada catro galegos en risco de pobreza e exclusión social, cen mil persoas menos que no ano 2009, catorce mil maiores galegos que non teñen praza en residencia e seis mil catrocentos millóns de euros de débeda pública. Esta é a grandes trazos a Galicia que vostede vai deixar.

E agora vostede anda por España adiante dando leccións de política fiscal. E por iso, señor Núñez Feijóo, pídolle que me aclare neste momento que medidas vai tomar o seu goberno dentro do ámbito autonómico para facer fronte á situación actual no ámbito fiscal.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.



Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Benvidos, os alumnos de Ferrol.

Señor Álvarez, polo que podemos escoitar despois da súa pregunta, nada lle importan os asuntos fiscais, entre outras cousas porque dende que vostedes chegaron ao goberno o único que fixeron foi subir os impostos a todos os galegos e a todos os españois. *(Aplausos.)*

Señoría, di que a persoa que me substitúa no cargo da Xunta de Galicia, que terá que ser votada neste Parlamento, é un presidente en prácticas. Mire: calquera membro deste goberno ten máis experiencia de goberno que todo o Grupo Parlamentario do Partido Socialista xuntos, calquera deles. *(Aplausos.)* Polo tanto, iso de en prácticas debería vostede de reservalo.

Pero, como vén sendo habitual, señor Álvarez, debería vostede, dado que intúe que pode ser das últimas intervencións como presidente da Xunta, polo menos, dicir as cousas cun pouco de sentido común e, sobre todo, axustándose á realidade dos feitos.

Dende que chegamos ao goberno, Galicia foi a segunda comunidade autónoma con maior crecemento de PIB de España, entre o ano 2009 e o ano 2021. Dende que chegamos ao goberno, estamos en récord de exportacións en toda a historia económica do país; no último ano, 25.200 millóns de euros de exportación, cunha balanza positiva de máis de dous mil quinientos millóns de euros de superávit. Dende que chegamos ao goberno, vostedes no último ano destruían cincuenta e sete mil empregos, no ano 2008; hoxe hai xustamente cincuenta e sete mil empregos máis que cando chegamos ao goberno. A pesar de ter pasada a crise financeira e a crise da pandemia, hoxe hai máis xente apuntada nos traballos e menos xente apuntada nas listas de paro que cando vostedes estaban no goberno, e 1.028.000 afiliados á Seguridade Social.

Fala vostede de débeda pública. ¡Un membro do Partido Socialista falando de débeda pública! Incrementaron a débeda pública de España douscentos mil millóns de euros no ano 2020 e do ano 2021, e vén dar leccións de débeda pública. Señoría, somos a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública de España, *(Aplausos.)* a comunidade autónoma con menor incremento de débeda pública de España. Somos a segunda comunidade autónoma con menor débeda pública por habitante.

¿Non debería vostede aproveitar esta última pregunta súa ao presidente da Xunta de Galicia para polo menos dar algún dato real?

Señoría, fala vostede de educación, cincuenta e un mil matriculados máis en formación profesional, un cincuenta por cento máis; doce anos sen tocar as taxas universitarias, doce anos conxeladas.

Señoría, fala vostede de educación, e temos o mellor dato da historia da educación galega no fracaso escolar. Cando vostedes estaban no goberno, o 26 % dos estudantes non finali-



zaban os seus estudos, agora o 8,1 %. *(Aplausos.)* Señoría, ¿de verdade que vai seguir falando dos datos como lle peta?

Fala vostede de sanidade, oitocentos millóns de euros máis en investimento sanitario. Fala vostede de plantilla, un dezasete por cento máis de persoal sanitario que cando chegamos ao goberno.

Fala vostede de listas de espera, e queda tan campante, se nin sequera recordan as listas de espera que tiñan vostedes. Mire: na prioridade 1, que son as patoloxías máis urxentes, a lista de espera baixou un sesenta e dous por cento, e na prioridade 2, e na prioridade 3... ¿Sabe por que, señoría? Nin sequera vostedes tiñan prioridades para atender a xente.

Señoría, noventa centros de saúde, un hospital público en Vigo novo, un hospital público e equipado novo en Lugo e todos os hospitais en construción, xa sexan en ampliacións ou remodelacións integrais, e vén vostede aquí dar clase da sanidade. E, ademais, fai unha incursión en servizos sociais....

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): ...catorce mil persoas cobrando a dependencia, sesenta e tres mil quiñentas agora. Os alumnos que nos están escoitando saben, señoría, que catorce mil é moito menos que sesenta e tres mil quiñentas. E parece que vostede o considera unha desgraza. O dobre de prazas de residencias, o dobre; o dobre de prazas de discapacidade.

Señoría, na taxa de pobreza, Galicia segue por debaixo da media de España, a pesar do Goberno socialista, que dende que chegou incrementou exponencialmente a taxa de pobreza en España.

Pero, señor Álvarez, ¿por que non me fala vostede de datos reais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): ...para poder manter unha conversa e unhas reflexións e poder aportar algo a Galicia?

Con todos os respectos, señor Álvarez, dende que chegamos ao goberno baixamos os impostos, e vostedes dende que chegaron ao goberno soben os impostos, incrementan o déficit e incrementan a débeda. Con máis impostos, máis déficit e máis débeda goberna calquera, incluso o Partido Socialista Obreiro Español.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez Martínez.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Núñez Feijóo, algo avanzamos, polo menos acaba de dicirme vostede que esta é a última pregunta que lle fago; ergo, vai presentar a dimisión antes do próximo pleno. Algo avanzamos.

E con respecto ao señor Rueda, non mo considere vostede, señor Rueda, unha falta de respecto senón unha deformación profesional. Cando un asume unha nova responsabilidade, dende o punto de vista funcional, pasa a estar en prácticas. Non quero dicir con iso que vostede non leve no Goberno da Xunta de Galicia anos.

Señor Núñez Feijóo, vén vostede aquí neste tempo de desconto presentarse como un xestor immaculado. E os datos que lle dei, como se ve, por moito pouco éxito, son datos reais. Eses mil facultativos menos en atención primaria son datos oficiais, esas oitocentas camas menos nos hospitais galegos son datos oficiais, eses mil catrocentos profesores menos son datos oficiais. Que saque vostede peito dunha redución do fracaso escolar, cando é unha redución paralela de todo o Estado, como se isto fose unha singularidade, é para que llo fagan mirar. (*Aplausos.*) Un de cada catro galegos, señor Núñez Feijóo —e non son datos do Partido Socialista de Galicia— está en risco de pobreza. Temos cen mil persoas menos que no ano 2009. Hai catorce mil persoas que non teñen praza en residencia porque hai ese déficit; por moito que, evidentemente, para o alumnado —que son dun ciclo superior e hailles que ter un pouco máis de respecto— claro que saben que sesenta mil é bastante máis que catorce mil. Iso é unha obviedade que non oculta o déficit que existe de prazas en residencias públicas.

E, señor Núñez Feijóo, queira ou non queira admitilo —porque son datos que se poden contrastar oficialmente por múltiples fontes— hai un incremento de débeda de seis mil catrocentos millóns de euros que corresponden aos seus gobernos.

Mire: vostede ten capacidade normativa sobre dez figuras impositivas que, evidentemente, non teño tempo para relatar pero que vostede coñece perfectamente. E resulta que vostede está facéndolle unha serie de propostas ao Estado, pero aquí dentro do seu propio ámbito normativo non hai o máis mínimo atisbo de que teña intención de facer ningunha das modificacións que lle está propoñendo ao Goberno central.

Señor Núñez Feijóo, sería bo que anunciase nesta última rolda, no que se refire á miña pregunta parlamentaria na sesión de control, se vai vostede adoptar algunha medida dentro do amplo marco competencial que ten vostede no ámbito impositivo da comunidade autónoma. Gustaríame, por exemplo, que anunciara vostede que vai eliminar esa bonificación do 25 % do imposto do patrimonio, porque, evidentemente, sabemos a quen beneficia, que non é ao común das galegas e dos galegos.

Tamén me gustaría moitísimo, señor Núñez Feijóo, que vostede anunciara solemnemente —como lle gusta dicir— neste Parlamento se forma parte da política que vostede está propoñendo para o Estado a redución á desindexación das pensións do IPC. Sería bo que vostede desmentise publicamente que dentro dese programa non existe a máis mínima



intención, para que todas as galegas e os galegos e todas as españolas e os españois se tranquilizasen e puidesen valorar que non existe esa intención por parte da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Tamén me gustaría moito que vostede neste momento anunciara para todo o estado se mañá van apoiar no Congreso dos Deputados a convalidación dunhas medidas que favorecen directamente a todos os españois e españolas, porque supoñen unha redución no custo da electricidade, supoñen unha redución nos combustibles que repostamos todos os días. E, polo tanto, se van vostedes mañá...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...darlle ao botón verde no Congreso dos Deputados, e ver se é capaz de facer este anuncio ou lle quere deixar o protagonismo ata o último momento á señora Gamarra.

Señor Núñez Feijóo, eu lamento profundamente que este sexa o balance que deixa vostede logo de trece anos de goberno. Podo entender que os datos poden ser intepretables e que poden verse de distintas maneiras, pero a realidade —por moito que vostede aquí o argumente dende outro punto de vista— é que estes datos que acabo de dicir son reais, son contrastables e, desgraciadamente, responden...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...á herdanza que vostede deixa logo de trece anos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...de goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...nesta comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Álvarez, vostede insiste e persiste en facer unha análise nesgada e lamentablemente —téño que dicir dende a máis absoluta cordialidade— con datos falsos.



Mire: cando chegamos ao goberno a débeda pública de Galicia era a cuarta máis alta de España, e hoxe é a terceira máis baixa de España do réxime común. Cando chegamos a Galicia, señorías, os galegos debiamos máis que a media dos españois, e hoxe un galego debe uns tres mil euros menos que a media dos españois. Por iso somos a segunda comunidade autónoma con menor gasto por habitante, e por iso somos a primeira comunidade autónoma con menor incremento de débeda nos últimos doce anos. Un pouco de respecto polo menos para os alumnos que nos están escoitando, porque os que estamos aquí sabémolo todos, salvo vostede.

Señor Álvarez, con todos os respectos, fala vostede de profesores. Vostede, que é profesor —ou polo menos era inspector educativo—, sabe perfectamente que Galicia é o lugar con máis profesores por alumno de España, e, sen embargo, omite ese dato. ¿Por que? Porque beneficia a Galicia e o que beneficia a Galicia parece ser que prexudica o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Señor Álvarez, con todos os respectos, cando fala de débeda oculta que nos deixaron dous mil millóns de euros de facturas sen pagar nos caixóns; iso vostede ocúltao. Pagamos os dous mil millóns, endebedámonos menos que ninguén e deixamos de emitir cinco mil setecentos millóns de euros de débeda, que poderíamos emitir só para equipararnos á media das comunidades autónomas. ¿Por que oculta todos eses datos? ¡Non ten ningún sentido! ¿É que acaso lles mandan a vostedes facer unha sesión de control no Congreso dos Deputados no Parlamento de Galicia? Eu respecto a Galicia e vou falar de Galicia. *(Murmurios.)* Se quere vostede falar dos problemas que teñen vostedes con Esquerza Republicana ou con Bildu, equivócase de sesión, señoría. *(Risos.) (Murmurios.)* Equivócase de sesión e de aliados parlamentarios. *(Aplausos.)*

Señoría, dicir que non baixamos os impostos, cando baixamos seis veces durante seis anos o imposto de transmisións e actos xurídicos documentados, cando baixamos catro veces o imposto de sucesións, cando baixamos seis veces o imposto da renda das persoas físicas e dúas veces o imposto de patrimonio. Iso si, sempre que baixamos impostos, contamos co voto negativo do Partido Socialista Obreiro Español.

E cando pregunta vostede que imos facer en materia impositiva e se o que propoñemos aquí é distinto do que propoñemos en Madrid. Non, señoría. Antes de empezar a desculpa da guerra ucraína baixamos os impostos. En outubro do ano pasado trouxemos unha rebaixa fiscal, e vostedes na Lei de presupostos volveron votar en contra. ¿E que significa a rebaixa fiscal? Volver baixar o imposto da renda das persoas físicas, baixar un dez por cento o imposto de transmisións patrimoniais e un vinte e cinco por cento a cota do imposto de patrimonio.

Falan vostedes do imposto de patrimonio, pero recordarán aquela frase e aquela decisión de que «baixar impostos era de esquerdas», Partido Socialista Obreiro Español, señor Rodríguez Zapatero. Pero non só baixaron o imposto de patrimonio, é que o suprimiron na súa totalidade. ¿De verdade que os alumnos pensa vostede que non se enteran e os parlamentarios tampouco? Señor Álvarez, con todos os respectos, o que acaba de facer vostede para despedirse é algo francamente sorprendente. Esperaba que vostede tivera un pouco máis de nivel parlamentario para que puideran salvar un pouco os mobles nesta pregunta, que non



deixa de ser a cronoloxía dun Partido Socialista de Galicia desnortado, señoría. Deixaron de ser un partido de estado en Madrid e aquí deixan de ser un partido galego. Exactamente, ¿que son vostedes?

Con todos os respectos —e vólvollelo reiterar—, votaron en contra de baixar o imposto da renda. Hoxe un galego paga 403 euros menos no imposto da renda do que pagaban con vostedes. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Un vinte e dous por cento de rebaixa do imposto da renda ás rendas baixas é a asignatura do Partido Popular de Galicia en materia fiscal. E vostedes sempre en contra de que se baixen os impostos ás rendas medias e baixas, en Madrid e en Santiago; aí non cambian.

Con todos os respectos, nós imos seguir traballando. Mire o incremento de impostos do Partido Socialista Obreiro Español: subida do IRPF, redúcese o límite deducible das achegas aos plans de pensións, subida do imposto de sociedades, subida do imposto de matriculacións, subida da cota de autónomos, subida do imposto de transmisións patrimoniais ao facer referencia ao índice catastral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Pero vostedes realmente veñen aquí propoñer unha baixada de impostos cando o único que fan é subir impostos, subir débeda e incrementar o déficit?

Este goberno vai seguir traballando con independencia de quen sexa o seu presidente, porque este goberno foi elixido nas urnas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso mañá aprobaremos un novo proxecto de lei, o de áreas empresariais; espero que teña o visto e prace do Partido Socialista.

Por certo, agradézolle que nos felicítase por Altri, (*Murmurios.*) é un bo plantexamento. Mentres vostedes pechan Alcoa, nós abrimos Altri.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(*Aplausos prolongados.*)



Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do nivel da inflación en Galicia en relación coa media do Estado

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Feijóo, alégrome de que hoxe as súas novas ocupacións como presidente do Partido Popular lle permitan estar en Galiza nesta sesión de control. *(Risos.) (Aplausos.)* Sobre todo porque estamos en plena crise de prezos e hai miles de galegos e galegas que non chegan á fin de mes nun país que ten dos salarios e das pensións máis baixas de todo o Estado español. E todas e cada unha desas persoas pagan os seus salarios, señor Feijóo, mentres vostede pasa máis tempo en Madrid ocupándose do Partido Popular que en Galiza ocupándose dos problemas dos galegos e das galegas.

Por se non seu deu de conta, porque fixo unha intervención que parece que vive noutra planeta: aquí hai unha crise brutal, señor Feijóo. Os prezos están descontrolados... *(Murmurios.)* Si, si, temos a maior crise de prezos en corenta anos, e a situación en Galiza é peor porque temos un IPC máis alto que a media estatal; concretamente, sete décimas máis alto, señor Feijóo. En doce meses, a calefacción, a luz e a auga subiron o 63 %, o aceite subiu o 32 %, produtos básicos na cesta da compra de calquera familia —falamos de leite, falamos de ovos, falamos de carne, falamos de peixe— subiron un dez por cento. ¿Que salario soporta isto, señor Feijóo? O dos traballadores e das traballadoras non, xa llo digo eu.

Temos ademais unha refinería na Coruña, pagamos os custos ambientais, pero temos a gasolina máis cara de todo o estado. Temos catro mil muíños de vento nos nosos montes, temos os nosos ríos cheos de encoros, pagamos os custos ambientais, pero non temos ningún tipo de beneficio na factura da luz. *(Murmurios.)* A min, señor presidente, gustaríame poder facer a miña intervención. *(Murmurios.)* Non sei se están nerviosos e nerviosas no Partido Popular, pero... *(Murmurios.)* En fin, democracia, ¿non? *(Aplausos.)* E mentres o Goberno do Partido Popular veta a tarifa eléctrica galega e veta calquera subida de impostos ás eléctricas, que esas si que se están forrando nesta crise. E vostede négase a que aporten máis para sufragar esta crise e axudar a quen peor o está pasando. *(Aplausos.)*

O que nos propón é unha baixada de impostos para seguir debilitando o público, para seguir debilitando a sanidade, a educación, os servizos públicos; en definitiva, para seguir debilitando o estado de benestar. Señor Feijóo, non hai que baixarlles os impostos aos máis ricos, como fai vostede como presidente da Xunta, senón que hai que tomar medidas para evitar o empobrecemento da clase traballadora, apoiar os sectores produtivos e poñer en marcha cambios estruturais que nos permitan darlle un futuro mellor á xente deste país, incluídos os alumnos e as alumnas de Ferrol, que teñen dereito a poder mirar con esperanza o seu futuro. *(Aplausos.)*

Señor Feijóo, vostede nin está nin se lle espera, porque non é que levemos tres meses sen presidente, é que levamos trece anos cun goberno do «non», do «non» a todo o que sig-



nifica a defensa dos intereses de Galiza; un goberno que ten como único obxectivo manterse no poder custe o que custe. Deixa, señor Feijóo, unha Galiza peor da que encontrou, e para que nada falte vaise despedir coa maior crise de prezos en corenta anos.

E por iso hoxe pregúntolle, señor Feijóo: ¿como valora que os prezos en Galiza sexan máis altos que na media do Estado?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Aplausos.)

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, levo dezaseis anos continuados en todas as sesións de control, tanto na oposición, cando nos deixaban facer unha pregunta ao goberno, e vostedes, que estaban no goberno, preguntábanlle dúas veces ao goberno. Eran as sesións de control das que todos estabamos sorprendidos. ¿Imaxínase vostede que un grupo con trinta e sete escanos, a maioría absoluta menos un, só poida preguntar ao presidente do goberno dúas veces ao mes, e os grupos que apoian o presidente do goberno lle preguntaban catro veces ao mes? Esas eran as sesións de control das que fala a señora Pontón. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, xa sei que ao BNG non lle gusta isto de formar parte de España. E por iso cando sobe a inflación en Galicia é por culpa dos galegos. Iso si, cando sobe a inflación en Galicia como no resto de España tamén é por culpa dos galegos. Pero non de todos os galegos, dos galegos que non votan ao BNG, porque os galegos que votan ao PP tamén somos culpables.

Efectivamente, temos un IPC desmadrado, co incremento de prezos maior dos últimos corenta anos. Un corenta por cento máis que a media da Unión Europea, e vostedes calados, seguindo apostando ao goberno, que é o máximo responsable desta situación, gobernando con eles en todas as institucións, nos concellos, nas deputacións. E vén aquí intentar salvar a cara, responsabilizar un grupo parlamentario e un partido que están pedindo rebaixar os impostos das rendas medias e baixas para que non teñan que pagar dúas veces polo mesmo, *(Aplausos.)* o dobre: unha vez polo incremento dos prezos e outra vez polo incremento dos impostos sobre os prezos. E vostedes din que iso é non protexer as clases traballadoras. Mire, señoría: incrementar os prezos un dez por cento e non baixar os impostos é destruír a capacidade de chegar á fin de mes das clases traballadoras. E vostedes son simplemente cómplices, cómplices desta situación.

Se un litro de gasolina valía un euro e agora está chegando a dous, a recadación é o dobre. E nós simplemente pedimos que se soben os prezos, polo menos os impostos non suban na mesma proporción.



O Goberno de España leva recadado sete mil quiñentos millóns de euros máis nos dous primeiros meses. Pedimos que, polo menos, ese diñeiro que recadou de máis o traslade ás rendas medias e baixas, e vostedes opóñense. Iso si, polo menos conseguín que vostedes me descualifiquen por pedir unha rebaixa de impostos, cando o Partido Socialista me di que non rebaixe os impostos. É perfectamente a coalición governamental da oposición.

Pero, con todos os respectos, señora Pontón, en Galicia sobe o IPC algo máis polo problema da enerxía. Efectivamente, baixan os prezos dos alimentos en relación co incremento de España, pero soben por riba da media de España os prezos das enerxías. ¿E por que? Por unha transición desordenada, improvisada e inxusta. Mentres Alemaña está incrementando o número de centrais térmicas, en España pecháronse todas. Mentres o resto dos países non desenchufan a enerxía, mentres non enchufen enerxías novas, en España desenchufamos as enerxías que funcionaban e aínda non temos as novas.

E agora parece ser que chegaron a un proxecto en relación cos prezos do gas. Estaremos moi atentos, señoría. ¿Quen vai pagar eses cinco mil millóns de euros? ¿Vano pagar aqueles que teñen contratos a longo prazo? ¿Canto deses cinco mil millóns de euros imos ter que abaratar a enerxía aos nosos veciños franceses? ¿Esta rebaixa do prezo do gas supón tamén rebaixar o prezo da enerxía que exportamos a Francia?

Señoría, explíquenos moi ben que fan os seus socios.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dado que os seus socios non o queren explicar, ao mellor, o BNG que goberna con eles, pódenolo explicar.

Señoría, eu estou aquí para defender a Galicia, (*Murmurios.*) e non vou facer outra cousa que defender a Galicia. E non vou, dende logo, entrar en contradicións dicindo unha cousa en Galicia e outra en Madrid. (*Murmurios.*) Pero o que é peor, señorías: dicindo unha cousa no Parlamento de Galicia en contra do Partido Socialista e gobernando co Partido Socialista en todos os concellos e en todas as deputacións de Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, creo que os alumnos e as alumnas de Ferrol acaban de ver un exemplo práctico do que é o *escaqueo feijooniano*. Desde logo, vostede hoxe fixo unha intervención na que deixa moi claro que veu aquí facer de líder do Partido Popular, e nin tan sequera na súa última sesión de control exercer como presidente de Galiza. (*Aplausos.*)

E é todo un retrato que veña aquí dicir que no medio da maior crise o presidente da Xunta cre que a culpa é dos galegos e das galegas. (*Murmurios.*) Si, si, foi o que dixo vostede na súa intervención. Ben, e do BNG, do BNG tamén, por suposto, porque todo o que pasa no mundo



é culpa do BNG. Claro, vostede goberna Galiza durante trece anos, e ningunha responsabilidade, pero cada vez que hai un problema colle o comodín do BNG. En fin, escaqueo puro e duro, señor Feijóo.

E claro que sobe a luz. ¿Sabe por que entre outras razóns? Por unha reforma eléctrica que fixo o Partido Popular en 2013. ¿E o seu legado sabe cal é? Seguir abrazado ao *lobby* eléctrico (*Aplausos.*) e impedir que os galegos e as galegas nos beneficiemos da nosa riqueza eléctrica. Ese é o seu legado, señor Feijóo.

E, claro, ¿vostede baixou impostos? Si, sobre todo aos máis ricos. Pero tamén baixou outras cousas: baixou o número de médicos e médicas, baixou o número de profesores e profesoras, baixou os orzamentos dunha atención primaria colapsada, (*Aplausos.*) baixou o investimento en ciencia e innovación, baixou os servizos no rural, pechou cento dez escolas unitarias e vaise despedir sen construír unha soa residencia pública neste país. Ese, señor Feijóo, é o seu legado: baixarlles a calidade de vida aos galegos e ás galegas e debilitar o público.

Este país merece algo mellor que un Partido Popular que en trece anos nos deixa unha Galiza peor da que encontrou, con menos emprego, con menos industria, con menos sanidade, con menos xente nova e con menos igualdade.

Son vostedes o partido do «non», do «non» a todo o que significa a defensa dos intereses de Galiza. E este país merece un goberno que lle diga si, (*Murmurios.*) que lle diga si a Galiza, si a darlle un futuro á xente nova, si á sanidade e á educación públicas, si á industria sustentable, si á igualdade de oportunidades, si ao feminismo e si a unha vellez digna. En definitiva, que lle diga si a unha Galiza con futuro.

Señor Feijóo, vostedes pode ser que non se deran conta, pero é que o Partido Popular é o pasado e, evidentemente, o primeiro en deixar o barco en Galiza é vostede (*Murmurios.*), señor Feijóo. Porque saben que o cambio galego está en marcha, porque claro que hai fame de cambio neste país, señor Feijóo. En Galiza hai fame de cambio, e desde o BNG aspiramos con toda humildade, pero con toda ambición de país, a liderar ese cambio para darlles un futuro mellor aos galegos e ás galegas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, se me permite, para finalizar, señor presidente do Parlamento, eu creo que as formas en política tamén son importantes. E hoxe parece ser que é a última sesión de control na que vai estar aquí o señor Feijóo e, polo tanto, gustaríame poder transmitirle, deixar aquí o meu respecto institucional como presidente da Xunta. Eu teño un enorme respecto polo meu país, polas súas institucións e quero deixar patente ese respecto. Quero desexarlle tamén o mellor no persoal, ten que entender que non podo desexarlle éxitos no político, pero si toda a sorte e o mellor no persoal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Galicia hoxe ten cinco mil quiñentos millóns de débeda menos do que lle correspondería simplemente por equipararse á media da débeda do resto das comunidades autónomas. E baixamos os impostos aos galegos mil douscentos millóns de euros; ás rendas baixas un vinte e dous por cento no imposto da renda. Se suma vostede a menor débeda e os menores impostos, deixamos Galicia e aos galegos con sete mil millóns de euros máis nos seus petos, nos seus patrimonios, nas súas economías familiares. Ese é o resultado dunha política que só ten como compromiso os fogares galegos.

Señora Pontón, por un momento pareceume que lle pasara as preguntas o señor Álvarez, porque fixo vostede calquera tipo de consideración pero non da inflación. Porque sabe perfectamente que as comunidades autónomas practicamente non temos instrumentos para rebaixar o prezo da luz, é dicir, ningún. E un dos problemas do IPC español é o incremento dos prezos enerxéticos. Pero vostedes calabán cando pechaban as centrais térmicas, non só calabán, senón que aplaudían. E vostedes cada vez que queremos facer un parque eólico móntannos unha plataforma. E cada vez que queremos falar de convivir a pesca e o marisqueo coa enerxía eólica mariña móntannos outro problema. (*Murmurios.*) E a pregunta é: ¿realmente cal é o seu proxecto?, ¿a enerxía eólica, a enerxía renovable, a enerxía hidráulica, a enerxía térmica? Vostedes o proxecto que teñen é simplemente desgastar o Goberno da Xunta de Galicia, iso si, salvo que vostedes gobernen. Pero iso non é un proxecto de país.

Señora Pontón, ¿non fixemos ningunha residencia? Están sete facéndose, sete, simultaneamente. (*Murmurios.*) Cento trinta millóns de euros. E como conseguimos que un galego financiasse esas residencias, resulta que iso non ten mérito. (*Murmurios.*) É unha pena, señoría, que vostede teña esta visión da vida. Se hai un galego que quere poñer á disposición da sociedade galega cento trinta millóns de euros e construír simultaneamente esas sete residencias, iso merece un aplauso unánime da cámara, señorías. (*Aplausos.*)

Pero, señoría, no ano 2016 fomos pioneiros en axudas para evitar os custos de subministración de luz; no ano 2017 aprobamos unha Lei de eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, e neste ano 2020 volvemos ser os primeiros de toda España en suplementar o Bono Térmico con 100 euros. Todo en contra do BNG.

Durante os seus anos ás eléctricas puxéronlles unhas multas de 97.000 euros. Durante as nosas lexislaturas, para protexer os consumidores, as eléctricas foron multadas con 26 millóns de euros. Iso é non ter máis obxectivos que defender o interese xeral, señoría.

Pero fagamos un pequeno repaso sobre que fixemos nós para as políticas das rendas máis baixas. Mire: eliminar calquera tipo de incremento dunha taxa universitaria os últimos doce anos. Iso supón para as familias aforrar máis de mil douscentos euros por fillo.

¿Que fixemos nós? Cero impostos no rural. A única comunidade autónoma de España dende o ano 2016. Cento vinte e tres mil vendas ou compras se fixeron con cero impostos. ¿Vostedes están en contra disto, de poñer cero impostos no rural?



¿Que fixemos? Non pagar polas herdanzas, o 99,9 % dos galegos.

¿Que fixemos? Que os rapaces que viven fóra das cidades poidan viaxar gratis por toda Galicia. Os de menos de 21 anos no transporte interurbano. Xa sei que no urbano non; onde gobernan vostedes aí non lles fan descontos. (*Murmurios.*) No interurbano si, señoría. (*Aplausos.*) Cento sete mil mozos.

¿Que fixemos, señoría? Non cobrar as escolas infantís a ningún fillo ou filla de Galicia. (*Próncianse palabras que non se perciben.*)

Esas son as políticas fiscais concretas. Por iso sorpréndeme, señoría, que veña vostede aquí dar leccións de como podemos protexer as rendas baixas e as rendas medias, facendo estas políticas fiscais.

Señoría, volvo reiterar: se temos unha inflación do dez por cento e temos un incremento da recadación de sete mil quiñentos millóns de euros, ¿por que non devolvemos a parte dos impostos consecuencia da inflación a aqueles traballadores que acaban de pagar o dobre de impostos como consecuencia do incremento dos prezos?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Por que vostede está en contra disto? Explíquello aos traballadores. Se un traballador que pagaba un litro de diésel a un euro e agora está rozando os dous, ¿por que ten que pagar 42 céntimos de euro? O lóxico era pagar como máximo o que pagaba antes, os 21 céntimos. Mire: en Italia, o señor Draghi, que de economía sabe un pouco máis que o señor Sánchez, rebaixa o IVE do gas e da electricidade ao 5 %. En España, o IVE do gas está ao 21 %. E agora resulta que fixeron vostedes un acordo, imos estudar o acordo. Imos ver quen paga os cinco mil millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non vaia ser que paguen os cinco mil millóns de euros do gas aqueles que tiñan contrato para varios anos a prezos baixos e agora vanllos subir, porque entón fariamos o ridículo europeo.

Con todos os respectos, señora Pontón, creo que as nosas políticas fiscais as coñece Galicia, e Galicia sabe perfectamente o que fai, e o que fai Galicia é votar cada catro anos e ter unha democracia exemplar, unha estabilidade exemplar, unhas institucións que protexe, un Estatuto de autonomía que defende e unha Constitución española que cumpre. Por iso, non temos ningún compromiso con aqueles que non teñen ningún interese polo Estado, nin teñen ningún interese pola unidade da nación española. E por iso creo que vostedes se meten na senda de Bildu, de Esquerra Republicana, e é un fraco favor ao país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Non leven as mans á cabeza. Vostedes van aos mitins de Esquerza Republicana e de Bildu, e agora resulta que levan as mans á cabeza; ¡non vaian!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): É bastante sinxelo; non vaian, señorías.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Señoría, eu percibín nas últimas sesións de control que teñen vostedes algo de présa en botarme. Eu pido que respecten o pobo. Miren: eu respecto a Galicia, é perfectamente compatible ser presidente da Xunta e presidente dun partido; éo, señora Pontón. A señora Pontón é portavoz dun partido nacional. Eu tamén teño dereito a selo, ¿non? *(Aplausos.)*

Non obstante, señoría, entendín dende o primeiro momento que non chegan vinte e catro horas ao día para dedicarse a Galicia. Por iso, dende o primeiro momento que asumín a responsabilidade, este mes, non hai tres, dos que fala a señora Pontón, non este mes, o día 2, coa Semana Santa polo medio, entendín que teño, por suposto, que poñerme á disposición deste Parlamento. Creo que deberían vostedes respectar o país, respectar un traspaso correcto, unha sesión de investidura correcta, cumprir os regulamentos, cumprir a Lei da Xunta e o seu presidente. Iso é o respecto a Galicia.

En todo caso, señorías, esta non será a miña última intervención como presidente da Xunta, esta será a miña derradeira intervención como presidente da Xunta, porque esta semana presentarei a miña dimisión como presidente de Galicia.

Señorías, pido un minuto de clemencia ao presidente do Parlamento, dado que será... *(Murmurios.)* ¿De verdade que non me deixan vostedes despedirme? ¿Ata aquí chega a oposición construtiva, señoría? A verdade é que así é moi difícil. Señora Pontón, poña un pouco de orde nas bancadas de arriba porque están un pouco alteradas.

Eu quero, en primeiro lugar, manifestar o meu recoñecemento a todos deputados e deputadas cos que tiveron a ocasión de traballar con eles, a todos, sen excepción. Quero tamén dunha forma concreta mostrar o meu respecto aos dezasete voceiros cos que tiveron ocasión de debater nos últimos trece anos, do Partido Socialista e do BNG. Recordo dunha forma especial ao señor Jorquera, ao señor Leiceaga, ao señor Méndez Romeu, a todos eles, aos dezasete. E recordo, como poden vostedes imaxinar, aqueles cos que participei, tanto o señor Ruíz Rivas como o señor Pedro Puy. E estoulles moi agradecido, aos da oposición e, por suposto, aos que apoiaron o Goberno.

Quero agradecer dunha forma expresa a este grupo parlamentario, os grupos parlamentarios que saíron directamente das urnas. É a democracia limpa, é a democracia na que creo, é a democracia dos votos, é a democracia da soberanía do pobo; nesa eu creo. E sempre que governei, governei directamente cos votos das urnas. Por iso o meu respecto a este grupo parlamentario. *(Aplausos.)*



Quero mandar unha gratitude especial e infinita a Galicia. ¿Por que? Polo cariño que recibín sempre de todos os galegos e de todas as galegas, sen excepción. Se estou aquí, se estiven aquí neste escano durante trece anos, e neste escano de arriba durante tres anos e medio, é porque os galegos e as galegas confiaron en nós e confiaron en min.

Con sinceridade pido desculpas por todos os erros que cometín, que seguro que foron algúns máis dos que me gustaría. E pido desculpas por calquera tipo de expresión que utilizara que a vostedes non lles gustara ou consideraran excesiva. Dende logo, non espero ningunha desculpa sobre as que utilizaron sobre min, están no *Diario de Sesións*.

E con humildade vou defender os acertos, os acertos da sociedade galega, non os acertos do Goberno do Partido Popular nin do grupo parlamentario, nin meus, os acertos da sociedade galega na pandemia, na crise económica, na crise financeira e tamén os acertos da comunidade educativa e da comunidade sanitaria.

E con determinación pido a todos os deputados e deputadas da cámara, e moi especialmente aos que teñen responsabilidades de goberno, que o único compromiso que teñan sexa os intereses de Galicia, ningún outro.

E a pesar dos ardentes debates que se producen no hemiciclo, eu agradezo a despedida que me brinda a señora Pontón. Seguro que o señor Álvarez tamén a quería facer, pero non lle deu tempo. Polo tanto, síntome moi reconfortado con ese recoñecemento nos últimos segundos.

Quero dicirlles, señorías, que dende estas bancadas fun feliz por defender os intereses de Galicia, e só utilicei dous escanos: este como xefe da oposición e estoutro como presidente da Xunta. Verán vostedes que cando se está no goberno se baixa un escano porque hai que incrementar a obriga do goberno coas responsabilidades dos galegos e poñernos ao servizo de todos os galegos, estean ou non estean de acordo cos nosos planxamentos.

Quero insistir: dende estas bancadas fun feliz, levo con orgullo a miña condición de galego alá onde estea, e pódolles asegurar que do mesmo xeito que servín aos galegos durante estes últimos anos seguirei servindo aos galegos alá ou acolá, porque todos os que estamos aquí, e eu o último, e neste caso o primeiro, seguirei servindo a terra nai.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Logo desta emotiva despedida, eu tamén lle desexo moita sorte, presidente.

Declaración institucional sobre a sede do Instituto Español de Oceanografía

O señor PRESIDENTE: E agora imos proceder á lectura dunha declaración institucional sobre a sede permanente do Instituto Español de Oceanografía. É un acordo de todos os grupos e paso a lela:



«Diante da decisión adoptada polo Goberno español, que deixa a Galicia sen a demandada sede das áreas de investigación do IEO, Instituto Español de Oceanografía, de Vigo e A Coruña, o Parlamento de Galicia súmase á voz unánime de todo o sector do mar e do conxunto da sociedade galega para reclamar das autoridades estatais unha rectificación e que Galicia albergue as sedes de pesqueiras e acuicultura polo importante labor científico que os centros oceanográficos de Vigo e A Coruña levan desenvolvendo ao longo dos anos.

Os centros do IEO radicados en Galicia están entre os de maior tamaño de todos os do Estado. Neles traballan máis dun cento de persoas, que desenvolven un grande esforzo investigador no ámbito pesqueiro e no acuícola, convertendo estes centros nos que teñen unha maior traxectoria neste campo.

O Centro Oceanográfico de Vigo, en sinerxía co da Coruña, e os centros oceanográficos de Portugal e doutros estados e entidades internacionais traballan man a man co sector pesqueiro e acuícola galego, garantindo unha pesca sustentable e situando o sector do mar como un sector estratéxico para a economía e o emprego de Galicia.

Vigo é un importante polo de investigación da pesca, do que forman parte o propio IEO en Vigo xunto co Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC de Bouzas, o futuro campus do mar e toda a investigación que se desenvolve nas distintas universidades e outras administracións galegas.

Cuestión semellante acontece co centro radicado na Coruña, o que fai que esta comunidade e os seus centros do IEO sexan idóneos para acoller a sede permanente de pesqueiras ou acuicultura do Instituto Español de Oceanografía.

Esta cuestión afectaría, seguro, de forma positiva o complemento da demanda da intensificación da relación co sector marítimo pesqueiro e da coordinación cos labores que neste campo se levan a cabo desde o eido autonómico, afondando así na influencia que se pode facer sobre entidades de investigación e asesoramento científico para o marco decisorio europeo e internacional.

En todo caso, a capacidade de traballo e achega positiva do labor do IEO depende en boa maneira do seu sustento económico e organizativo; cuestión clave que levan demandando tanto o persoal como o Goberno e o propio Parlamento de Galicia. Xa que logo, e con carácter paralelo a cuestión da erradicación da sede da investigación ou da propia sede da institución oceanográfica, faise necesario o desenvolvemento dunha planificación de recuperación estrutural do instituto; cuestión sen a cal o seu labor carecería de futuro.

Santiago, 22 de abril de 2022.>>

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Aprobada por asentimento.*)

O señor PRESIDENTE: Continuamos co seguinte punto da orde do día, proposicións non de lei.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfire o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a destinar, neste ano 2022, o 50 % da recadación cedida polo Estado dos impostos sobre hidrocarburos a un plan de axudas urxentes para axudar a facer fronte á alza dos prezos dos combustibles aos sectores económicos galegos máis afectados por este incremento.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Daniel Pérez López, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a destinar o 50 % da recadación do imposto de hidrocarburos cedida polo Estado a bonificar ao sector do transporte e aos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, especialmente afectados pola suba indiscriminada do prezo dos combustibles.

O Parlamento galego insta o Goberno do Estado a establecer de inmediato mecanismos de control do prezo dos hidrocarburos, con medidas como a redución temporal dos impostos dos combustibles, así como a fixación de prezos máximos para a súa comercialización.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Acabamos de ver no que foi a sesión de control ao presidente da Xunta de Galicia como o propio presidente da Xunta de Galicia amosou cal é a maneira de gobernar por parte da Xunta



de Galicia, sobre todo dende xuño de 2018. O xeito que ten a Xunta de Galicia de gobernar é afastarse, dicir que non ten competencias e todo é criticar o Goberno central. Ese é o xeito que ten o que é de momento presidente da Xunta de Galicia para gobernar Galicia.

Porque incluso hoxe chegou a poñer en cuestión e dicir os riscos que pode haber ante un logro acadado no día de onte polo presidente do goberno, polo presidente de Pedro Sánchez, xunto con Portugal, que conseguiron o visto bo de Bruxelas para atopar o prezo do gas, e que isto permitirá tamén ter unha rebaixa da luz. (*Aplausos.*) E hoxe incluso o presidente da Xunta de Galicia puxo isto en cuestionamento. Quería ver eu un tal M. Rajoy negociando isto en Bruxelas, porque ese si que ten feito o ridículo europeo en máis dunha ocasión. E, pola contra, xa temos visto como o presidente Pedro Sánchez é quen de liderar en cuestións importantísimas na Unión Europea, como foi o primeiro en propoñer eses fondos europeos, eses fondos Next Generation, que tamén chegan á nosa comunidade autónoma.

Pero, ben, estivemos moi acostumbrados a que o presidente da Xunta de Galicia puxera en cuestionamento determinadas decisións adoptadas por parte do Goberno de Pedro Sánchez, no que dicía que non ían chegar as bonificacións da AP-9 en xullo de 2021, e aí están; que non ía chegar o AVE no 2021, e aí está. (*Aplausos.*)

E centrándonos na iniciativa que hoxe traemos a debate, en vista de que moitos dos sectores económicos da nosa comunidade autónoma aínda están a sufrir as graves consecuencias desa pandemia e da covid-19 que estivemos a vivir, o certo é que a invasión de Rusia sobre Ucraína, ademais de ter provocado unha catástrofe humanitaria con milleiros de civís falecidos e con millóns de persoas desprazadas, pois acaba de provocar tamén unha alteración das economías da Unión Europea, que ten o seu traslado inmediato no incremento dos prezos dos combustibles en materias primas, o que afecta dun xeito moi forte sectores económicos estratéxicos da nosa comunidade autónoma, como son a pesca, a agricultura, a gandería e tamén o sector do transporte.

Onte falabamos das axudas que podería poñer en marcha a Xunta de Galicia para paliar as consecuencias que está a sufrir o sector pesqueiro coa suba indiscriminada do prezo dos combustibles; viamos como por parte da Xunta de Galicia se nos contestaba a semana pasada que só se ían axilizar as axudas xa concedidas, que non se ían dar unhas axudas específicas para atallar e para axudar o sector nesta alza do prezo dos combustibles. E dicíanos ademais que non ían dar estas axudas directas porque estas entrarían en confrontación coas axudas que si puxo enriba da mesa o Goberno de España para o sector pesqueiro e porque, ademais, o propio sector pesqueiro non llelles estaba a pedir. Pero vimos como recentemente a Federación Nacional de Confrarías pedía ás distintas administracións autonómicas que puxeran tamén axudas directas que complementarían as axudas do Goberno de España no sector pesqueiro, como ademais —quero recordar— outras comunidades autónomas xa puxeron enriba da mesa.

Por outro lado, a única medida que dicían dende a Xunta de Galicia para axudar o sector pesqueiro era esa exención de taxas portuarias nos portos de titularidade autonómica. Unha medida que —como xa dixen en máis ocasións— foi anunciada con moito bombo polo propio presidente da Xunta de Galicia na data do 17 de marzo, e despois tamén en numerosas oca-



sións por parte da conselleira do Mar. Pero é que no día de hoxe esa exención de taxas portuarias aínda non ten as modificacións lexislativas que son precisas e, polo tanto, non está operativa. E ademais é unha exención de taxas por dous meses, moi á diferenza da exención de taxas que xa ten operativa o Goberno central dende o pasado 31 de marzo, que é por seis meses nos portos de titularidade estatal que están ubicados na nosa comunidade autónoma.

Ademais, o Goberno de España, o ministro Planas, tamén foi quen de liderar as negociacións en Europa e foi quen de pedir que se activara ese artigo 26 do FEMPA, que permite axudas excepcionais en situacións excepcionais como estamos a vivir. Tamén o Goberno central propuxo axudas directas para os buques pesqueiros, ademais desa exención de taxas, aprazamentos das cotizacións da Seguridade Social e tamén préstamos ICO, entre outras medidas. Esas son algunhas das medidas propostas polo Goberno central. A Xunta de Galicia, unha única exención de taxas portuarias, que no día de hoxe —repito— non está operativa.

Se falamos do sector gandeiro e do sector da agricultura, tamén o Goberno de España conseguiu que a Unión Europea flexibilizara determinados requisitos da PAC para que se puidera dispoñer de terras en barbeito, xunto coa flexibilización tamén de determinados requisitos para importar millo, que facilitará a entrada de materias primas destinadas á alimentación animal, que permitirá tamén deste xeito aliviar a escaseza momentánea de millo, que antes proviña de Ucraína, para a elaboración de pensos.

Conseguíuse tamén 64,5 millóns de euros do fondo de crise activado pola Comisión Europea para apoiar a agricultores e gandeiros. Daquela, o señor Feijóo pedíalle ao Goberno de España que puxera a mesma contía que puxo a Unión Europea —que, como dixeran, eran 64,5 millóns de euros—. Pero o Goberno de España non puxo 64,5 millóns de euros, o Goberno de España o que puxo foron 128 millóns. Tamén dicía daquela o presidente da Xunta que as comunidades autónomas deberían poñer entre todas a mesma cantidade que o Estado e que se comprometía a apoiar os sectores con fondos propios. Anuncio de novo do propio presidente da Xunta de Galicia porque no día de hoxe con fondos propios para apoiar estes sectores nada de nada.

Polo tanto, o Goberno do Estado aprobou un paquete de axudas de 360 millóns de euros para o sector agrario; destes, 169 millóns son especificamente para o sector lácteo e 193 millóns —que é a suma que sae deses 65 millóns de euros procedentes de Europa e 128 millóns do propio Goberno de España— para o resto do sector agrario e gandeiro. Eu preguntome: e a Xunta aquí, igual que no sector pesqueiro, ¿que? ¿Cando vai poñer eses fondos propios que tamén tiña anunciado o propio presidente da Xunta de Galicia? ¿Cando vai aprobar axudas para estes sectores agrarios? Porque nós coincidimos en que todos os gobernos con competencias nas materias teñen que poñer toda a carne no asador e teñen, dende logo, que axudar estes sectores. Pois si, o Goberno de España tamén axudou. ¿Pedímoslle máis? Pois se pode facer máis, tamén que o faga. Pero, dende logo, o Goberno da Xunta de Galicia ten capacidade de manobra para poder articular estas liñas de axuda. Ademais, ten competencias en agricultura e gandería; non se escuden en que non teñen competencias nesta materia.

Polo tanto, non coñecemos cal vai ser a cantidade que vai destinar a Xunta de Galicia en axudas directas con fondos propios a estes sectores agrarios e gandeiros. E queremos saber cal



vai ser o grao de compromiso do Goberno galego coa agricultura e coa gandería galega máis alá de slogans e anuncios aos que nos teñen acostumados dende o propio Goberno galego.

Sector do transporte. ¿Cales foron as axudas que puxo enriba da mesa a Xunta de Galicia para axudar o sector do transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías? Ningunha. A única medida foi criticar as medidas adoptadas por parte do Goberno central. Nós dende este grupo tiñamos propostas que, dende logo, o Goberno galego non quixo escoitar: un plan de axudas directas para este sector do transporte; axilizar tamén as convocatorias das axudas Next Generation para a transformación da frota de vehículos de transporte de viaxeiros e mercadorías de empresas de transporte por estrada, previo consenso, iso si, co sector en canto ás porcentaxes e ás contías das distintas liñas de actuación, como así teñen feito xa outras comunidades autónomas; analizar xunto coas empresas adjudicatarias do transporte interurbano e do transporte escolar a suba do prezo do combustible e a súa afectación aos contratos e servizos que no día de hoxe están en vigor; supresión temporal das peaxes nas autoestradas de competencia galega. Pero nada, o Goberno galego nin escoita. E o peor é que nin escoita as propostas da oposición pero tampouco ten propostas propias.

¿Que fixo o señor Núñez Feijóo? Pois Núñez Feijóo o único que fixo ante toda esta situación grave que están a vivir estes sectores é dicir: o Goberno estase a forrar co incremento do prezo da luz e o incremento do prezo da gasolina, porque o 50 % do prezo da luz e dos carburantes son impostos. Segundo di Feijóo, «o Goberno de España estase a forrar»; o que non di Feijóo é que ese 58 % dos impostos sobre hidrocarburos recadados polo Estado son cedidos á comunidade autónoma. *(Aplausos.)* Polo tanto, non sei quen se está a forrar con esta suba do prezo dos combustibles. *(Aplausos.)* E a Xunta tamén recibe o cen por cento do recadado sobre o imposto de xeración eléctrica.

Polo tanto, nós hoxe traemos unha proposta moi clara: se o 58 % dos impostos de hidrocarburos recadados polo Estado —ese que segundo Feijóo se está a forrar—, se ese 58 % é transferido á comunidade autónoma, hai marxe de manobra para que con eses cartos se poida axudar os sectores económicos máis desfavorecidos con esta suba do prezo dos combustibles. Nós o que propoñemos é que deses cartos o 50 % —que tomando os cálculos do ano 2021 sería arredor de douscentos vinte e sete millóns—, que eses douscentos vinte e sete millóns se destinen en axudas aos sectores máis desfavorecidos fronte á alza dos prezos dos combustibles. Creo que é unha proposta que ten sentido, que é de xustiza, porque se o propio Goberno galego reconece que estes sectores están a atravesar momentos complicados, a Xunta de Galicia ten cartos e ten competencias, o único que ten que facer é ter vontade e tamén un pouquiño de traballo, e, dende logo, articular unha liña de axudas con base nos cartos que nós propoñemos hoxe na nosa iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Pérez López.



O señor PÉREZ LÓPEZ: Bos días a todos e a todas.

Cando lin esta proposición de lei do Grupo Parlamentario do PSOE non puideren evitar mirar a data de rexistro da iniciativa. Esta foi o 31 de marzo, hai case un mes, e nos tempos que corren, un mes é moito tempo. Rexistrouse cando máis forte era a protesta do sector do transporte e nos mesmos días en que o Goberno do Estado publicaba un suposto plan de choque que contiña medidas dirixidas, entre outros, a este sector. Podía parecer, dende logo, un bo momento para discutir esta iniciativa, aproveitando o rebufo dese plan estatal. Pero a realidade é que a rebaixa dos vinte céntimos da que tamén se beneficiaría o sector que contiña ese plan ou as axudas directas articuladas para as empresas de transporte de mercancías e pasaxeiros non supuxeron nada significativo, sobre todo, para os autónomos e as pemes galegas que se encadran neste sector. Porque as contías eran certamente escasas e ían orientadas máis ben a aplacar algúns ánimos dun sector afogado pola suba indiscriminada do prezo do combustíbel que a ter un impacto real e efectivo e compensar o traballo a perdas que moitos transportistas deste país teñen e que hoxe aínda acontece.

Por poñer un exemplo gráfico, no caso das axudas directas para empresas de transporte de mercancías artículase segundo o tipo de vehículo unha axuda directa de 1.250 euros por camión. Algo case anecdótico se temos en conta que encher un tanque dun camión custa arredor de mil douscentos euros e que o gasto en combustíbel por semana dun transportista é de dous mil euros. É dicir, esa axuda só cubriría os gastos de catro ou cinco días de traballo. Está claro que é positiva. E a subida da rebaixa dos vinte céntimos por litro de combustíbel é outra medida que está claro que é positiva, pero tamén é certo que, dende logo, non afecta demasiado dende o momento en que o prezo do diésel segue sendo desorbitado.

En canto ao Goberno galego, eu creo que era consciente de que estas axudas contidas nese plan eran insuficientes. Pero en lugar de articular as súas propias axudas complementarias das do Estado, a Xunta limitouse a sinalar —en palabras do señor Feijóo, e leo textualmente— que «as perdas polo conflito do transporte xa superan o custo das axudas para resolvelo». Unha vez máis, ante unha reacción tardía e escasa do Estado español, o Goberno galego limitouse a ser un mero comentarista, como se o tema non fose con el, manténdose unha vez máis de perfil ante un sector que está agonizando.

Un exemplo máis da instrumentalización política absolutamente impúdica que o Goberno galego do PP e o estatal tamén fan da actual crise económica, como antes se fixo xa da pandemia e das súas consecuencias. En lugar de arrimar o ombreiro, manter vías de comunicación constantes e directas para coordinar medidas e así optimizar os seus efectos, buscan ambos os executivos sacar rédito político e desgastar o contrario. Facer iso no actual contexto económico e social constitúe unha irresponsabilidade e, ademais, é inmoral.

Se a Xunta de Galiza critica as axudas do Estado por insuficientes, ¿non sería bo para o sector que se articularsen as súas propias axudas dende a Administración autonómica? Axudas que serían compatíbeis coas estatais e que, ademais, as complementarían, porque aquí os dous gobernos teñen competencias, obrigas e responsabilidades. Pero en vez de coordinarse e propoñer medidas realmente efectivas, pasan o día meténdose o dedo no ollo.



Creo que esta iniciativa no momento en que se rexistrou poderíamos encadrarla perfectamente nese contexto: o Partido Socialista Galego aproveita que o Goberno central saca un plan de axudas para un sector concreto, o do transporte, para afearlle á Xunta que non adopte medidas similares, e exíxelle ao Goberno galego que destine o 50 % da recadación cedida polo Estado dos impostos de hidrocarburos a socorrer a ese sector. O PP, pola súa banda, mentres tanto critica a insuficiencia desas axudas estatais, pero aínda tendo competencias e orzamento para facelo non articula axuda ningunha. Iso si, a través do Grupo Parlamentario do Partido Popular poñéndolle deberes ao Estado no pleno do día 5 deste mes pasado, cunha batería de medidas absolutamente inconcretas e que en caso de implementarse tardarían moito en producir un impacto nunha situación de crise como a actual.

Non esperen vostedes, señorías do PP, nin vostedes, señorías do Partido Socialista galego, que entremos nese xogo absolutamente improdutivo. As nosas iniciativas terán sempre como obxectivo mellorar un pouco a vida dos galegos e das galegas. Aquí no Parlamento galego exixiremos a reacción dun goberno interino, que está pensando máis en achanzar o desembarco en Madrid do *amado* líder e en colocarse nunha boa posición para as vacantes que quedan e que se xerarán que en gobernar e adoptar medidas con efecto real nos problemas das galegas e dos galegos. En Madrid, no Congreso dos Deputados, seguiremos exixindo do Goberno do Estado que adopte medidas acaídas á realidade galega. Unha realidade diferente que xera necesidades distintas, que as máis das veces non se teñen en conta dende Madrid.

Por iso, neste afán propositivo presentamos hai semanas un decálogo de medidas urxentes para frear os efectos da inflación sobre a economía e sobre a sociedade galega no seu conxunto, que deberían ser adoptadas polas administracións autonómica e pola central no marco de cadansúas competencias de xeito inmediato. Medidas ambiciosas e urxentes, como sería subir as pensións mínimas e os salarios mínimos ata o 60 % do salario medio, tal e como se recolle na Carta social europea; a suba tamén dos salarios acorde co IPC para, dalgunha maneira, aumentar ou manter a capacidade adquisitiva das clases populares; a reforma do sistema fiscal para compensar a perda do poder adquisitivo dos sectores de poboación economicamente máis vulnerables; que inclúa a reforma do IRPF para incrementar a súa progresividade; unha baixada selectiva do IVE en bens e servizos de primeira necesidade, como é a alimentación, o transporte público ou os servizos enerxéticos básicos, como son a luz e o gas; incrementar o límite do gasto de dietas e locomoción; converter o imposto de sociedades nun imposto tamén progresivo, ou tamén revisar o imposto sobre o patrimonio e as sucesións e doazóns.

Ante a subida do prezo da electricidade, que subiu máis dun cento dez por cento o ano pasado, propoñemos un cambio no propio sistema para así racionalizar os prezos e unha tarifa eléctrica galega para reducir a factura da luz; a creación dunha empresa galega de enerxía que recolla as centrais hidroeléctricas a medida que van caducando; subir os impostos ás eléctricas para que paguen parte dunha crise que lles fai caer beneficios caídos do ceo; topar o prezo dos hidrocarburos para aliviar a situación dos sectores máis gravemente afectados, como son o agrícola, o gandeiro, o pesqueiro ou tamén o do transporte.

Medidas concretas e valentes que contrastan coa inconcreción das medidas do Goberno do PP, que en moitos casos non deixan de ser máis que anuncios e propaganda, e que noutros casos cando producen efectos supoñen baixarlles os impostos aos que máis teñen.



Dende o BNG temos unha visión do país no seu conxunto e actuamos en consecuencia proponendo medidas que non só son conxunturais, senón tamén estruturais, que nos permitan saír no inmediato da crise que golpea, sobre todo, as clases populares deste país, que son as que máis están sufrindo.

Unha suba de trinta euros á hora de encher o depósito, ter que pagar cincuenta euros máis pola factura da luz, que teña que pagar vinte euros máis pola cesta da compra que hai seis meses, que os prezos do cereal cando lles dou alimento ás vacas se incrementen nun vinte por cento ou nun trinta por cento pola guerra de Ucraína, mentres o prezo ao que me pagan o leite segue sendo fixo, todo isto fai plausíbel que sexa doado formar parte da cuarta parte da poboación galega que está en perigo de exclusión social, segundo o último informe «O estado da pobreza en Galiza», elaborado no ano 2021 pola Rede Galega Contra a Pobreza. Son setecentas mil galegas e galegos que están nesa situación, que se di moi pronto. Ou formar tamén parte do cincuenta por cento da poboación galega que, segundo a Enquisa conxuntural de fogares correspondente ao primeiro trimestre deste ano, teñen dificultades para chegar a final de mes; un de cada dous galegos.

Con esta situación, as galegas e os galegos precisamos de iniciativas que pensen Galiza en grande, dende unha perspectiva alta, que estean pensadas para mellorar a situación dos sectores produtivos máis afectados pola crise, e non para enfrontar co Goberno central e servir de lanzadeira para as ambicións políticas persoais de Feijóo *el Madrileño*.

En canto ao PSOE, o feito de autoemendarse e ampliar o destino do 50 % da recadación cedida polo imposto sobre hidrocarburos aos sectores económicos galegos máis afectados polo incremento do seu prezo, é dicir, a súa autoemenda, en lugar de limitarse ao transporte, párecenos positivo e vai na liña precisamente da emenda que nós tiñamos tamén presentada e que pide destinar esa recadación ao sector do transporte, pero, por suposto, tamén aos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro.

Agora falta que se aparten do seguidismo que manteñen con Madrid e apoiem a medida valente de solicitar do Estado establecer mecanismos de control sobre o prezo dos hidrocarburos, con medidas como a redución temporal dos impostos dos combustíbeis, así como fixar prezos máximos para a súa comercialización.

Ante esta espiral inflacionista, o único camiño é mudar o sistema que rexe o mercado da enerxía e topar o prezo dos combustíbeis. Falábase desde esta tribuna hai un momento da excepción ibérica. ¿A ver para cando tamén a excepción galega?

Mudar basicamente unha regulamentación que fai medrar exponencialmente os beneficios dunhas multinacionais do sector que xa antes eran elevadísimos, e que agora coa situación de crise actual vólvense totalmente impúdicos.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.



Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Asumo a posición do grupo pola ausencia da nosa deputada Guadalupe Murillo, que, como saben, delegou o voto precisamente por estar padecendo covid. Desexámoslle unha pronta recuperación.

Ademais, bríndame a posibilidade de debater por primeira vez coa portavoz de Pesca do Partido Socialista, con dona Patricia Otero, que, como boa portavoz de Pesca, nos trae aquí unha proposición non de lei que se podía cualificar seguindo a denominación inglesa de «*red herring*», é dicir, un arenque afumado. O arenque afumado, o *red herring*, é un clásico da retórica que consiste en botar un cheiro moi potente, neste caso o do arenque afumado, para tratar de tapar as cousas que realmente existen e que están na realidade. Por exemplo, como dicir que o Goberno dá moitos fondos europeos e ao mesmo tempo estar todo o país preocupado —e onte quedou aquí en evidencia por parte de todos os grupos— pola non-inclusión das solicitudes ou demandas da empresa automobilística por excelencia de Galicia nos fondos Next Generation. Estamos esperando polo PERTE.

Pero, dito todo isto, o certo é que aquí o que se nos pide inicialmente é que o cincuenta por cento da recadación do imposto de hidrocarburos vaia bonificar o gasóleo. Autoeméndanse e queren estender iso a máis sectores. O BNG tamén quere estendelo a máis sectores, e ademais quere controlar os prezos, loxicamente. Tamén piden que se baixe o imposto de hidrocarburos; algo que, por certo, pedimos nós no pleno pasado coa abstención do Bloque.

Ben, ao pedir iso, o que mandan é, efectivamente, un arenque afumado. A primeira cousa que queren tapar é o que está a facer a Xunta. A Xunta está a facer moitas cousas en relación coa crise no ámbito das súas competencias:

Eu quero recordar que ao sector de empresas de transporte de viaxeiros se lles habilitou unha axuda inxección de 3,5 millóns de euros, a esas cento vinte e sete concesionarias de transporte público; agora quérese estender ao transporte sanitario e sociosanitario educativo. Asinouse un convenio coas sociedades de garantía recíproca, que permite activar liñas de financiamento para as estacións de servizo galegas. Facer fronte aos adiantos, e aquí hai colaboración coa medida que adoptou o Estado, 80 millóns de euros. Mobilizáronse 28 millóns de euros para financiar préstamos directos a industrias afectadas polo incremento de prezos.

No ámbito das taxas, reducíronse as da ITV. Nas taxas de porto o que se está a facer, señora Otero, é adiar o pago ata que poidamos modificar a Lei de taxas, pero, efectivamente, xa non se están pagando. Sería bo tamén saber se a bonificación do Estado evita que paguen os barcos, porque parece que van máis ben dirixidas aos comercializadores. As autoestradas autonómicas son as máis baixas do Estado; nada que ver coa autoestrada Santiago-Lalín. E así sucesivamente. E mesmo se está dialogando a través das mesas sectoriais, fundamentalmente co sector do transporte, para ver que outras medidas poden axudarlles a capear a inflación, que é basicamente enerxética e que, polo tanto, afecta especialmente o combustible. E, por suposto, pedimos a rebaixa do imposto de hidrocarburos.



Quero recordar que nesas propostas que fixemos para combater a inflación ían catorce dirixidas ao Estado e catorce dirixidas á Xunta, a algunhas das cales acabo de facer novamente referencia. Polo tanto, non estamos nun pim, pam, pum de pedirlle ao Estado, senón que cada un ten as súas competencias.

E cando falamos da baixada do imposto dos hidrocarburos, loxicamente, hai que dirixirse ao Estado. E aquí vén a segunda e a peor pista falsa que nos deixa esta PNL —insisto— seguindo a estratexia do arenque afumado:

Primeiro. O imposto de hidrocarburos en España é monofásico sobre os fabricantes e, polo tanto, estatal. Houbo un momento en que se puideron poñer recargas sobre el de carácter autonómico, o famoso «céntimo sanitario». Pero, como vostede debería saber, desde o ano 2018 e, polo tanto, desde o ano 2019 iso foi suprimido. E o imposto é único, hai dúas tarifas: unha que substitúe o céntimo sanitario, pero sobre a que non temos capacidade normativa, e despois está a propia tarifa estatal: a tarifa xeral e a tarifa especial.

O curioso deste imposto —permítanme aquí que faga unha incursión como portavoz de Fazenda— é que este imposto —como saben— se paga por unidade consumida, é dicir, por miles de litros de combustible. E o que pasa é que, primeiro, se aplica o imposto sobre hidrocarburos, e sobre o imposto de hidrocarburos aplícase o IVE. É un suposto claro de dobre imposición, que vén, ademais, determinado pola normativa europea. Pero o feito é que unha vez que ao prezo do combustible sen imposto se lle aplica o imposto de hidrocarburos, sobre o imposto de hidrocarburos págase o IVE. Polo tanto, é un imposto claramente inflacionista.

Pense vostede que se hai algo que vale dez e lle metemos un imposto especial e pasa a valer quince, o IVE vai sobre dez máis cinco. Polo tanto, estamos pagando o IVE do cinco, que son impostos, non o IVE realmente do valor engadido que supón a produción dese produto. Calcule vostede que estamos a falar de que a suba de prezos do combustible un 5 % ten que ver con esta dobre imposición pola configuración que ten o imposto de hidrocarburos.

En segundo lugar, como segunda consideración, debe vostede saber, e así quedou patente na Comisión de Financiamento Autonómico, que Galicia nin sequera recibe o cincuenta por cento do IVE. As últimas subas que fixo o Estado, cando pasou o tipo xeral do 18 % ao 21 % e o reducido do 7 % ao 10 %, quedan enteiramente nas mans do Estado. Iso quere dicir que pese a que nominalmente recibimos o cincuenta por cento do IVE, estamos a recibir o 35 % do IVE.

Terceira consideración. Vostede tamén debería de saber isto: a Xunta recibe exactamente 555 millóns de euros como entregas á conta pola recadación prevista do imposto sobre hidrocarburos. Foron comunicadas antes de aprobar os orzamentos, foron incluídas nos orzamentos de Galicia e, por suposto, están nuns orzamentos formalmente equilibrados atribuídas a partidas de gasto. Vostedes queren que a metade diso, 262 millóns —é dicir, é máis do que vostede dicía— de repente as saquemos de non se sabe onde, non fagamos as modificacións presupostarias e dediquémolas a un plan de axudas.

Ben, é evidente de todo o que acabo de dicir, primeiro, que a Xunta non se beneficia da variación de prezos nin de impostos sobre os combustibles. Porque toda esa variación á alza



queda en mans do Estado, cun efecto engadido como consecuencia de que o IVE vai quedar por riba como consecuencia de que se impón sobre o imposto sobre hidrocarburos. Polo tanto, a recadación extra do IVE e calquera recadación extra que houbese polo imposto sobre hidrocarburos quedaría en mans do Estado. Este ano non imos recibir en Galicia nin un peso. E o que recibimos como consecuencia da participación territorializada no imposto sobre hidrocarburos está xa incluído nos orzamentos; gasto que está asignado a distintas partidas.

E vostedes, claro, estamos a falar de 266 millóns de euros. É que iso é máis que toda a Consellería de Medio Ambiente da Xunta. Por tanto, non é unha cantidade menor.

¿Isto que quere dicir? Pois isto o que quere dicir é que vostedes o que nos traen é aquí unha iniciativa absolutamente impracticable, que, desde logo, non deixa en bo lugar a quen quere ser un partido de goberno, por dicir que 262 millóns de euros están no orzamento, de repente se asignen, primeiro, só para os transportistas, despois para todo o mundo, posiblemente porque se deron conta de que era moito, sen especificar que é o que se recorta. Insisto: unha cantidade tan significativa como é nin máis nin menos que toda a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

E, finalmente, o que queren é tapar o feito real, que hoxe volveu xurdir esta mañá, de que a inflación a curto prazo o que provoca é un incremento da recadación moi importante. É precisamente a mellor forma no ámbito competencial de cada un, neste caso no ámbito do Estado, de permitir que esta inflación de oferta, porque non é unha inflación de demanda, non é que a xente teña moitos cartos para comprar moitas cousas e non chegue a oferta, é ao revés, é que a oferta se limita e a xente vai seguir demandando os mesmos produtos. E precisamente evitar que ese exceso de recadación enriqueza, reduza o déficit ou enriqueza ao mellor as contas do Estado, permita á cidadanía que pasa apuros para chegar a fin de mes ter máis capacidade de compra, pois é unha alternativa bastante sensata, á que o Partido Socialista non lle ten dado nin a máis mínima resposta.

Por certo, é unha cuestión simpática a que está a ocorrer co Partido Socialista. Levaban xa anos queixándose de que o Partido Popular facía unha oposición destrutiva e non construtiva, e cando cambia o liderado no Partido Popular e o novo líder presenta un documento escrito, cuantificado, con números, en plan construtivo, para ver se se pode acordar o apoio ao decreto que vostedes hoxe pedían pola mañá do Partido Popular, a calada por resposta.

Ben, eu vou rematar onde comecei. Esta iniciativa é un arenque afumado, é dicir, non está na realidade; moito cheiro, pero non hai realidade. Nós, e nisto cremos que estamos un pouco máis pegados ao terreo, conscientes de que estamos próximos ao san Xoán, seguiremos mollando a sardiña no pan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



Señor Puy, pois a verdade é que é a primeira vez, a primeira ocasión que temos de debater.

E vou empezar tamén pola parte final da súa intervención, que dicía que hoxe o presidente do Partido Popular a nivel nacional, o señor Feijóo, tamén pedía poder falar e negociar esas medidas que se van levar á convalidación mañá a través dese real decreto. Eu quero dicirle que vostedes están a pedir o que nos negan a nós, ao Partido Socialista. Porque eu quero recordarlle que coa mellor das intencións construtivas o secretario xeral do PSdeG pediu ata en dúas ocasións unha reunión co presidente da Xunta de Galicia para presentarlle tamén o noso decálogo de propostas para poder facer fronte a esta situación excepcional que están a vivir estes sectores estratéxicos dos que estamos a falar. ¿E cal foi a resposta do presidente da Xunta de Galicia? Nada. Nin sequera contestou a esas peticións de reunións. (*Aplausos.*) Polo tanto, un pouco de coherencia, que é o que lle pido, xa que se nos están a pedir a nós que o propio presidente do goberno reciba ao presidente do Partido Popular, que xa o recibiu. Polo tanto, como mínimo, antes de irse de Galicia o que debería ter feito o señor Núñez Feijóo é recibir o secretario xeral do PSdeG, que —insisto— coa mellor das intencións construtivas tiña un decálogo de medidas, no que tamén, como o do Partido Popular, no noso do PSdeG ían medidas encamiñadas con peticións tanto ao Goberno central como á propia Xunta de Galicia. Polo tanto, nós non escorremos o vulto porque sabemos que hai moitas das situacións que son competencia do Goberno estatal, e é o Goberno estatal quen ten que arranxar moitos destes problemas.

Vostede falaba que con esta iniciativa queríamos tapar o que fai a Xunta de Galicia. Señor Puy, non podemos tapar algo que non hai. ¿Que quere?, ¿que tapemos a inactividade da Xunta de Galicia para poder axudar estes sectores que o están a pasar tan mal? Porque non é certo, non fixeron nada, non hai unha soa axuda directa para o sector pesqueiro, (*Aplausos.*) non hai unha soa axuda directa para a gandería, para a agricultura, para o sector do transporte.

Dígame porque se realmente a vontade do Goberno da Xunta de Galicia fora poñer estas medidas enriba da mesa, hoxe apoiarían a iniciativa que lles estamos a presentar. Esa iniciativa que vostede di que é a estratexia de arenque afumado. E eu o que lle pido é vontade política. ¿Hai vontade para articular un plan de medidas por parte da Xunta de Galicia para axudar estes sectores? Quédame demostrado que non.

O que pasa é que tamén vostedes son moito de dar tombos, porque o outro día eu preguntáballe ao Goberno galego en comisión sobre se ían articular unha liña de axudas directas no sector pesqueiro para facer fronte aos problemas que están a vivir. Rotundamente non. Non era a solución, non o pedía o sector, non se podía porque non podían complementar as axudas estatais... Pero, sen embargo, o Grupo Parlamentario Popular, que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia, onte votaba a favor desa liña de axudas directas que presentaba o BNG nunha moción. Polo tanto, hoxe din unha cousa, mañá din outra. Pero, ben.

Eu con todo o respecto, señor Puy, a verdade é que vostede si que tamén levou a cabo esa estratexia de arenque afumado porque dedicou moitísimo do seu tempo a facer unha clase boa, como é o seu talante, de materia impositiva. E vostede cinguiuse moito tempo ao IVE, pero eu dicía que na nosa iniciativa non falamos só do IVE, falamos de todos os impostos que son sobre os hidrocarburos. E o que plantexamos é que dese 58 % que o Estado lles cede ás comunidades autónomas, a Galicia neste caso, en concepto de imposto de hidrocarburos,



destinen a metade —eu pido 267, que é a metade de 554, quero dicir que non é menos, vos-
tede dicía 262; dá igual cal sexa contía—. Nós o que pedimos é que esa metade desa recada-
ción se destine a articular estas axudas directas.

Vostede dicía que a Xunta non se beneficia con esta subida. ¿Benefíciase o Goberno do Es-
tado? Vostede opina como o presidente da Xunta de Galicia que o Goberno do Estado se está
a forrar con esta suba de combustibles. Non, non, claro, a Xunta non se beneficia, o que se
beneficia é o Goberno estatal. Ben, pois con esa cantidade que recibe Galicia poderíanse facer
moitísimas cousas. E vostedes o único que están a facer de cara a estes sectores é criticar as
medidas que se toman dende o Goberno central, e vostede hoxe aquí cando subiu a esta tri-
buna tamén fixo o mesmo. Estivo a criticar o desconto dos vinte céntimos no prezo do com-
bustible... Non, non, falou tamén diso, das medidas do sector do transporte.

Polo tanto, é tema de querer. Se se quere, hai os mecanismos, hai o diñeiro e pódense arti-
cular esas liñas de medidas. O que pasa é que vostedes o único que están a facer, a Xunta de
Galicia, é criticar todas as medidas que veñen dende o Goberno central, sen dende logo ar-
ticular ningunha medida propia.

No relativo ás emendas, a emenda do Bloque Nacionalista Galego, a primeira parte dela é a
mesma que a que nós fixemos na nosa autoemenda, que é certo que nós cando presentamos
esta iniciativa ía destinada ao sector do transporte, porque naquel momento estaba a vivir
unha situación complicada. É verdade que os tempos xa sabemos como son no Parlamento,
que dende que rexistras ata que podes ter activada unha iniciativa pasa tempo, as circuns-
tancias mudaron e criamos pois que era o máis lóxico ampliar a todos os sectores, tamén o
pesqueiro e o gandeiro, como vostedes din na súa iniciativa.

E no referente á segunda parte, quero dicir que é algo no que tamén se está a traballar dende
o Goberno central. Queremos agora esta e poñer os deberes á Xunta de Galicia, porque se
critican o que están a facer por parte do Goberno central, se cren que esas medidas son in-
suficientes, o que deben facer, como mínimo, máis alá de criticar esa insuficiencia da me-
didas, é complementala.

Polo tanto, non imos aceptar a emenda que presentou o Bloque Nacionalista Galego e, loxi-
camente, mantemos a nosa autoemenda.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Pon-
tón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Go-
berno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización
e desenvolvemento de Galicia**

O señor PRESIDENTE: Proposición do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona
Olalla Rodil.



Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Dicía o outro día a Cadena Ser —non sei se o escoitaron— nun titular: «*El presidente de la Xunta está hoy en Galicia*». A min pareceume unha grande apreciación que sintetizaba perfectamente a excepcionalidade que vive este país desde hai practicamente dous meses; unha situación tan excepcional como inédita. Nunca antes, nunca na historia deste país, nos corenta anos de autonomía de Galiza, un presidente marchara no medio da lexislatura deixando un goberno interino, sen impulso, paralizado xa dende hai meses, máis preocupado e ocupado dos problemas internos do Partido Popular e da sucesión do propio presidente do partido que dos problemas que viven cada día milleiros de persoas, milleiros de galegas e galegos no noso país.

Un goberno incapaz de actuar no inmediato para dar resposta ás consecuencias da maior crise de prezos que atravesou este país en corenta anos, o 10,5 % de inflación, sete décimas por riba da media do Estado.

Un goberno, como volvemos ver unha vez máis nesta sesión de control pola mañá, dedicado vinte e catro horas e os sete días da semana ao que mellor se lle dá e ao que máis lle gusta, e niso si que experiencia teñen abonda, que é buscar a quen botarlle a culpa de todo. Se non é o Bipartito —esa pantasma, un goberno que non goberna este país desde hai trece anos—, é Portugal, senón o Banco de España, senón Cataluña, senón Bildu, senón Zapatero, Pedro Sánchez, *el chachachá* e, por suposto, desde as últimas eleccións ao Parlamento de Galiza, a culpa de todo, a nova Yoko Ono, que é o Bloque Nacionalista Galego.

Un goberno que anuncia, anuncia, anuncia, pero non cumpre. E onte falabamos precisamente dun bo exemplo disto, e para mostra un botón, como son esas franxas portuarias que ían estar exentas mínimo dous meses. Un mes xa vai aló, e aínda non entraron en vigor. E algunha pensaría que cando o faga xa non haberá moitos barcos porque afogarían antes da crise que de pagar esas exencións.

Un goberno co piloto automático. Diciámolo onte tamén, sen ideas novas, pura rutina, instalado na comodidade e autocompracencia, no medio dunha escalada de prezos tan brutal e cunha inflación desbocada.

No BNG temos claro que nese contexto o que precisan as galegas e os galegos, o que precisamos a xente que vivimos e traballamos neste país, son políticas, primeiro, que dean resposta no inmediato ao que é o máis urxente, que é rescatar as traballadoras, os traballadores, as maiorías sociais, as pequenas e medianas empresas deste país, aliviándoas das dificultades económicas que atravesan moitísimas empresas, moitísimos fogares deste país. E así o trasladamos en sucesivas iniciativas, nas comisións, neste pleno ou tamén en documentos



que se chegaron á propia Xunta de Galiza, como o que remitiu a portavoz nacional do BNG. Este contén un plan de choque, un conxunto, unha batería de medidas dirixidas a facer fronte a esa crise, a axudar as persoas que máis o precisan, aquelas que teñen menos recursos, as persoas máis vulnerables. Un plan de medidas con iniciativas e propostas encamiñadas a soste o tecido produtivo, o emprego e, sobre todo, a combater as desigualdades, que xa eran moitas e moi graves antes da crise, antes da pandemia, e moito máis o son agora con esta inflación polas nubes.

Pero tamén cremos desde o BNG que urxente non pode nin debe facernos perder a perspectiva e o horizonte do importante. Agora que o PP toca a retirada, despedida mediante, ademais, ben sentida esta mañá, non está demais facer un pouco de balance do legado que deixa quen xa é pasado na historia deste país. ¿Que balance nos deixan eses trece anos de goberno de Feijóo en Galiza? Temos tempo limitado, entón eu sintetizarei ou exemplificareino en catro feitos, en catro realidades.

A primeira —e eu tamén lle dou os parabéns para que logo non se diga, hai que dar tamén trigo— é que eu teño que recoñecerlles un mérito, porque fácil non debeu ser, que en trece anos de goberno e por primeira vez tamén na historia da autonomía deste país haxa un goberno que en trece anos e catro maiorías absolutas non conseguira nin unha soa competencia nova para este país. Ese é un balance tan vergoñento como nefasto para os intereses das galegas e dos galegos. (*Aplausos.*) Porque, ademais de non conseguir nin unha soa competencia nova, nin unha soa, ¡eh!, non houbo nin un só goberno, ningún en corenta anos de autonomía con ese balance. Pero é que, ademais de non conseguir nin unha soa competencia nova, non foi quen de impedir que os sucesivos gobernos do Estado español se fartaran de pasar por riba das que si temos transferidas ou recoñecidas no Estatuto de autonomía.

Cero competencias, menos persoas traballando. Porque mentir non ten límites nesta cámara. Pola mañá escoitabamos que hai máis persoas ocupadas, máis persoas afiliadas á Seguridade Social. E eu remítome aos datos da EPA, fontes oficiais, contrastables e contrastadas, que nos din que hoxe hai sesenta e cinco mil persoas ocupadas menos en Galiza que no ano 2009. ¡Madría leva baixar así as cifras do paro! E temos tres mil cincocentas afiliacións menos á Seguridade Social que cando chegou o Partido Popular de novo á Xunta de Galiza. Menos persoas traballando e, en xeral, menos persoas vivindo no noso país.

Un feixe, ademais, de promesas incumpridas, que simbolizaremos nun caso, bastante burdo e emblemático, que espero que teña mellor fortuna ese anuncio de Altri que non este que lles vou citar. ¿Lembran cando o Goberno da Xunta e Alberto Núñez Feijóo cortaban as emisións da Televisión de Galiza para anunciarnos aquel contrato que ía solucionar todos os problemas industriais deste país, firmado con aquela petroleira mexicana chamada Pemex, que nos anunciaba máis de vinte barcos e que ía ser aquilo *el oro y el moro* dos postos de traballo en Galicia? ¿Que quedou daquilo? Cortárase a emisión en directo da Televisión en Galicia para aquela firma daquel contrato. ¿Que quedou? Dous floteis, dous, bastante polémicos, a quebra dun estaleiro tan emblemático como Barreras, e, iso si, o seu contacto na petroleira Pemex, o señor Lozolla, enchironado e investigado por un caso de corrupción, que ten unha sombra ben estendida máis alá do Atlántico.



Ademais, teñen o mérito de ser o Goberno que deu o maior ataque aos dereitos lingüísticos das galegas e galegos que tivo lugar en democracia. E hai que ter valor e peito tamén para dicir despois do que se fixo que se defende os intereses deste país.

Deixan, polo tanto, un país máis pequeno, achicado polas súas políticas. Unha situación á que desde o BNG queremos comezar a darlle a volta desde xa. Porque, señorías, esta iniciativa que traemos hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego —se mo permiten, para describirla sinteticamente— busca ser un alegato contra a resignación. Unha proposta ampla, transversal, a favor de Galiza e, sobre todo, a favor das galegas e dos galegos; as de hoxe, as que vivimos e traballamos hoxe aquí, pero tamén as que han de vir mañá. Unha proposta coa que buscamos sentar as bases dun plan de transformación e modernización deste país, con ambición e confianza no que podemos dar como galegas e como galegos, cun obxectivo, que é abrir un horizonte de esperanza e de futuro nun momento como o actual de grandes mudanzas, de grandes transformacións globais, poñendo recursos ás potencialidades e ao talento de Galiza, que é moito e bo, e ao servizo das galegas e dos galegos.

¿Como? Con dous elementos fundamentais: situar a enerxía e o coñecemento como motor do país. ¿Como? Preguntábasenos pola mañá: ¿cal é a proposta do BNG diante desa transición enerxética e a necesaria descarbonización? Efectivamente, reducindo a dependencia dos combustibles fósiles e promovendo as enerxías renovables. Si, de maneira ordenada, con todas as garantías, a través dun mapa de ordenación das enerxías renovables —fundamentalmente eólica e fotovoltaica— consensuado e planificado, sempre sobre criterios de sustentabilidade e de retorno da riqueza que se xera neste país ao propio país. (*Aplausos.*) A través da promoción de comunidades locais e o despregamento dunha fiscalidade verde que impulse tamén unha maior eficiencia enerxética.

Enerxía —dicía— pero tamén coñecemento. Onte falabamos diso tamén desde o BNG nesta Cámara. A investigación, o desenvolvemento, a innovación ten que ser panca e motor de desenvolvemento social, económico e humano para o conxunto do país. Non cansaremos de repetilo: necesitamos un investimento estable para situar o noso país en liña co horizonte europeo do 2,5 % do PIB en materia de coñecemento, de ciencia e investigación; a creación do Innogal como programa de retención, atracción e retorno do talento; e un plan de fomento da actividade tecnolóxica e industrial que permita xerar valor engadido no noso país, pechar ciclos produtivos para sacar maior riqueza da produción de materia prima que temos en Galiza naqueles sectores que son tractores da economía, que son tradicionais, clásicos, pero tamén aqueloutros que son emerxentes e que teñen e abren enormes posibilidades de desenvolvemento no noso país.

En síntese —e con isto remato—, no BNG o que temos claro é que Galiza e que as galegas e os galegos non nos podemos permitir o inmovilismo que representa o Partido Popular, ese freo de man que non se estende só nos últimos dous meses senón nos últimos trece anos. Este país merece moito máis que ver como nos imos facendo pequenas, como imos achicándonos aos poucos, e é hora de comezar a construír ese país xa hoxe mesmo.

Esa é a proposta que lles facemos desde o BNG: confianza na capacidade, no talento, no coñecemento, nas posibilidades que ofrece todo o que o pobo galego pode dar de si. E o que lles tendemos



é a man para que esa confianza e ese proxecto de transformación e modernización de Galiza se faga coa man de todas as galegas e de todos os galegos, tamén das demais forzas políticas.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señora Rodil, na súa proposición non de lei din vostedes literalmente que na transformación e modernización de Galicia existen dous factores cunha función estratéxica pola súa capacidade de incidencia en todos os ámbitos, e falan da enerxía e do sistema financeiro. Sen embargo, este último, o sistema financeiro, só contempla unha medida: a creación dun instituto galego de crédito, cando, dende o noso punto de vista, semella máis razoable por ser moito máis operativo redefinir o funcionamento do Instituto Galego de Promoción Económica. E incorporaron ademais na súa iniciativa outros dous que non citan: a política tecnolóxica industrial e o ámbito da investigación e a ciencia.

Pero o certo é que, con anterioridade ao impacto da pandemia producida pola covid-19, o mundo xa transitaba por unha contorna certamente inestable onde algúns dos paradigmas que estaban alimentados coa expansión da globalización comezaban a cuestionarse. O crecemento da desigualdade no seo da maioría dos países occidentais —tamén en Galicia, onde temos un cuarto da poboación en risco de pobreza ou exclusión social—, os recortes nos estados do benestar europeos, a crise industrial, os problemas do comercio internacional ou mesmo a volatibilidade financeira xeneralizada, entre outros factores, comezaron a xeneralizar a impresión de que as nosas sociedades non estaban a avanzar na dirección que podería proporcionarlles a estabilidade e o progreso sostido ao que estabamos habituados.

E para corraxir esa situación en Galicia, á que me acabo de referir, e para acadar unha modernización é preciso deixar atrás as políticas conservadoras e de recortes e apostar por un modelo económico que, xunto cos sectores tradicionais da nosa economía —insisto na importancia deses sectores tradicionais: a agricultura, a gandería, o sector forestal, a pesca e o sector mar-industria— incorporen tamén actividades innovadoras. E nese sentido estamos de acordo, actividades e empresas de base tecnolóxica, parques científicos, etc. Pero o certo é que as políticas levadas a cabo por parte dos sucesivos gobernos do señor Núñez Feijóo non son quen de dar un pulo a esa modernización e dinamismo innovador para a economía galega.

A aposta pola innovación é unha cuestión de presente e de futuro, e é fundamental para incrementar a competitividade das nosas empresas. Galicia ten potencialidades nos dous ámbitos nos que se van concentrar os fondos de recuperación: a transición ecolóxica e a transición dixital —ás que vostede fixo tamén referencia—. E Galicia ten que facer seus os obxectivos de sostibilidade do Pacto verde europeo porque axudan a desenvolver as nosas



potencialidades. Galicia non só ten capacidade para producir enerxía limpa, ten capacidade tecnolóxica para posicionarse nun sector de enorme crecemento nos próximos anos como, por exemplo, a eólica, a *offshore* ou a eólica mariña de xeito respectuoso —insisto moito nisto— con outras actividades mariñas.

Señora Rodil, gustaríame que me explicasen como é posible dentro dunha coherencia que vostedes pidan que Galicia se declare territorio libre de eólica mariña —como fixeron o día 4 de marzo— e, simultaneamente, fagan unha aposta por revitalizar eses sectores e aproveitar ese impulso. (*Aplausos.*) Porque é un ámbito, señora Rodil, que pode, ademais, revitalizar o sector siderúrxico galego e potenciar o noso sector naval nas comarcas de Ferrolterra ou Vigo; ou na produción de hidróxeno verde, dadas as condicións naturais do noso país.

Pero se queremos ter éxito nesa transición ecolóxica, o conxunto da cidadanía debe ser partícipe dos seus beneficios. E por iso o compromiso co cambio climático debe acompañarse de políticas de transición xustas, esas que tanto cuestiona o Partido Popular, con independencia de que a orixe de determinados peches teña un motivo empresarial e beneficie directamente as comarcas galegas máis afectadas polo cambio do modelo produtivo. E o noso partido, o Partido Socialista de Galicia, ten demostrado a iniciativa e o interese por estes asuntos nas comarcas afectadas ante a pasividade do Goberno da Xunta de Galicia. Temos o deber de apoiar a cidadanía afectada cos novos proxectos que protexan o tecido social e económico. E nese sentido, evidentemente —como vostede dixo e eu xa dixen na sesión de control ao presidente da Xunta de Galicia, ao Goberno da Xunta de Galicia—, celebramos o anuncio da instalación desa nova factoría de industria téxtil na provincia de Lugo, en concreto, en Palas de Rei.

Pero o certo é que, quitado ese anuncio, o Goberno do señor Núñez Feijóo —os sucesivos gobernos logo de trece anos— non deixou unha política industrial nin investigación, desenvolvemento e innovación, porque o panorama actual non pode ser máis desolador. Temos un desmantelamento de varias actividades produtivas, temos fuxida de empresas cara ao norte de Portugal, temos desemprego e investimento en I+D+I nun dos peores niveis da Unión Europea e, o que é aínda peor, afastados da media estatal.

A carencia dunha política económica propia para o país ten levado a unha situación de progresivo esmorecemento da industria, do sector empresarial e da innovación en Galicia. Feitos que resultan consecuencias directas da mala organización da xestión económica, comezando —como dicía antes— pola propia organización do Instituto Galego de Promoción Económica e de entidades promotoras da xestión de I+D+I como a Again ou a Amtega.

No Partido Socialista de Galicia somos conscientes de que a innovación é unha peza fundamental do noso modelo de crecemento e competitividade para a economía galega, e precisamos dun enfoque claro e ambicioso nese eido, como un novo plan galego de I+D+I. E este plan novo debe ter as seguintes liñas fundamentais de traballo desde o punto de vista do Partido dos Socialistas de Galicia:

En primeiro lugar, débese reformar a gobernanza da política industrial, promovendo a revisión dunha estrutura administrativa en materia industrial claramente fragmentada, que é, polo tanto, necesariamente ineficaz.



Temos que ser quen de recuperar o diálogo social e propoñer unha política industrial consensuada cos axentes sociais, facendo do diálogo social un compromiso político coa sociedade e unha ferramenta de acordo, e a lexitimación das propostas para o noso país. Por exemplo, o noso partido acaba de anunciar un pacto por unha enerxía eólica sostible para Galicia con acordos con sindicatos e diversas organizacións, e que, ademais, —e isto é extraordinariamente importante— ten concitado a aprobación do sector empresarial da Asociación Eólica de Galicia.

Francamente, señora Rodil, cremos que este é o camiño: anunciar medidas concretas, e non macroplans, ideoloxía —digamos— sen ningún sustento concreto. E o que temos que facer é facerlle propostas ao noso país. (*Aplausos.*)

É necesario mellorar a competitividade dos sectores produtivos clave, apoiando melloras lóxicas e de redeseño de procesos cara a unha industria mellor formada, organizada e xestionada, que aposte pola hibridación necesaria coa universidade e os centros tecnolóxicos.

Temos que reconstruír a política do emprendemento, distinguindo con claridade a política de emprendemento da política de creación de empresas, para centrar a intervención naquelas iniciativas que sexan máis intensivas en coñecemento e de maior risco asociado, impulsando a coordinación das redes de viveiros, incubadoras de empresas, aceleradoras de proxectos, etc., coas diferentes instrucións públicas que operan ao longo de toda a nosa comunidade autónoma.

Temos que favorecer a transición cara á descarbonización e o desmantelamento das plantas industriais e apostar por novos proxectos, por novos polos industriais ligados ás enerxías renovables, apoiando o redeseño de procesos ecoeficientes orientados a minimizaren —e niso creo que ninguén vai discrepar— o consumo de recursos en canto a materias primas, auga, envases, embalaxes, etc., e emisións, a través do uso de fontes de enerxía renovables e a implantación das mellores técnicas dispoñibles, e priorizando sempre as actividades en I+D+I empresariais e tecnolóxicas.

Temos que mellorar o atractivo de Galicia para recuperar actividades deslocalizadas e estimular a incorporación de novas actividades manufactureiras a través dunha clara e ben coordinada política de internacionalización e de atracción de empresas e actividades produtivas actualmente desenvolvidas fóra de Galicia. E para iso debemos revisar en profundidade a nosa acción exterior de promoción.

O novo coñecemento para a industria a través do desenvolvemento de novas actividades industriais vinculadas ao novo coñecemento require a formación dun contorno propicio ou, se quere, único sistema para tales actividades, e o apoio á modernización tecnolóxica coa incorporación da industria manufactureira galega, a xeración avanzada da Industria 4.0.

Como vostede acaba de dicir, efectivamente, temos un lamentable índice de produción industrial. Un índice de produción industrial que caeu 6,8 puntos en Galicia, mentres que en España subía un 3,3; é dicir, dez puntos de diferenza con respecto á media estatal. E para iso, señora Rodil, esa é a realidade que temos que mudar. Para iso as nosas propostas son as



que moi sucintamente acabo de expoñer dentro do escaso tempo que todos —eu tamén— temos para facer unha intervención parlamentaria.

Por iso, señora Rodil, con independencia de que haxa algúns dos aspectos que vostedes propoñen na súa proposición de lei nos que esteamos de acordo, o noso sentido de voto vai ser a abstención, porque cremos que este plan que vostede acaba de presentar non dá resposta máis alá de xeneralidades dificilmente discutibles, pero sen concreción ningunha, para solventar o problema da desindustrialización da nosa comunidade autónoma.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señora Rodil, a verdade é que polo escaso tempo que lle dedicou á intervención, escasos dous minutos, a realidade é que a vostede nin lle interesa a economía nin lle interesa a industria nin a innovación. Eu recoméndolle que se quere coñecer, reforzar o seu coñecemento, que creo que lle fai falta, pase a facer algunha práctica nalgunha empresa para poder ver a realidade que están a vivir.

Se falamos de tempos que se dedican neste hemiciclo, por exemplo, poderíamos falar do tempo que pasou aquí a súa xefa, a portavoz nacional do BNG, dez minutos en todo este pleno. ¿Quen é o que respecta aquí a vontade dos galegos e das galegas? ¿Que está traballando?, ¿está facendo goberno?

Señora Rodil, a realidade é que vostede hoxe trouxo a este pleno unha proposición non de lei que di que transformaría estruturalmente a economía galega. E para conseguilo, señorías, empregan o receitario do seu catecismo máis caducado, que pasa por nacionalizar empresas, pola novidosa tarifa galega, por crear entes que xa existen e que parece que descoñecen, ou mesmo, señorías, que descoñecen a realidade da economía galega.

E, señora Rodil, para facer política, mala política como fan vostedes, non fai falta falar mal de Galicia. A realidade é que España está a vivir unha situación moi complicada. Estamos de acordo con vostedes en que é unha situación económica moi complexa e da que xa se atisbaban signos de ralentización dende o ano 2019, cando a economía española crecía tan só un 2,1 %, dúas décimas menos que o ano 2018. A continuación, chegou a crise da covid, e a economía española foi das que peor se comportou de toda Europa. En 2021 as economías europeas rebotaban cun crecemento do PIB do 5,3 %, pero en España seguía sendo moito menor. Ademais, señorías, comezou unha escalada da inflación, que se agravou en 2022 antes da invasión de Ucraína, cun crecemento da inflación anual do 7,6 %, e alarmante xa en marzo, cun incremento anual do 9,8 %.



¿E que ocorre en Galicia? Pois a realidade, señora Rodil, é que estamos moito mellor que o conxunto de España. Entre 2015 e 2019 rexistramos un crecemento anual do PIB do 2,9 % e creamos 97.200 empregos. Os datos do ano 2021 confirman que ao igual que en 2020 a economía galega tivo un mellor comportamento que a media española. Nos dous últimos anos, a economía galega tivo un diferencial positivo do PIB de dous puntos.

A economía galega tamén presenta mellores datos en moitos outros indicadores, como son, por exemplo, o emprego. A taxa de paro sitúase en 11,01 puntos, a menor nun cuarto trimestre dos últimos trece anos, e continúa tamén, señora Rodil, sendo menos que no Estado, un 13,3 %.

No eido da internacionalización —xa falou esta mañá o presidente da Xunta de Galicia— somos líderes en vendas ao exterior. Alcanzamos os 25.000 millóns de euros no ano 2021, o que supón, señorías, un novo récord histórico. Estes son os datos, os datos reais.

Señora Rodil, aínda que vostede non falou nin un minuto da iniciativa, só se centrou no ámbito enerxético. Vostedes presentaban unha iniciativa con cinco ámbitos, que eu si lle vou dar resposta sobre eles.

No ámbito enerxético, señora Rodil, por máis que o traía, non lle compramos a súa proposta de tarifa galega, pero por ser ruín para Galicia, porque lle saíría a pagar 100 millóns de euros a todos os galegos e galegas, porque nin somos autosuficientes enerxeticamente como vostedes din falsamente, nin podemos vivir da enerxía só que se produce en Galicia, nin somos capaces de pagar os custos da distribución da enerxía en Galicia, señora Rodil.

E o que si quedará no haber do BNG e do Partido Socialista é a acción dun goberno que non só incumpriu con vostedes o seu pacto, ese famoso Pacto de Ana e Adriana de estudo da tarifa galega, porque era unha proposta que levaban naquel pacto. No seu haber, no haber de vostedes todos quedará o abrasamento que lles están a pasar a todos os cidadáns, a todos os consumidores tras un ano de suba dos prezos da electricidade insostibles. Iso quedará no seu haber.

Señora Rodil, nós non aceptamos tampouco a súa proposta de nacionalizar empresas. Nós o que queremos é que creza Galicia coa colaboración público-privada. E nós somos de abrir empresas e non pechalas.

No tocante ás enerxías renovables, vostede falou aquí dun mapa de ordenación da enerxía eólica en Galicia. Pero é que, señora Rodil, xa existe un Plan sectorial eólico en Galicia dende hai moitos anos e que di onde será... *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* É que di —escoite, se quere para aprender un pouquiño— onde si e onde non *(Murmurios.)* se poden instalar eólicos. ¿E sabe o que fan vostedes? Cogobernar cun partido que incumpre o Plan sectorial eólico de Galicia, que quere instalar eólicos onde non se poden instalar. Vostedes o que teñen que facer é respectar o Plan sectorial eólico galego. Iso é o que hai que facer, non crear un plan novo. *(Aplausos.)*

Se vostedes queren colaborar cun despregamento da enerxía renovable en Galicia, o que non poden con calquera iniciativa que se presente en Galicia é facer unha pancarta. Calquera



parque eólico que se queira instalar aquí vostedes fan unha pancarta. E iso non é colaborar co desenvolvemento da enerxía renovable en Galicia.

E despois vostedes tamén propoñen que todo sexa público, como se público fose sinónimo de regalado ou máis barato. Pretenden comercializadoras públicas cando teñen dous exemplos en España: unha en Barcelona, a señora Colau, cunha comercializadora de enerxía pública que cobra a luz máis cara que as demais comercializadoras, ou tamén outra no concello de Cádiz.

Do ámbito enerxético, señora Rodil, poderíamos falar dez minutos, e non me chegaría o tempo para rebaterlle todas as súas... —ben, ía dicir unha palabra que non se pode dicir—, todas as súas propostas, que, ademais de ser inaplicables, moitas delas son ilegais.

No ámbito financeiro, a Xunta de Galicia estivo e estará sempre apoiando o acceso ao crédito e ao financiamento do tecido produtivo galego. E, de feito, o financiamento preséntase como un dos eidos con maior peso nos orzamentos do ano 2022, aos que se destinan 120 millóns de euros co obxectivo de chegar a mobilizar 300 millóns de euros en empresas. Están vostedes sempre co mantra do Igape, pero a realidade é que temos un Instituto Galego de Promoción Económica que foi capaz de responder cunha axilidade asombrosa en todo o referente á invasión de Ucraína. Aí está o DOG e as ordes publicadas recentemente no mes de abril.

En canto á política tecnolóxica e industrial, señora Rodil, mal que lles pese, Galicia ten unha industria da que temos que estar orgullosos, a pesar das dificultades dos últimos tempos, tales como unha pandemia, unha invasión de Rusia en Ucraína e, sobre todo, a incapacidade do actual goberno por dialogar e por xestionar en favor da competitividade de Galicia. Galicia non ten un problema de ámbito industrial, Galicia ten un problema de ámbito enerxético, xerado polo Partido Socialista en Madrid. Ese é o problema que ten Galicia, non ten un problema de ámbito industrial, señora Rodil. E aí están o peche de empresas: as térmicas, Alcoa, as industrias do mar en zona costeira... Ese é o seu haber, señora Rodil, e aí quedarán vostedes xuntos co Goberno socialista, de en vez de abrir industrias en Galicia, pechalas. (*Aplausos.*)

Pese a todo, señora Rodil, somos líderes en automoción, en naval, en téxtil, en aeronáutico, en industria alimentaria, en forestal, no sector biotecnolóxico, no sector enerxético. E isto, señorías, todo grazas ao impulso, compromiso e fortaleza de centos de miles de industrias, empresas e autónomos que día a día están esforzándose pola actividade e os postos de traballo nun escenario económico adverso, no que o Goberno central se nega a rebaixar os impostos a pesar dunha inflación do 9,8 %.

Insisto, señorías: no seu haber quedará o peche de Meirama, o peche das Pontes, o peche de Alcoa-A Coruña, o peche de Alcoa-San Cibrao, e imos ver que pasa con Ence. Ese, señora Rodil e señor Álvarez, é o seu balance industrial en relación con Galicia.

Miren: claro que a Xunta de Galicia está a impulsar unha política industrial transformadora e que lle facilite ao tecido produtivo galego afrontar con garantías a transición cara a unha economía dixital e máis verde. Por iso este ano aprobamos os orzamentos máis altos da nosa his-



toria: 11.600 millóns de euros, cunha batería de rebaixas fiscais, medidas e programas que se están a desenvolver dende a Xunta de Galicia para acelerar a dixitalización, promover un modelo enerxético sostible, impulsar a innovación e o talento, impulsar a economía circular e completar as cadeas de valor do tecido produtivo, ademais de continuar co impulso á internacionalización.

Creamos un marco normativo facilitador coa Lei de simplificación administrativa para a reactivación económica de Galicia, e Galicia si, señora Rodil, ten unha carteira de proxectos importantes que deseñamos da man dos axentes económicos e sociais e dos sectores industriais para aproveitar a oportunidade que ofrecen os fondos europeos Next Generation.

Lamentablemente, señorías, a maioría dos 30.000 millóns de euros dos que fala o Goberno central son só anuncios e non se coñecen as bases nin os criterios que permiten avanzar na elaboración da nosa candidatura público-privada a impulsar novos proxectos.

Gustárame destacar aquí, señor Álvarez, a facilidade que ten o seu goberno, en concreto a ministra Teresa Ribera, para visitar comunidades onde gobernan vostedes, comunidades socialistas, para anunciar a implantación de proxectos industriais a través de fondos Next Generation. Aí están os anuncios recentes da fábrica de baterías para Estremadura. Cando o seu xefe visita Galicia non fai eses anuncios, señor Álvarez. Eu recoméndolle que fale con eles e cando veñan a Galicia que anuncien proxectos industriais tamén para esta comunidade.

No ámbito da investigación e da ciencia, onte quedou moi claro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señora Rodil, o vicepresidente segundo fixo aquí un balance da RIS3 anterior e a proposta da nova. E a vostede dálle igual. Vostede fala do 2,5, do 3, dálle igual as cifras que dá vostede. Mire: o compromiso deste goberno é chegar a un 2 % do PIB, esa é a realidade, señora Rodil. E para iso estanse facendo todos os cambios na nosa economía e na nosa política industrial da Xunta de Galicia para que se poida conseguir. O que parece que descoñece vostede é a realidade da innovación que se está a levar a cabo dende a Xunta de Galicia e nas propias empresas en Galicia. Eu recoméndolle que deixe un pouquiño a pancarta e visite algunha empresa para coñecer ben a innovación que se está facendo na nosa comunidade.

E, por último, falar de competencias dixitais e no relacionado coa transformación dixital da sociedade, da administración e da economía galega, todas as iniciativas que plantexan xa están en marcha, señora Rodil.

Eu con isto quero responderlle xa co sentido do voto do Partido Popular, e é que non lle podemos aceptar esta iniciativa porque todas as súas propostas que propoñen aquí ou son inaplicables ou xa se están facendo.

E o mesmo pasa no ámbito dixital. As actuacións concretas ligadas á capacitación e competencias dixitais enmárcase no eixo II da Estratexia Galicia Dixital 2030,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que debería coñecer; o mesmo que todo o relacionado coa intelixencia artificial e a ciberseguridade.



Aquí, señor Álvarez, pídlle a súa axuda tamén porque este grupo recentemente presentou unha proposición non de lei para que se instale a Axencia de Intelixencia Artificial en Galicia. A ver se vostedes ou o señor Caballero poden mediar para que se poida por parte do Goberno central anunciar para Galicia; polo menos, un anuncio. Son vostedes de instalar empresas, pois oian: polo menos algunha, xa que a fábrica de hidróxeno verde non sabemos onde caerá, xa que a das baterías vai para Estremadura ou para Valencia. Pois, ¡home!, polo menos a de intelixencia artificial.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Polo tanto, señora Rodil, este grupo non ten máis remedio que votarlle que non porque as súas receitas están caducadas, a maioría son inaplicables, ilegais, e as que propoñen a maiores están realizándose xa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...e este grupo votará en contra da súa iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa. Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Por ir por orde. Eu ao portavoz señor Álvarez, que sabe ademais que lle teño moito aprecio, nós encantadas de que traian as súas iniciativas e debatemos as súas iniciativas e se son máis concretas ou máis específicas que a que trae hoxe a debate o BNG. Nós —creo que o dixen con claridade, e saúdo tamén as persoas que nos están seguindo desde a bancada de convidadas— o obxectivo co que traemos esta iniciativa desde o BNG, este plan de transformación e modernización da economía galega, é preguntarnos colectivamente todas as forzas políticas e o conxunto da sociedade deste país cara a onde imos. Cara a onde imos nun momento de grandes transformacións, de grandes cambios, moitos acelerados pola propia pandemia, aínda que xa estaban aí, como a transición enerxética, a loita contra o cambio climático ou conseguir unha sociedade máis xusta, máis feminista, máis equitativa para todas e para todos. Esa é a pregunta que queremos formular desde o BNG. Efectivamente, a resposta é complexa, a resposta non é doada, non é fácil de concretar nunha iniciativa parlamentaria. Pero tamén adianto: este non é o final dun debate; este é o principio dun debate que cremos que é necesario.

Eu, en relación coa intervención da portavoz do Partido Popular, dicía na miña primeira intervención que o PP está co piloto automático instalado na rutina, tira de argumentario e é que xa as tres cuartas partes da resposta que me deu, señora Nóvoa, con todo o respecto, é que me fala de cousas que nin sequera están na iniciativa, nin na parte resolutiva nin na súa exposición de motivos. Entón, eu creo que vostede mesma é o exemplo de como van coas



orelleiras postas: dá igual o que se diga, dá igual o debate, dá igual o que estea pasando ao seu redor, que vostedes van de fronte e levan por diante o que teñan que levar por diante. E eu creo que o que merece un país avanzado e democrático como é Galiza son debates sosegados, profundos e reflexivos, porque o momento creo que o merece bastante.

Falaba vostede da enerxía, que é un bo exemplo de como van —dá igual—, pero teño que dicirlle que dixo unha verdade como un templo, e ao César o que é do César. Dixo unha verdade tan grande como a fachada da catedral de Santiago, e é que Galiza tiña un mapa eólico desde había moitos anos, tantos anos como vinte. Van co piloto así (*A señora Rodil Fernández fai un aceno coas mans.*) (*Aplausos.*) e dá igual o que pase, dá igual o que se avanzara na protección do patrimonio natural, da biodiversidade, a profunda transformación e a conciencia medioambiental que ten a sociedade galega hoxe e especialmente as xeracións máis novas que nos están escoitando tamén hoxe aquí. Vén vostede aí, piñón fixo, cun mapa eólico do ano 1997 —última versión do ano 2002; insisto, vinte anos—, como se neste país non pasase nada. E, iso si, tamén nos deixa moi claro —vostede díxoo— unha das razóns polas que neste país non se avanzou na ampliación da Rede Natura, que é para permitir esa depredación do territorio e que non haxa máis espazos de conservación medioambiental patrimonial e da biodiversidade neste país.

A proposta do Bloque é moi concreta —eu díxeno na miña primeira intervención—: nós estamos pola descarbonización, pola transición enerxética, por reducir a dependencia dos combustibles fósiles, por avanzar en crear máis enerxía renovable, pero tamén hai que dicir que neste país xa se produce enerxía a esgalla, iso por unha banda, e que producimos máis electricidade procedente de fontes renovables que os obxectivos que marca a propia Unión Europea. Eu vou citar —mire, para que non nos consideren sectarias— o vicepresidente da Xunta, que repite aquí moitas veces: Galiza produce máis enerxía renovable, de fontes renovables, que Bélxica. Efectivamente, é así. Pero voulles dar un dato —e reflexionemos colectivamente—: de toda a enerxía eólica que se produce en Galiza, ¿canto queda para as persoas propietarias da terra? Entre o 1,1 % e o 2,4 % dos beneficios e da riqueza que xeran eses parques eólicos. Sumando todo, todos os impostos, ¿canta da riqueza que xera un parque eólico reverte en Galiza —e son datos do Observatorio Eólico deste país? Non chega nin ao 5 %. ¿Iso é xusto?, ¿é democrático?, ¿é un modelo sustentable? E a sustentabilidade non está só na natureza e no medio ambiente, tamén está na sociedade, na capacidade de aproveitar a riqueza que xeramos co noso traballo, no desenvolvemento colectivo deste país. (*Aplausos.*) Ese é o debate que quere dar o Bloque: ¿como cambiamos a un modelo que sexa máis xusto socialmente, medioambientalmente, e que reverte a riqueza no desenvolvemento do propio país?

E, por último, xa para rematar, quero dicir algo que diciamos ao comezo. Este é un alegato contra a resignación, e vostede foi na súa intervención o exemplo perfecto do conformismo: este país todo o máis o que pode dar é isto. Entón, vén aquí o Bloque dicir unhas cousas... A súa intervención, a do Partido Popular, é a primeira que non cre na capacidade, na potencialidade deste país, (*Aplausos.*) de ser mellor, de ser máis xusto ou de ser máis sustentable e de xerar máis oportunidades para o conxunto da sociedade, das persoas que vivimos e traballamos hoxe neste país, máis novas ou máis vellas, e tamén das xeracións que han vir detrás.



Insisto, este é só o principio, de verdade, dun debate necesario, profundo, que traeremos desde o BNG, de múltiples formas; non é o fin de nada. Porque creo que no momento no que nos atopamos —crémolo así desde o BNG—, de grandes transformacións, de grandes mudanzas, de grandes retos, pero tamén coa capacidade, o coñecemento e a confianza en todo o que pode dar de si este país, nós cremos de verdade que podemos construír un futuro mellor para as que estamos e, sobre todo, para as que han vir detrás.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Saudamos os alumnos de cuarto da ESO do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, de Lugo, e tamén os seus profesores, que hoxe nos acompañan aquí, no Parlamento. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Proyectos Hospitalarios Internacional, S. A.

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Modificar a redacción da parte resolutiva, convertendo o parágrafo actual no primeiro punto e engadindo un novo apartado que pasaría a ser o segundo punto, de maneira que quedara redactada da seguinte forma:

<<O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Realizar unha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade, realizados pola vía de urxencia, pola Consellaría de Sanidade coa empresa Prhoinsa, Proxectos hospitalarios Internacional, desde o inicio da pandemia pola Covid 19 até a actualidade.*
- 2.- Realizar unha auditoría externa sobre a totalidade dos contratos tramitados pola vía de emerxencia, pola Consellaría de Sanidade desde o inicio da pandemia pola Covid 19 até a actualidade.>>)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.



Moi bo día.

No mes de febreiro saltou aos medios de comunicación a información de que a Comunidade de Madrid lles tiña adxudicado durante a pandemia, pola covid-19, contratos sen publicidade, pola vía de emerxencia, a empresas vinculadas coa presidenta da propia comunidade de Madrid; contratos polos que o seu irmán tería cobrado comisións —recoñecido polo propia comunidade—; 286.000 euros en comisións.

A isto sucedeulle o escándalo dos tamén contratos de emerxencia do Concello de Madrid, uns contratos de arredor de doce millóns de euros, dos que seis foron en comisións, en mordidas, e de novo a familia —neste caso do alcalde, tamén do Partido Popular— de por medio: imputados por delitos de estafa agravada, falsidade en documento mercantil e branqueo de capitais, precisamente por estes contratos pola vía de emerxencia.

E, neste contexto, soubemos que a área de actuación destas empresas, ligadas a familias de membros do Partido Popular, neste caso da presidenta da comunidade de Madrid, pois tamén chegou a Galiza, e que nesta mesma época na que se adxudicaron estes contratos en Madrid a Consellería de Sanidade tamén lle adxudicou contratos sen publicidade, pola vía de emerxencia, a unha empresa vinculada coa presidenta da Comunidade de Madrid e coa súa familia, Prhoinsa, que é o acrónimo de Proxectos Hospitalarios Internacional. A Xunta adxudicou en plena pandemia —abril do ano 2022—, mediante un proceso negociado sen publicidade, un contrato de 290.000 euros —265—, a esta empresa, Prhoinsa, da que é administrador único Juan Carlos Herrero Casasola, que é, ao mesmo tempo, cofundador doutra empresa, Sismédica S. L., mercantil, da que a presidenta da Comunidade de Madrid manifesta ter o 50 % na súa declaración de bens patrimoniais, que constan na Asemblea de Madrid. Ademais, o seu irmán, que cobrou as comisións por ese contrato coa comunidade de 263.000 euros, é tamén o administrador único, e outros membros da familia —a nai, cuñadas e demais— manteñen relacións mercantís con diferentes tipos de empresas relacionadas tamén entre si.

É evidente, creo que non hai máis que abrir os medios de comunicación para ver que todo isto fai saltar as alarmas, e fai saltar as alarmas ao BNG polo *modus operandi*, similar. Fai saltar as alarmas porque os implicados, que están imputados, investigados polos delitos que dixen, estafa e demais, pois din e declararon onte ou antonte que é unha operación limpa, que «*es lo normal*». E claro saltan as alarmas. Din que é o normal neste mundo. Un deles di que é un bróker das materias primas, e os brókers das materias primas fan estas cousas, de buscar contactos para conseguir adxudicacións e estas mordidas escandalosas, pero que a culpa é dun tal San Chin Choon, un malaio, que é quen di que tiñan que cobrar estas cantidades. Bueno, se non fora pola gravidade do tema, é para..., bueno, en fin...

Esta é a situación. Eu só estou retransmitindo o que din os medios de comunicación. E volvemos a Galiza, porque a Consellería de Sanidade contrata empresas deste tipo, e saltan as alarmas, porque a Xunta de Galiza adxudicou, pola mesma vía de emerxencia, é dicir, desde o 14 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro, como mínimo, 96 millóns de euros, por este mesmo sistema de non sabemos como, sen ningún tipo de publicidade e sen ningún tipo de clarificación. E non é que esta cifra acabe de quitala o BNG de ningún lado; non a acaba de quitar o BNG da manga, senón que o informe especial de supervisión dos contratos trami-



tados por vía de emerxencia entre o 14 de marzo e o 31 de decembro de 2020, elaborado pola Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, adscrita ao Ministerio de Facenda —é dicir, un organismo dependente e tal...—, di que nesa época o que eles puideron computar —porque, entre outras cousas, o Portal de contratos da Xunta de Galiza non ten filtros e ten unha serie de carencias e de falta de transparencia que non permite meter cuestións para que saian eses filtros—, un a un os contratos, son 96 millóns de euros só no ano 2020.

Claro, estas cifras o que fan é que as alarmas, evidentemente, salten, porque digo que este contrato de emerxencia se fixo sen xustificación, sen argumentación, sen publicación e sen ningunha garantía de como se fiscalizaron. E iso fai saltar as alarmas, porque mentres, en plena pandemia, en pleno confinamento, había miles de millóns de persoas, miles de persoas hospitalizadas, miles de persoas morrendo, as familias sen poder despedirse dos seus mortos, os profesionais da sanidade sen medios para protexerse, sen medios para protexer, dándoo todo. Pois neste contexto, mentres todo isto acontecía, outros facían do drama da traxedia negocio, e alarma ao ver que a pandemia era para a maioría, pero o negocio, para uns poucos.

A estas alturas é unha constatación que os contratos de emerxencia foron un ecosistema perfecto para que proliferara todo tipo de bichería, de bichería habituada a facer uso dos cartos públicos en beneficio propio; un aproveitamento que só é posible porque esta bichería está acostumada a estar moi cerca do poder, a ter acceso directo ao poder e aos responsables políticos, e, lamentablemente, niso o Partido Popular ten moita experiencia, nesas facilitadoras.

Diante disto, ¿como actuou o Partido Popular?, ¿primeiro, diante da pregunta de Casado, de cando morrían 700 persoas ao día, poder contratar coa irmá e recibir 276.000 euros? Pois, diante desa pregunta, o que fixo o Partido Popular foi sacalo de diante, porque ao Partido Popular non lle interesa que haxa corrupción, nin investigala, só lle interesa que non se saiba e que non se fale dela. (*Aplausos.*) ¡Evidentemente!

Bueno, isto foi o primeiro que fixo o Partido Popular. E o segundo é que, onde todos vemos escandalosa corrupción, pois resulta que Núñez Feixóo —que hoxe xa se despediu aquí, en sede parlamentaria— di que é unha cuestión de pillería, porque houbo moitos pillos durante a pandemia. ¿Por que? Bueno, pois porque non tiñamos material e, ao non haber material, hai intermediarios para conseguilo. Dende logo, no BNG preocúpanos moito que se frivolicen con estas cuestións, que se lles quite importancia, que se minimicen, porque o xeito de combater a corrupción non é minimizala, non é dicir que é cuestión de catro pillos, senón que é actuar contra ela.

E, claro, se no BNG non chovera sobre mollado, pois igual non nos preocuparíamos, diríamos: bueno, pois é un tema da pandemia e aquí temos probas dabondo de que o Partido Popular actúa correctamente, de que a transparencia é o seu *leitmotiv* e de que non hai ningún exemplo de uso de cartos públicos para beneficiar o seu contorno. Pero entón diremos: claro, ese non é o contexto. O contexto é que o Consello de Contas di no seu informe —e díxoo onte aquí o meu compañeiro Iago Tabarés— que o 60 % dos contratos do Sergas evitan a concorrência competitiva, evitan a transparencia, evitan, pois, que poidan competir en igualdade as em-



presas. É un Partido Popular que se nega a que o Consello de Contas analice os contratos do Goberno galego coa empresa Eulen, da que a irmá do presidente —ata mañá ou pasado— da Xunta de Galiza é a súa apoderada; unha empresa coa que desde o 2009 a Xunta de Galiza contratou nada máis que 37 millóns de euros. Pero non, non se pode investigar. E un Partido Popular ao que a Audiencia Nacional xa o condenou tres veces como partícipe a título lucrativo dos delitos de trama de corrupción pola Gürtel; trama que facía caixa para beneficio do PP a cambio de contratos coa Administración que lle adxudicaba o propio Partido Popular.

Claro, diante disto, no BNG consideramos que non pode haber absolutamente ningunha dúbida ao respecto da transparencia nas adxudicacións de contratos realizados durante a pandemia, que é preciso clarificación sobre se houbo posibilidade de existencia de contratacións irregulares, similares ás acontecidas na Comunidade de Madrid —xa evidentes— ou no Concello de Madrid, tamén gobernado polo Partido Popular, e que é preciso luz e taquígrafos sobre estas actuacións.

Por iso traemos esta iniciativa, que o único que pide é que se investigue, claridade. O único que pide a iniciativa que presentou hoxe o BNG é unha auditoría sobre contratos realizados por esa vía de emerxencia á empresa que ten fortes vínculos mercantís coa presidenta da Comunidade de Madrid, que non é unha calquera, que é un alto cargo do Partido Popular; que se faga unha auditoría para ver que non pasou nada, que está perfectamente adxudicado e que, ao mesmo tempo, se auditen todos eses contratos tramitados pola vía de emerxencia que o órgano independente di que, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2020 foron 96 millóns de euros, e que se investigue, simplemente que se investigue, que se clarifique, que os galegos e galegas teñan a seguridade de que cos cartos de todos e todas ninguén se aproveitou do drama da pandemia para enriquecerse, que non houbo intermediarios, que non houbo conseguidores, que non houbo na Xunta de Galiza facilitadores para eses conseguidores e que todo está baixo control. Do que se trata é de saber simplemente se houbo comisionistas, intermediarios, se se lucraron e se houbo responsables de que isto pasara así.

Parece máis que razoable que un parlamento, diante de todo o que está acontecendo en administracións gobernadas polo Partido Popular, diante da similitude do *modus operandi*, pidamos transparencia, luz e taquígrafos, que é o que pide esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Por empezar pola cuestión fundamental, nós imos estar a favor da iniciativa; de feito, sorprenderíanos que non estivésemos sempre todos os grupos a favor de iniciativas que piden



transparencia nos informes. Isto que vaia por diante. Cremos que é importante a transparencia, sobre todo no Sergas, non vaia ser que se inunden algúns arquivos e despois desaparezan os contratos —é estraño, pero non é a primeira vez que pasa—. Iso si, nós cremos que é importante non contribuír a cruzar certas liñas, e isto é importante para nós, porque hai que recoñecer —isto é así, e non recoñecelo, ademais, eu creo que é enganarnos a nós mesmos— que a pandemia trouxo situacións moi difíciles, trouxo situacións nas que o último preocupante, ao final, era a cuestión administrativa, necesaria e obrigatoria, pero que necesitabamos resolver, e as administracións de goberno tiveron que utilizar mecanismos peculiares creados *ad hoc* nese momento. Non hai nada problemático niso, o problema está —é certo— niso que algún chamou a pillería. Eu, por ser claro, direi que os que se aproveitaron e os comisionistas non son uns pillos, son uns sinvergüenzas, que son dous termos distintos. (*Aplausos.*) Polo tanto, é importante diferenciar esta cuestión, e para esta cuestión é moi importante a transparencia.

Nós defendemos esta iniciativa; é máis, instamos o Partido Popular, como o grupo que vai votar, e o Goberno, por tanto, en última instancia, a que axuden a esa transparencia, porque axudando desde os gobernos contribúese bastante a esa situación. Ademais, este goberno ten un historial comprometido na cuestión da transparencia; e ademais, por tanto, convértese nun sospeitoso habitual. E, dende logo, dende a política é importantísimo que este goberno faga desaparecer todas as sombras de dúbida. Por tanto, cremos que é importante que se vote a favor desta iniciativa... Por certo, que se vote e que se cumpra, porque non é a primeira, nin a segunda, nin a terceira, nin a cuarta, nin a décima, nin a número 20 ou 37, 124 ou 3.547 das iniciativas que se votan aquí que logo non se cumpren. Iso debe ser a cortesía parlamentaria. (*Aplausos.*)

E a isto gustaríanos dedicarlle un momento desta iniciativa. Esta falta de transparencia contribúe ao descrédito profundo da política, a un descrédito absoluto. E nós preguntámoslle ao Partido Popular: ¿vostedes non están vendo o perigo? Cando vostedes traballan neste ocultismo —non místico esotérico, senón ocultismo de ocultamento— sobre as cuestións da política, ¿non se dan conta do perigo de alimentar estas cuestións? Porque temos un perigo real no sistema político. Por suposto, con este tipo de prácticas, co que fan en Madrid —e non polo impresentable do anterior líder que tiveron no Partido Popular nacional, senón que, por intentar levantar e destapar un caso de corrupción, cargaron un presidente, porque non era por cuestión política era polos cochamaneos—, ¿vostedes non ven o perigo desas cuestións? Con Orbán en Hungría, con Trump, con Le Pen —que está chamando ás portas—, con Putin ou con Castela-León, ¿vostedes non ven o perigo? Co ocultismo con respecto á transparencia e con abri-lle as portas ao lobo, ¿vostedes non ven o perigo? Temos un problema con isto e con este tipo de condutas. Se a transparencia non aparece, aparece un cabreo cidadán profundo, como é normal, e, froito dese cabreo, aprovéitanse..., si, os populistas, como os que están hoxe no Goberno de Castela-León. E non me pregunten cal dos dous partidos é máis populista.

Ese é o problema real que temos. Vostedes teñen un problema, e alimentan o cabreo tamén cando saen aquí e din: non veñan aquí facer política... Aquí —nesta tribuna—, non veñan facer política; cando durante a pandemia subían aquí dicir que o Goberno comprara mascarillas defectuosas e que iso estaba contaxiando a todo o mundo, mentres algúns amigos en Madrid —algúns pillos sinvergüenzas— estaban levando millonarias comisións. (*Aplausos.*)



¿Vostedes non ven o perigo de alimentar ese tipo de política? Alimentan o cabreo e despois nos gobernos validan o cabreo. Teñen vostedes un problema con isto, señores do Partido Popular. Iso lémbreme o mellor proverbio grego, que creo que di que hai un problema con soste un lobo polas orellas, que é que non sabes como o podes soltar, pero tampouco tes maneira de aguentalo todo o tempo. E este é o problema que teñen vostedes co descrédito da política: que agora están metidos nunha espiral da que non saben saír. Este é o problema.

Polo tanto, nós defendemos que iniciativas como esta se aproben por transparencia, por honestidade; non só pola honestidade real de uso dos cartos públicos, que tamén, senón pola excelencia intelectual e persoal coa práctica da política por unha cuestión de sensatez. Pero defendemos —é certo— que teñamos que facelo para evitar estar en debates embarrados, porque tampouco nos convence, non nos gusta —nunca nos gustou— entrar en debates embarrados que acaban con cuestións moi daniñas para grupos e para persoas que non o merecen. E hai tamén historial. Nós sufrimos algún historial de persoas acusadas, vilipendiadas publicamente, que non tiñan que selo; e por iso non queremos contribuír a este embarre. Por tanto, nós o que defendemos é que utilizemos os mecanismos que nos permita a transparencia para evitar ter estes debates. Porque nestes debates hai unha cuestión moi clara, moi clara: se non hai nada, é inaceptable que se embarre; e, se hai algo, é inaceptable que se queira facer como que non pasa nada. Roosevelt dicía aquilo de que o mellor é facer o correcto; o non tan bo é facer o incorrecto; e o que non se pode é non facer nada. Non poden facer vostedes como que non fan nada, e isto é o que lles pedimos, que se sumen ás transparencias, que ata o de agora teñen un historial bastante malo. E dicíamos isto precisamente por iso, porque temos un descrédito profundo na política con ese tipo de prácticas se non somos quen de actuar en consecuencia. Hai un problema con esta honestidade da política cos cartos públicos.

Miren, permítanme utilizar o exemplo —porque tamén ten que ver con isto— de ser mentireiro cando un utiliza a información pública unicamente para desgastar, e é a utilización dos cartos públicos —hoxe seguimos asistindo a este descrédito sobre a utilización dos impostos—. Miren, vostedes están agora con esta milonga de Laffer —que non é unha curva de Laffer, porque calquera economista serio sabe que iso é unha milonga, e incluso os que non son tan serios tamén o saben—, con isto de baixarlle impostos á xente e tal, que din que é a solución de todo.

Vostedes tamén contribúen ao descrédito e a que a política pareza algo sucio cando fan este tipo de cousas, porque en realidade o que están propoñendo cos impostos é algo moi sinxelo: imos baixarlles os impostos moi pouco aos que teñen pouco, e imos baixarlles moito aos que teñen moito. (*Aplausos.*) Por ser máis claros: ¿a quen quere baixarlle Feijóo os impostos? ¡A si mesmo! ¡É o que está propoñendo! Feijóo quere baixarse os impostos a si mesmo; e logo, aos demais, xa veremos. ¡Se esta é a milonga, en realidade! ¡Ah!, iso si, cando gobernan —e aí contribúen ao descrédito—, soben os impostos coma ninguén, crean impostos novos, cochamanean millóns de euros en comisión con amiguetes —dáme igual que se chamen Medina, Luceño, Agag, Ayuso..., son todos a mesma panda de sinvergüenzas—. Vostedes cochamanean e despois fan amnistías fiscais para que os que cochamanearon cartos públicos poidan branquear os cartos que cochamanearon despois de vostedes manexalos. (*Aplausos.*) E isto é o que hai que eliminar.



Por tanto, se vostedes queren defender —como defenden sempre— que son un partido moi limpo —teñen dereito a defendelo e os demais a pensar o que queiran—, creo que debemos estar a favor desta iniciativa, como doutras; de todas as que plantexen cuestións de transparencia e de todas as que poñan no disparadoiro as cuestións que son problemáticas, para que sexamos capaces entre todos de sinalar aquelas que son problemáticas e de olvidar aquelas que non o son e que se utilizan para embarrar, porque iso non pode ser, non podemos entrar nese debate. Dende o noso punto de vista non podemos entrar, porque o único que facemos é desacreditarnos os uns aos outros malamente e infundadamente.

Por tanto, se non hai nada —e ninguén ten por que asumir de entrada que hai algo problemático—, se non hai nada, supoñemos que non haberá ningún problema e contribuiremos tamén a evitar que sen ningún fundamento se poidan basear supostamente en acusacións que, ao final, non teñen máis que un intento de buscar colonización dos espazos mediáticos. E iso tampouco o podemos validar. E como iso non o podemos validar, hai que ter a capacidade de ser sempre transparentes para evitar a tentación tamén de quen quere utilizar o ocultamento para aproveitar e para lanzalo como arma arroxadiza, e isto débemolo superar na práctica política.

Por tanto, nós imos estar a favor disto, tamén das cuestións que traballen na transparencia que propoña calquera partido político: os grupos políticos aquí presentes, as asociacións que están fóra e que nolo demandan, os colectivos CIS... Calquera espazo que o necesite e que demande transparencia, a favor; a favor, en todos os lugares. ¡Fíxense se discrepamos, que ata estamos a favor da transparencia na TVG! ¡Fíxense como vai a cousa! Entón, cremos que é importante.

Pero facemos esa reflexión: para ser capaces de eliminar unha práctica moi perigosa na política, que é a de utilizar e a de embarrar o campo para desacreditarnos os uns aos outros, que non fai máis que meter o lobo a coidar as ovellas ou, o que é peor, meter o gran problema da democracia a participar da democracia —porque ese é o problema último que estamos creando—, para evitar iso, anticipémonos todos e poidamos, ademais, ser capaces de desprestixiar a aquel que quere desprestixiar a política facendo acusacións falsas.

Por iso esta é unha boa iniciativa na que podemos votar a favor, e en todas as outras nas que poidamos traballar, estaremos a favor. Por iso convidamos a todos a que votemos a favor e saibamos realmente que non pasou nada, que é o que todos desexamos. Pero se hai algún tipo de problema, que se saiba, para saber que non pasou nada, que seguramente iso é o que esperamos que sexa. E agardemos que non teñamos que atoparnos con nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Permítanme que empece felicitando os servizos da Cámara, porque conseguir limpar cunha soa baeta toda a lama que se verteu agora mesmo aquí é digno de todo mérito, ¡de todo



mérito! (*Aplausos.*) Porque a iso é ao que asistimos, señorías, a un novo episodio da política do fango, que a base de deslizar insinuacións sen fundamento pretende convencernos de que temos que sospeitar daquel que cumpre exemplarmente co seu deber. E por moito que se repitan estes intentos de enlamar o debate político, non debemos acostumarnos a esta forma indeseable de facer política, nin debemos normalizala.

A acusación non pode ser máis ridícula. Resúmoa: «Durante a maior emerxencia sanitaria da nosa historia recente a Consellería de Sanidade adquiriu, pola vía da urxencia, material sanitario a unha empresa que se dedica á venda de material sanitario». ¡Paren as rotativas! ¡Home!, eu creo que todos sabemos das dificultades de adquirir material sanitario na fase máis dura da pandemia, e por iso houbo que recorrer —evidentemente, todos— á contratación de emerxencia. E eu creo que todos sabemos que neses momentos sempre hai quen aproveita para sacar tallada; tallada económica, aqueles aos que cega a codicia e a avaricia, e tallada política, aqueles aos que cega a ansia de poder.

Eu, señorías, non veño aquí discutir; veño pedir respecto. Eu pido respecto para un goberno que contratou material sanitario cunha empresa que sempre vendeu material sanitario e que ten domicilio coñecido; unha empresa que leva adicándose ao mesmo dende hai vinte e tres anos e que contratou con todos os gobernos galegos; con todos sen excepción, incluído o Bipartito. Outros gobernos fomentaron o intrusismo profesional (*O señor Pazos Couñago le un documento.*): «Sanidad adjudica a una firma sin empleados un contrato de 4,2 millones. El proveedor del material es una asesoría laboral de Málaga. Ministerio de Sanidad». Pero (*O señor Pazos Couñago le outro documento.*): «Sanidad pagó más de trescientos millones a empresas con dirección desconocida». Pero, por se teñen algunha dúbida, así aparecen reflectidas no *Boletín Oficial do Estado* as empresas sen domicilio fiscal coñecido ás que lles fixeron adjudicacións millonarias. (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.*)

Eu pido respecto para un goberno que comprou material sanitario en perfecto estado: cincuenta monitores de parámetros fisiolóxicos e seis centrais de monitorización para asistir, en metade da crise sanitaria, a doentes galegos. Outros gobernos compraron outro tipo de material (*O señor Pazos Couñago le un documento.*): «El Gobierno firmó contratos fallidos por valor de 140 millones de euros».

Eu pido respecto para un goberno que nin pagou sobrecostos nin inflou prezos. De feito, o prezo do material adquirido a esta mercantil da que vostedes falan foi o máis barato —¡o máis barato!— de todo ese material ofrecido por calquera empresa, de todo o adquirido, a diferenza do que fixeron outros gobernos. (*O señor Pazos Couñago le uns documentos.*): «España pagó treinta y dos veces más caro material sanitario básico en 2020.» «Las comisiones de los contratos del covid fueron de sesenta millones.» «Sanidad pagó 62.713 euros por respiradores que cuestan 10.000.»

Eu pido respecto para un goberno que, nunhas condicións moi complicadas, jenormente complicadas!, tivo que solucionar o fracaso da decisión de centralizar as compras de material sanitario no Goberno central e que puxo a España á cola mundial da compra de material sanitario en pleno colapso do mercado internacional. Pido respecto, ¡pido respecto! (*Aplausos.*)



Lamento que moleste escoitar certas cousas, pero teño que recordarlles que foron as comunidades autónomas, non só Galicia, as que tiveron que arranxar aquela desfeita, e sorprende que, despois de que Galicia superase esta situación cunha alta nota —teño que dicilo—, hoxe veñan aquí pedir explicacións por ter arranxado o que foi un rotundo fracaso do Goberno socialista. A verdade é que é curioso que pidan explicacións hoxe. Veñen aquí os señores do BNG a pedir explicacións por irmáns, e son os mesmos que se negan a pedir explicacións por cuñadas. (*Murmurios.*) Porque parece ser que aí, na Deputación de Pontevedra, non é razoable investigar, a pesar de que aí —a diferenza de aquí— existan, non imputados, senón sentenzas firmes. Pero aí non hai que investigar, hai que investigar aquí, onde non hai nin un só imputado, nin un só investigado e nin unha soa razón para explicar ou botar dúbidas sobre o que vostedes pretenden. ¡Nin unha!, ¡nin unha! (*Aplausos.*)

Pero vostedes non piden explicacións a quen cometeu as mil irregularidades na contratación que eu acabo de detallar; nin piden explicacións a quen suspendeu o Portal de transparencia durante a pandemia —o Goberno do señor Sánchez—; nin piden explicacións a quen aprobou dous decretos do estado de alarma declarados ilegais —¡ilegais!— polo Tribunal Constitucional —por certo— por limitar as competencias de vixilancia e de fiscalización da Cámara. Se hai outras ferramentas. Ninguén lle criticou iso, señora Rumbo. Criticóuselle que tomaran esa decisión limitando a capacidade de control da Cámara, que foi o que lle botou en cara o Tribunal Constitucional, e non outra cousa. E, por suposto, non piden explicacións a quen ten tres altos cargos do Goberno imputados polos contratos sanitarios durante a pandemia (*O señor Pazos Couñago ensínalles un documento aos membros da Cámara.*). Resulta que non piden explicacións porque —digo eu— estará súper Rego preparando unha batería de preguntas e de control..., ¿verdade? Pois non se lle coñece unha.

En cambio, o BNG pide explicacións a quen si facilitou toda a información solicitada —non hoxe nin estes días, hai meses— e aproveita —iso si— para espallar sospeitas carentes de calquera fundamento. Parece que teñen ansia por coñecer determinados datos. Permítanme que llelos facilite: a esta empresa —sobre a que vostedes botan sospeitas— adjudicáronse contratos por valor de 384.665 euros, menos do 4 % dos 9.700.000 euros investidos en equipamento sanitario durante a pandemia da covid pola Xunta de Galicia.

Teño que aclararlles unha cuestión. Non teño estes datos eu pola miña cercanía ao Goberno galego. Non, non, son datos recollidos no informe remitido á Comisión de Reactivación. Voulles ler a data do informe: «Informe do Servizo Galego de Saúde sobre a contratación de emerxencia de material de protección, servizos e equipamento realizada durante a crise sanitaria da covid-19, entregada no Rexistro de entrada nesta Cámara o 11 de decembro de 2020» —¡de 2020!—, e piden transparencia. ¡Transparencia preventiva! Tiñan os datos antes de que os pidan. Pero isto a vostedes dálles igual. Nese informe, señoría, detállanse todas as compras de material realizadas durante a pandemia e, por certo —porque piden tamén os contratos, que non os atopan—, os contratos pódenos atopar no seguinte enlace. Se queren tomar nota, eu facilitóullelo: <https://coronavirus.sergas.gal/contidos/servizos-emerxencia-coronavirus>. Están aí todos á disposición de todo o mundo. Espero que tomen a molestia de consualos, e, despois, tamén estaría ben que tomaran a molestia de vir aquí e desculpase con aqueles aos que, como sempre, lles botan todo tipo de acusacións enriba.



A realidade de todo isto e o que podemos deducir é que nin len a información que remiten as consellerías a esta Cámara e, por certo, vista a súa autoemenda, tampouco recordan as súas propias propostas, as propostas votadas e aprobadas neste Parlamento.

Plan de traballo do Consello de Contas, señorías, rexistrado o 2 do 10 de 2020. Recomendación número 30 (*O señor Pazos Couñago ensínalles un documento aos membros da Cámara.*), por certo, a proposta do BNG: «O Parlamento galego recomenda ao Consello de Contas que proceda á elaboración dun informe que avalíe o impacto da pandemia da covid-19 na contratación pública de servizos, particularmente no ámbito sanitario, asistencial e de emerxencias.» Veñen vostedes aquí a que solicitemos un informe que está solicitado dende hai máis dun ano. ¿Non se fían do Consello de Contas, ou que pasa? Que non vale. Porque, se se fían do Consello de Contas, señorías, non poden vir aquí espallar esas dúbidas, que tanto lles gustan, e insidiar un pouquiño. A ver se condicionan un pouco a honorabilidade de xente que estivo traballando arreo durante meses no máis duro da pandemia para salvar vidas. ¡Un pouco de respecto por esa xente! ¡Pídollelo por favor!

A verdade é que non lles interesa a verdade hoxe, e, visto o visto, e vendo a atención que prestaron aos informes, creo que tampouco lles interesaba a verdade durante a Comisión de Reactivación.

Remato. Levan vostedes trece anos, ¡trece anos!, buscando un escándalo no seo do Goberno galego que non aparece por ningún lado. Eu creo que hoxe é un bo día para que vostedes fagan exame de conciencia e tomen unha destas dúas decisións: ou recoñecen que este é un goberno decente —pódese discrepar del, pero é un goberno decente— ou recoñecen vostedes que estamos ante a oposición máis inútil da historia de Galicia. ¡Trece anos buscando un escándalo e non atoparon absolutamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...nada!

Eu —con isto remato xa, presidente— teño que dicir que hoxe se despediu aquí o presidente da Xunta de Galicia e que se despediu deste Parlamento un presidente honrado, dun goberno honrado, e que os corenta e un que nos sentamos ao lado del estamos orgullósísimos de traballar todos estes anos con el. E seguiremos traballando para levalo a onde todos os españois queren que estea.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Eu, en primeiro lugar, quería agradecer o apoio que manifestou o Partido Socialista a votar a favor desta iniciativa, que —insisto— o que pide é transparencia e información. (*Murmuros.*) —Si, agora imos, señor Pazos, tranquilícese, ¡tranquilícese!—



Diante da gravidade do que está acontecendo —porque non sei se vostedes miran os medios de comunicación, pero hai alarma social a respecto do que está acontecendo—, hai alarma social a respecto de que mentres millóns de persoas estaban angustiadas, millóns de persoas estaban perdendo os seus empregos, millóns de persoas estaban morrendo e enfermado, había quen se estaba enriquecendo, ¡enriquecendo! diante desa situación. *(Aplausos.)*

E, diante desa situación, o Partido Popular, lonxe de dicir: efectivamente, luz e taquígrafos, que ninguén pense que a Xunta de Galiza non fixo nada do que está pasando en Madrid, vén aquí, quita a máquina de sulfatar, o ventilador, e o señor Pazos espalla *mierda a destajo*. *(Murmurios.)* ¡É así! Iso é o que veñen facendo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A intervención do señor Pazos, ¿que revela? Revela que é un xeito de facer as cousas e que non están dispostos a cambialo; é un xeito onde a opacidade, o escurantismo e a falta de transparencia é o xeito de funcionar do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Hai unha frase célebre da película *O Padriño*, onde Corleone di: Non é nada persoal, son só negocios. E o Partido Popular debeu ver moitas veces a película *O Padriño* porque non é nada persoal e o Goberno son só negocios, ¡son só negocios! En trece anos, o Partido Popular deixa a sanidade pública tiritando, na UCI, mais a familia e as empresas que rodean o Partido Popular quedan, dende logo, cunha moi boa saúde económica.

E imos a unha cousa. ¿A pandemia orixinada pola covid-19 fixo preciso adquirir material e servizos cunha enorme axilidade? Si. ¿Esta situación fixo que os contratos de emerxencia puideran facerse incluso verbalmente e pagando por adiantado? Si. ¿E iso xustifica que logo non se fagan as cousas? Non. ¿Iso xustifica que, no día de hoxe, no Portal de transparencia, no portal de contratos, da Xunta de Galiza, vaías e, se metes no filtro contratos de emerxencia, aparezan cero resultados? Non o xustifica. ¿Iso xustifica que teñas que ir a contratos negociados en publicidade e que se vas buscando un a un, porque non hai ningún filtro, aparece soamente isto, señor...? *(A señora Prado Cores ensínalles un documento aos membros da Cámara.)* *(Aplausos.)* Aparece soamente o nome da empresa e a contía do contrato, ¡o nome da empresa e a contía do contrato! E resulta que dixo aquí o Partido Popular que unha das empresas que pedimos que se investigue era a máis barata. Será porque o di el, porque se vas a esa empresa... *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non...

A señora PRADO CORES: Eu agradecería que me cortara..., para parar o tempo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Señor Pazos...

A señora PRADO CORES: Se vas ao portal de contratos, que é o oficial, non é un informe...

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade, tranquilidade...

A señora PRADO CORES: ...se vas ao portal de contratos da Xunta, que é o portal oficial —creo, ¿non?, creo que é o portal oficial—, soamente aparece o nome da empresa e a contía *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e, se abres, soamente pon resolución, e na resolución o que



hai é un folio en branco, ¡un folio en branco! (A señora Prado Cores ensínalles un documento aos membros da Cámara.) (Aplausos.) Pero, se lle das á relación de licitadores, aparece exclusivamente esta empresa. ¿Por que sabe vostede que é a máis barata se só aparece unha empresa, á que se lle adxudicou ademais a dedo?

Por favor, señores e señoras do Partido Popular, diante desta situación, o que tiñan é que recoñecer que hai unha alarma social e non ter ningún problema en que se investiguen eses contratos, eses e os outros. E non o di o BNG (A señora Prado Cores ensínalles un documento aos membros da Cámara.), dío o Informe especial de supervisión dos contratos tramitados por vía de emerxencia, dun organismo oficial independente, vinculado ao Ministerio de Facenda, que di que, como mínimo, en Galicia —que tiveron que facelo á man, porque non hai filtro no Portal da Xunta— se adxudicaron, entre o 14 de marzo de 2020 e o 31 de decembro de 2020, 96 millóns de euros pola vía de emerxencia —que significa a dedo— e que, no día de hoxe, seguen sen ter no Portal absolutamente nada, ¡nada! (Aplausos.)

Iso é o que di hoxe aquí o BNG, e iso non tranquiliza aos galegos e ás galegas porque poden ter dúbidas de se pode acontecer en Galiza o mesmo que está acontecendo na Comunidade de Madrid e no Concello de Madrid. Porque, ademais, non foi soamente nos momentos álxidos da pandemia, senón que, en decembro do ano 2020, por este mecanismo de emerxencia, adxudicaron case trece millóns de euros e adxudicaron non sei cantos no mes de xullo. ¡Non foi xusto no primeiro momento! E isto é un problema, porque hai que saber como se usaron os cartos públicos, e é un problema, incluso, para as empresas, que se ven indefensas porque non saben se podían ter concorrido porque non sabían cal era a lista de facilitadores. Un goberno que realmente queira presumir de transparencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...non basta con que pida respecto. ¡O respecto hai que ganalo!

E falando de lameira, señor Pazos...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: ...unha «bayeta» di vostede; faría falta ir a unha gran superficie e traer un auténtico cargamento de «bayetas» para limpar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente.

Hai unha nota informativa, tamén do Ministerio de Facenda —que se queren facilitollela—, onde di claramente que os contratos de emerxencia —evidentemente, había unha pandemia— non xustifican que logo non haxa que facer todo con luz e taquígrafos —documento oficial que tamén llelo farei pasar—.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRADO CORES: Polo tanto, se non teñen nada que ocultar, ¿por que se negan a que se faga unha auditoría? Será porque, efectivamente, señoras e señores deputados do Partido Popular, non é nada persoal; o Goberno da Xunta son só negocios. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, terminou o seu tempo.

(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)

Primeiro, advirto que vostede estaba no debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
¿Para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano do señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: En virtude do artigo 77 do Regulamento do Parlamento, simplemente —non vou facer alusións— é para poñer á disposición dos grupos —para o que reclamo a presenza do uxier, se mo permite— o informe ao que aludín durante a miña intervención, con data de entrada do 11 de decembro de 2020. Un ano e medio despois é evidente que os grupos non o leron. Póñoos á disposición.

O señor PRESIDENTE: Iso pode facelo.

Páselles iso aos servizos da Cámara.

O señor PAZOS COUÑAGO: Máis nada.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación.

Perdón, antes de votar —porque, se non, despois, ao mellor, non nos dá tempo—, imos saudar os alumnos de quinto de primaria do Centro Lamas de Abade, de Santiago, (A Coruña), que hoxe nos visitan. Dámoslles a benvida a todos eles e tamén aos profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora imos votar as proposicións non de lei.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.



O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Caballero Miguez e D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2023o á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de D^a Teresa Egerique.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e nove deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación da Red Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaídos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D^a Patricia Otero.

Acéptase a propia emenda do Grupo Parlamentario Socialista —que é unha autoemenda, evidentemente— e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do novo texto da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D. Juan Carlos Francisco Rivera, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfire o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández.

Non hai emendas.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores.

(A señora Prado Cores pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¿Si, señora Prado?

A señora PRADO CORES: Hai unha autoemenda.

O señor PRESIDENTE: Si, perdón, hai unha autoemenda súa...

A señora PRADO CORES: Claro, entón o que votamos é o conxunto...

O señor PRESIDENTE: Perdón. Si, hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que, evidentemente, acepta vostede, por iso a formulou. *(Risos.)* Por iso xa non o digo.

Votamos.

Votación do novo texto da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Proyectos Hospitalarios Internacional S.A.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo



En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das proposicións non de lei.

Continuamos coa orde do día, neste caso, coas interpelacións.

Interpelación de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Parece que houbo aquí, na intervención anterior, certo problema de lectura e de lectura comprensiva por parte da bancada do Partido Popular, o cal xustifica máis ca nunca a necesidade de traermos aquí esta interpelación vinculada co libro e coa lectura.

Señor conselleiro, vostede e eu xa temos falado noutras ocasións e noutros foros sobre o libro, sobre a lectura, sobre literatura en galego, mais a soberanía popular quixo que hoxe lle formule esta interpelación nesta Cámara, como deputada do grupo do BNG, arredor do que vostede ben sabe que son principios basilares do noso grupo, como é a cultura galega e, nomeadamente, a cultura literaria. Reafirmámola esta semana pasada coincidindo co Día do Libro e celebrámolo desde o noso grupo partillando un novo encontro —dos que vimos mantendo periodicamente— co sector do libro galego desde a escoita activa, porque entendemos que esa comunicación directa, sen intermediarios, é a que nos fai coñecedoras da situación actual, do curso que está a vivir o sector do libro e que é de onde nacen as nosas propostas, tanto hoxe nesta interpelación como na moción que lle presentaremos no vindeiro pleno.

Con certeza, cada un dos setenta e cinco deputados e deputadas desta Cámara —vostede mesmo tamén, señor conselleiro— temos unha historia persoal, unha biografía persoal en relación cos libros, coa lectura e, nomeadamente tamén, coa lectura e coa literatura en galego. Se se me permite, eu, como filla dunha casa cunha biblioteca moi cativa —e dende aquí quero mandar un saúdo moi grande ao alumnado que nos acompaña e que estou segura de que están a ser desde as bibliotecas escolares e desde a súa biblioteca escolar futuros grandes lectores e lectoras—, cheguei a descubrir a literatura galega grazas á sorpresa dun libro que non estaba moi á vista e que se titulaba *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. E teño que dicir tamén que, canda esta lectura, descubrín que o galego, a lingua da miña xente, tamén podía escribirse. A partir dese momento deixou de ser o que eu pensaba que era: unha lingua ágrafa que só tiña vida nas ondas, no aire, entre as conversas da miña xente, e descubrín que era, por tanto, unha lingua igual que aquela outra que, naquel momento, só existía na escola e que era a que para min se escribía, que era o castelán.

Aquela pequena dificilmente podía pensar que, tempo andado, as mans xa de muller madura escribirían xa hai vinte e cinco anos un primeiro libro que levou o título de *Os trovadores do*



Reino de Galiza, unha feliz descuberta e encontro co que son os piares literarios da nosa literatura culta, fundacional, alá polos finais do século XII.

Teño que recoñecerlle hoxe aquí, nesta Cámara, unha cousiña, señor conselleiro, e é a fachenda que sentín, especialmente como profesora, rodeada, naquel momento, do meu alumnado, vendo por primeira —e, de momento, única vez, e espero que non derradeira— o *Pergamiño Vindel* naquela magnífica exposición coorganizada entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo. Sen dúbida, atoparse cun deses grandes tesouros fundacionais da nosa literatura, coas bases literarias do Reino de Galiza, é unha feliz descuberta e reencontro. Mais tamén teño que dicirle que acredito firmemente que merecemos un goberno galego sólido, inzado de autoestima e valente, que busque a maneira para conseguir que os nosos referentes literarios e tamén culturais permanezan entre nós o máximo tempo posíbel e todas as veces que sexa posíbel, porque somos unha cultura milenaria que precisa afortalar a nosa memoria. Non podemos vivir e non podemos construír as novas xeracións dende a amnesia colectiva.

Nada mellor para falar de libros, de lectura e de literatura galega que nos pille lendo literatura galega, e a min este 23 de abril concretamente pilloume entre as páxinas da última novela de Berta Dávila (*A señora Queixas Zas mostra un libro.*) —tamén é bo que os libros estean presentes aquí visualmente nesta Cámara—, *Os seres queridos*. Unha necesaria interrogante —que moito recomendo— sobre as incertezas que provoca a maternidade ou as maternidades.

Evidentemente, non imos falar de maternidades, señor conselleiro, pero si de incertezas e de incertezas sobre a literatura galega neste momento. Nestas primeiras páxinas a voz da narradora lembra unha conferencia dunha fotógrafa búlgara que colocou enriba da mesa, nada máis comezar a súa intervención, un bote de cristal ateigado até arriba de pedras. Preguntoulle ao público se estaba cheo, e o público afirmou que, efectivamente, estaba cheo. Entón, o que fixo esta conferenciante foi coller a xerra de auga que tiña ao seu carón e foi enchendo ese recipiente de auga. Evidentemente, a auga ocupou os espazos baleiros, e entón a artista dixo: a satisfacción completa é unha cousa da que nunca se pode estar segura. E recoñezo que nese momento pensei nesta interpelación. Imaxineime facéndolle as preguntas da interpelación, que xa vostede coñece; e tamén o imaxinei a vostede, señor conselleiro, enunciando aquí restras quilométricas de titulares, cifras millonarias interminábeis, descadradas en follas de Excel e accións conxugadas de bos propósitos en futuro, en futuro incerto. Mais, iso si, tamén o imaxinei cheo dunha satisfacción completa e de ningún espírito de autocrítica, e ás probas precedentes me remito.

Con toda certeza, saltan á vista sempre, e non se pode confundir nin enganar a sociedade sempre e todo o tempo. E por iso eu elaborei moi rapidamente un decálogo de certezas que están espellando a situación do libro galego neste momento.

A primeira certeza é que o orzamento de 2022, definido polo Partido Popular e defendido por vostede mesmo na Comisión 3ª, de Orzamentos, a primeiros de ano, como o maior da historia —efectivamente, hoxe lembrouse aquí, 11.600 millóns de euros—, en vez de ser expansivo co investimento en políticas aplicadas ao desenvolvemento do libro como o vector económico e motor tamén de cohesión social, resulta que encolle en aproximadamente 300.000 euros. Curiosamente, unha partida que leva o significativo epígrafe de «Axudas á



promoción, distribución e comercialización do libro galego», desaparece dos orzamentos da Xunta de Galiza.

Unha segunda certeza di que os orzamentos deste ano invisten na promoción do libro arredor dun 60 % menos que no 2009, que era o que se xestionaba naquel momento dende a política do Bloque Nacionalista Galego. Neste momento, do conxunto total do orzamento da Consellería de Cultura, destínase ao libro o 2 %, cando no 2009 se destinaba o 4 %.

A terceira certeza é a respecto da execución dos orzamentos, dos orzamentos do 2021, claro está. Unha cousa é orzar con propósito, con proxecto, con plan; e outra cousa é orzar por orzar, porque logo, se non se executa, non pasa nada. E aquí atopámonos con que no orzamento do ano 2021 se executou un 77,8 %, o cal é o mesmo que dicir que non se executaron en políticas culturais en xeral, nomeadamente, para o libro galego, 12 millóns de euros, que non se executaron en política cultural.

Cuarta certeza. O Instituto Nacional de Estadística volve reconfirmar mais un ano o retroceso, a regresión do volume editorial galego. Mentres que a publicación de libros, en xeral, en Galiza medrou, a edición de libros en galego volveu diminuír, baixando do 45 % ao 40 %.

Quinta certeza. O Informe sobre hábitos de lectura e compra de libros en España confirma —felizmente, ao noso ver— que a lectura segue a medrar exponencialmente, sobre todo dende o inicio do confinamento e durante a pandemia, unha moi boa nova. Mais non é unha boa nova que poidamos compartir dende Galiza, que segue na décimo segunda posición; é dicir, no sexto posto pola cola do conxunto das comunidades autónomas de España, e baixando. E outro dato importante que debemos ter en conta en relación con esta interpelación, señor conselleiro, é que de cada 100 libros que se compran en Galiza só entre 6 e 8 se compran en galego. Algo estará a pasar.

Sexta certeza, a respecto das bibliotecas. O Informe de bibliotecas en Galiza do Consello da Cultura galega dinos que se perderon até 46 bibliotecas dende o ano 2010 en Galiza. E o Servizo de Bibliotecas, dependente da Xunta de Galiza, relativo ao ano pasado, di que hai 100 bibliotecas pechadas e arredor de 75 concellos que non teñen acceso a ningún tipo de préstamo bibliotecario público.

O emprego nas bibliotecas decreceu; consecuentemente, decrece o número de préstamos. Estamos no décimo terceiro lugar en número de usuarias de biblioteca, e a sociedade galega en relación co interese que ten sobre as bibliotecas, cualifícao cun 2,5 sobre 10. O investimento por habitante en Galiza en materia de bibliotecas públicas está por debaixo da media estatal.

Sétima certeza. O orzamento dedicado a investir na expansión da nosa literatura, por exemplo, a través das feiras internacionais, segue a ser inferior ao ano 2009. Non hai máis que lembrar que, na Feira do Libro de Frankfurt deste ano, España é o país convidado e aínda non conseguimos que o Goberno nos respóndese a que xestións está a desenvolver para que a literatura galega e os seus creadores e creadoras teñan unha representación digna e á altura do que representa o noso sistema literario nesta feira internacional. (*Aplausos.*)



Oitava certeza. Non hai plan de tradución. As convocatorias de tradución responden simplemente a unha situación de permanente conflito co sector.

Novena certeza. O Libro branco da AELG, que nos vai xa dando a coñecer sucesivos informes, confirma a excesiva precarización da profesión: apenas un 5 % de escritores e escritoras en galego poden vivir cento por cento do seu traballo.

E rematamos co decálogo, coa décima certeza, e é que, se cadra, todo isto ten moito a ver coa imposibilidade, ou incapacidade, ou desleixo, ou falta de vontade, ou... —vostede nolo responderá agora na interpelación— de ser capaz de aprobar un plan social de dinamización da lectura transversal e que aposte realmente por que a lectura sexa un elemento de cohesión social e de formación.

Remato, logo. O libro galego presenta nesta altura ameazas persistentes, como a falta de visibilidade nas librerías e puntos de venda, a ínfima presenza nos medios de comunicación —sobre todo públicos e tamén privados—, ou a continua perda de competencia lingüística en galego das novas xeracións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...como mostra irrefutábel do éxito do seu decreto contra o galego, ou tamén do seu decreto en defensa do monolingüismo en castelán.

Preguntámoslle, pois, logo —e remato, señor presidente—: ¿que estratexia pensa seguir ou vai comezar o Goberno da Xunta en relación coa dinamización da lectura en Galiza? ¿Cando van sentar de verdade co conxunto do sector e en diálogo coa sociedade para elaborar un plan social de dinamización da lectura en Galiza? ¿Cando van facer da lingua e da literatura galega —que vostede sabe que é recoñecida a nivel internacional— parte desa marca Galiza como substrato de formación e cohesión da sociedade galega?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS XAS: Ten vostede agora a oportunidade de expresarse como un libro aberto, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moi bos días, señor presidente.

Señorías.



Señora Queixas, fixo vostede un relatorio da súa relación persoal coa escrita en galego e, se se me permite, eu tamén o vou facer. Eu teño tamén unha relación profunda e antiga coa escrita en galego, e voulle dicir que hai máis de vinte e cinco anos —iso quere dicir que nos facemos maiores—, afortunadamente, eu defendín a miña tese doutoral en galego, sendo a primeira ou das primeiras teses doutorais que se defenderon na USC en galego. E tamén as miñas publicacións académicas —non literarias, digamos científicas—, vencelladas co meu desenvolvemento profesional, pois son todas practicamente en galego, salvo aquelas que, obviamente, eran de temática digamos superior, desde a perspectiva da escala territorial, a Galicia. Co cal, eu creo que todos podemos plantexar a experiencia persoal como un valor. É interesante que o coñezamos, pero non creo que nos aporte ao debate máis que o compromiso persoal que cada un de nós ten coa lingua galega e coa cultura galega.

Certamente, señoría, para nós o apoio ao libro galego non é ningunha obriga, é unha prioridade, e forma parte do que son as nosas políticas de difusión cultural; sendo moi conscientes de que estamos a falar dunha parte moi significativa da industria cultural galega. Hai moi poucos días celebramos xunto co sector o Día do Libro, e a verdade é que o fixemos con optimismo; fixémoslo con obxectivos compartidos e fixémoslo cunha percepción de que as cousas se fixeron ben e de que as expectativas son boas, en xeral, no mundo da cultura e, en particular, no mundo do libro. Imos en certa medida polo bo camiño e pensamos que hai unha vitalidade moi potente e que, se ben é certo que pasou por uns momentos complicados, tamén a pandemia tivo neste caso unha repercusión positiva no mundo do libro, xa que moitos cidadáns viron nel un lugar de refuxio nestes momentos tan difíciles.

Os indicadores están aí. Somos a comunidade autónoma con máis librerías por habitante de España, e Galicia edita cada vez máis máis libros e cada vez máis o talento e a diversidade de proposta está no noso mercado literario. Obviamente, a nosa estratexia de fomento da lectura, de fomento, por extensión, da cultura, ten unhas liñas estratéxicas de apoio ao sector do libro, pero ten tamén liñas estratéxicas no que atinxe ao sistema bibliotecario, cun papel fundamental das bibliotecas e tamén, por suposto —e tremendamente importante—, do sector educativo, non o esquezamos nunca.

Vostede falou de certezas, e a min tamén me gustaría falar de certezas. Primeiro, sorpréndeme o dato que dá vostede das porcentaxes de execución do orzamento; preguntareille quen se equivoca, se a nosa secretaría xeral ou os datos que teñen vostedes. Bueno, nisto non se mente, son datos, están escritos sobre o papel. Pero fala vostede dunha serie de liñas que realmente están en funcionamento e que están cumprindo co seu cometido, por exemplo, as axudas á edición. Levámolo facendo dende hai moito tempo, con aportes específicos a todos os eslabóns da cadea de valor do sector do libro: autores, ilustradores, libreiros, etc. Hai axudas anuais para a adquisición de novidades editoriais, e na última década investiuse nisto máis de cinco millóns. Hai tamén axudas á edición e á comercialización, que se incrementaron durante a pandemia, obviamente, para fortalecer e posibilitar que as industrias culturais vencelladas co mundo do libro tivesen unha entrada extra de fondos. Estamos neste ano con 200 millóns de orzamento.

¿Feiras do libro? Eu creo que é pouco cuestionable o apoio que hai dende a Xunta de Galicia ás feiras do libro, ao sector dos libreiros. Todos os anos colaboramos con eles, cooperamos



nunha serie de feiras e teñen un valor moi importante. Os datos das anteriores —as deste ano acaban de inaugurarse en Ferrol hai moi poucos días— dinnos que polas feiras do libro coorganizadas pola Federación de libeiros e coorganizadas coa Xunta de Galicia e os concellos pasan aproximadamente medio millón de persoas e que aproximadamente o 70 % merca un libro. Ese é un dato moi importante.

E fala da presenza internacional, falou vostede de Frankfurt. Vostedes están moito máis próximos ao PSOE ca nós. O Bloque está moito máis próximo politicamente ao PSOE ca nós. Pregúntelle, neste caso, ao PSOE sobre a feira de Frankfurt. Tamén lle podó dicir que estes días se está celebrando a Feira de Bos Aires, onde Galicia vai ter un *stand*, como ten tido en Guadalajara ou noutras feiras. E creo que o papel de apoio nos momentos máis difíciles da Xunta de Galicia ás feiras do libro está aí. Fomos a primeira comunidade autónoma de España onde se celebrou unha feira en contexto pandémico, a Feira do Libro de Santiago de Compostela, algo que foi fundamental, moi aplaudido e moi recoñecido polo conxunto do sector. (*Aplausos.*)

Falamos tamén das axudas á tradución, do galego a outras linguas e doutras linguas ao galego. Isto é fundamental para potenciar e apoiar a difusión na nosa cultura. Aquí tamén hai un investimento moi potente, nos últimos anos, 2 millóns de euros, e beneficiáronse máis de cen proxectos editoriais.

Outras actuacións moi recentes e que tiveron un forte recoñecemento e un notable éxito son, por exemplo, o Bono Cultura. Falaremos del á tarde. Case dous millóns de euros, que aínda que o destinatario era o conxunto do sector cultural, sen dúbida, as librerías foron das máis beneficiadas, e axudaron a vender milleiros —darei os datos pola tarde— de libros.

Apoio aos xoves, futuros creadores, un destacado papel. Estamos impulsando moitísimas residencias, moitísimos espazos de encontro que teñen como obxectivo ter puntos para potenciar o contacto entre os autores.

As actuacións no ámbito bibliotecario son fundamentais. As bibliotecas prestan un servizo básico á sociedade, e diría, neste caso, que as bibliotecas públicas dependentes da Xunta de Galicia levan desenvolvendo un traballo fundamental na dinamización da cultura, por extensión, potenciando o mundo do libro, potenciando os creadores e os literarios galegos. Vou dar un dato: no proxecto Ler conta moito, hai uns 200.000 euros de presuposto e chega a 188 concellos. No pasado ano, con base neste programa, tivemos 722 actividades, con máis de 20.000 participantes para fomentar os hábitos lectores dende as bibliotecas. Este ano imos investir en axudas para fortalecer o sistema bibliotecario galego máis de dous millóns de euros. E en Galicia lee, por exemplo, no ámbito dixital, hai un catálogo de máis de 8.200 títulos. Houbo case 120.000 préstamos para animar, por suposto, á lectura. Son libros que falan do dinamismo das bibliotecas galegas. É certo que hai concellos que non teñen biblioteca, pero tamén é certo que son de todos os partidos políticos, jeh!, incluídos dos que están nestas bancadas (*O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, sinala coa man un lado das bancadas do hemiciclo.*) Os concellos teñen tamén a responsabilidade, fixada no marco legal e na Lei de bases de réxime local, de manter as bibliotecas.



Ámbito educativo. É fundamental o ámbito educativo porque é onde se forxan os futuros lectores. A base da cultura e a nosa educación está, sen dúbida, no ámbito educativo.

Vostede —perdóeme— dixo algo que non é certo. Vostede di que hai unha perda de competencias lingüísticas en Galicia no ámbito do galego. Somos a comunidade autónoma con lingua cooficial que mellor porcentaxe de coñecemento das linguas cooficiais presenta. Iso dío PISA e iso dío o Ministerio. (*Aplausos.*) Se o Ministerio de Educación e PISA menten, ten vostede razón. Se PISA, que é un organismo internacional, e o Ministerio non menten, méntenos vostede.

En todo caso, as bibliotecas escolares dinnos... Perdón, antes de pasar a isto, quero dicir que o informe PISA nos di que en competencia lectora —quizais nos faga falta a todos— Galicia é practicamente líder en España, xunto con Castela-León e Asturias, moi riba da media da OCDE e da media de España. Somos referentes en competencias lectoras. E as bibliotecas teñen un papel fundamental. As nosas bibliotecas escolares son un referente no conxunto do Estado. Non o digo eu, dino os estudos feitos tamén no ámbito ministerial.

Mire, somos os primeiros, no ámbito das bibliotecas, en porcentaxes de ocupación nos centros escolares. Somos a comunidade autónoma que máis bibliotecas escolares ten de España e somos os primeiros en actividades específicas de atención á diversidade, en actividades específicas de competencias dixitais, moi por riba da media en todo o que ten que ver co club de lectura, con actividades de fomento da lectura, etc. Somos un auténtico referente no ámbito das bibliotecas escolares, que é onde se forxan os futuros lectores e onde se fomentan os hábitos de lectura.

Acabamos de aprobar recentemente o novo Plan LÍA, que vai supor dar un paso máis nun proxecto moi importante para a educación, por suposto, para a cultura, por suposto, pero tamén para o mundo do libro.

É obvio que o apoio e as políticas implementadas a favor da dinamización da lectura son sempre insuficientes; é sempre unha tarefa inacabada, como calquera outra política pública. Pero o que non se poden negar son os grandes avances que houbo nos últimos anos, e fronte a ese relato negativo, tremendamente negativo —comprensión lectora para a avaliación dos datos— que vostede plantexa, eu podo dicirlle que se le máis agora que antes, podo dicirlle que aumenta progresivamente a lectura no ámbito dixital, podo dicirlle que as bibliotecas escolares son referente no conxunto de España e podo dicirlle que os estudantes galegos teñen competencias plenas, desde a perspectiva da comprensión e do manexo lector. En definitiva, por suposto, creo que temos unha interacción e unha capacidade de comunicación co sector tremendamente positiva e sempre aberta e atenta aos seus plantexamentos.

Co cal, señoría, creo que fai unha lectura francamente pesimista que non se corresponde coa realidade, partindo da base de que sempre é posible, por suposto, melloralala no ámbito da política de apoio ao libro, como afortunadamente en todas as políticas públicas, porque, se non, realmente non tería sentido o que estamos facendo todos aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Señor conselleiro, vostede dá por bo que, tendo os orzamentos máis altos da historia neste ano 2022, a política deste goberno dedicada á dinamización da lectura e á atención, á potenciación, á inmensa capacidade que desenvolve o libro galego, que é inferior a un 60 % en relación co ano 2009, xa non hai nada do que falar. Vostede acepta perfectamente que cos orzamentos máis altos da historia do noso país a política dedicada a dinamizar o libro e a lectura en galego sexa un 60 % menor que en 2009. ¿Pretende que llo deamos por ben feito? (*Aplausos.*) ¿E que aínda por riba lle deamos os parabéns? Realmente, paréceme unha irresponsabilidade. Iso demostra un total conformismo e unha resignación, pola súa parte, que no BNG, desde logo, non imos apostar, porque queremos ir moito máis lonxe do que estamos, sobre todo porque sabemos que temos potencial e que hai capacidade no país, que é o que nos está exixindo.

Vostede veu aquí intentar ocupar dez minutos falando do de sempre, seguimos instalados na mesma rutina; cunha ausencia total de innovación e unha incapacidade absoluta para poñer enriba da mesa ou do atril un plan, un proxecto. Por iso dicimos que vostedes xa son pasado, porque están falando sempre do que xa está perfectamente experimentado. Son pasado, non hai nada novo que vostede nos veña achegar aquí. Realmente pregúntome —e non sei— se falamos cun conselleiro que está en posición de saída ou se está en situación de prórroga, á vista de como está neste momento o Partido Popular —non sei moi ben, agora quedo bastante máis preocupada do que estaba—.

O que si sei, e vostede acaba de demostrar aquí (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —grazas polo apuntamento, señor Rodeiro—, é que a política do sector do libro desde a perspectiva do Partido Popular é unha páxina en branco, absolutamente unha páxina en branco en trece anos de maioría absoluta, onde vostede puido —e o seu equipo— poñer en marcha todos os proxectos, e os mellores proxectos do mundo, se observasen o que hai ao seu arredor e, sobre todo, se escoitasen e se dialogasen de verdade co propio sector do libro. É unha política fracasada, hai que dicilo así, e non é ben para ninguén, nin para vostedes nin para nós nin para o conxunto da sociedade. E é unha metáfora perfecta que vemos como deixa a Galiza máis pequena e como Galiza vai a menos tamén culturalmente. É un orzamento público reducido en máis dun 60 %, unha produción en galego á baixa que vostede non me pode cuestionar nin negar, señor conselleiro —e ogallá fose así, pero sabe que non—, e unha xestión política dende o seu equipo de goberno que actúa de costas viradas ao sector empresarial galego. E temos un sector editorial moi concreto, baseado fundamentalmente en microempresas de moi poucos traballadores, que teñen que ter unha xestión moi determinada. Saquen da cabeza esas macromultinacionais coas que vostedes só parece que queren traballar e atendan o tecido microempresarial editorial galego.

Vostedes nestes trece anos abandonaron por completo a creación, ¡por completo! Empezan agora a querer disimular con algunha residencia, que lles queda moi bonito, pero que non se parece en nada ao concepto de residencias literarias que hai en Europa. E vostede tamén o sabe, non é máis que un titular e unha etiqueta.



O Libro branco da ELGA sabe perfectamente vostede o que di; estou segurísima de que o leu, xa que os diferentes informes que fomos recibindo son públicos. Aí tamén se recolle a falta de apoio institucional, en primeiro lugar, da Xunta de Galiza. É certo que tamén do Goberno do Estado, pero quen ten aquí as máximas responsabilidades é vostede. É dicir, ratifican o suspenso que sucesivamente tamén o Barómetro do Consello da Cultura Galega veu dando ao longo do ano 2020 e do ano 2021.

E a todo isto aínda temos que engadir novas modalidades de desprezo, porque están executando unha política de desprezo do sector editorial e literario, de todo o que é o sector do libro, e é atreverse a eliminar ese mínimo de compra de 25 % de libros en galego na convocatoria de axudas á compra de fondos bibliográficos para os concellos, para as bibliotecas municipais. Eliminan ese requisito e imponen —iso si, xa dixeron que por culpa do Estado; é moi bonito que haxa sempre alguén fóra da casa que leve as culpas— que hai que comprar o 50 % en castelán, que pode chegar a ser o 100 %. Claro, eu preguntome por que na modalidade A non equilibraron vostedes ese desfasamento e intentaron investir máis por esa vía ou por outras. Iso seguro que mo vai responder agora. A pregunta é: ¿que teñen vostedes en contra do sector do libro galego? ¿Que teñen en contra da literatura galega? ¿Que teñen en contra de autoras e autores, de libreiros, de tradutoras, de mediadoras, de bibliotecarios, de lectoras? ¿Que teñen en contra do sistema literario galego? Esa é a pregunta que tamén nos gustaría que respondese.

No fondo, se non a responde, acabaremos pensando que vostede e o seu equipo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...son un problema sen solución e que están realmente negando unha capacidade formativa á sociedade galega. ¿Por que non desenvolve o seu goberno o Plan social de dinamización da lectura como lle manda a Lei do libro e da lectura, señor conselleiro? Déame, por favor, esa resposta porque están as hemerotecas cheas de titulares falaces...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...de que van facer e que están facendo.

Se non responde, entón, a conclusión está moi clara: vostedes son pasado...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora QUEIXAS ZAS: ...o seu proxecto é un folio en branco e, desde logo, como responsabilidade de futuro no BNG onde sempre estaremos será canda o sistema editorial e todo o sector do libro galego. *(A señora Queixas Zas mostra un libro.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: No próximo pleno espero que rectifiquen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.



A señora QUEIXAS ZAS: ...e que apoiem a moción que lles traeremos, que será unha moción de futuro e de alternativa para a sociedade galega.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Queixas, «falar de futuro é falar do BNG». A verdade é que vostedes levan moitos, moitos anos dicíndose a si mesmos que son o futuro, pero a sociedade galega ou non os escoita ou é que non lle falan ben, porque nunca llo dan. Nunca llo deron e nunca llo dan. *(Aplausos.)*

Hai unha cousa que eu non lle permito, señora Queixas, con todo o cariño persoal que sabe que lle teño —que o sabe—. Eu o que non podo permitir é que vostede diga que dende o ámbito da Consellería de Cultura, dende o ámbito da Xunta de Galicia, temos un desprezo cara ao sector. Eu iso pediríalle que o retirase, porque dicir iso é unha auténtica falacia que non lle fai honor a vostede, que a teño por unha deputada seria. Poderemos ter máis recursos ou menos, poderemos facer as cousas mellor ou peor, poderemos ter acertos ou desacertos, pero que vostede diga que nós desprezamos o sector da cultura en xeral e o sector do libro en particular, iso non llo podo permitir; non llo podo permitir de ningún xeito, nin plantexar que temos algo en contra da cultura ou da literatura galega. *(Aplausos.)*

Mire, nós temos unha visión transversal sobre como debemos apoiar o sector do libro e o sector da cultura. ¿Que non coincide coa súa? Afortunadamente para Galicia, ¡afortunadamente!

Vostede só se fixa nunha partida, e esa partida baixa e sobe. E aí acabouse o discurso. E fala de páxinas en branco. Vostedes non saen do seu discurso tremendista, absolutamente tremendista, e despois non hai nada máis. Dixo que Galicia vai a menos na cultura e que apoiamos a non sei que multinacionais. E falou do barómetro do Consello da Cultura. Hoxe, hai escasas horas, vén de presentarse o último barómetro do ano 2022. ¿Que di este barómetro —para desmentir o que vostede di—? Di que hai unha visión positiva e optimista en xeral do sector no ámbito da facturación, e que hai expectativa de aumento da demanda. Respecto do emprego, hai estabilidade no 70 % das entidades, e en torno ao 21 % pensa incrementar os seus traballadores. Dinos que a maioría da cultura galega recuperou ou recuperará neste ano a facturación previa ao momento covid. Dinos tamén que máis dun terzo nunca reduciu os ingresos, incluso nos anos peores. Dinos que as expectativas, pensando no 2022, neste ano, son moito mellores que as do ano anterior. E dinos que a Xunta de Galicia é a entidade pública mellor valorada polos profesionais da cultura, por riba dos concellos —onde vostedes gobernan moitos— e por riba, por suposto, do Estado.

Esta é a realidade, isto é comprensión lectora, o resto é literatura. Pero na literatura tamén hai moita ciencia-ficción. E vostede fálanos de ciencia-ficción, porque realmente o seu discurso, cando se poñen os datos enriba da mesa, pois cae. Díxenlle antes que somos a comunidade autónoma con máis librerías por habitante de España. Cada vez hai máis libros que



se editan en galego, cada vez incrementáanse máis os usuarios das bibliotecas —nun 11 % nos últimos anos—, cada vez hai máis prestamos en dixital e físicos das bibliotecas — pres-táronse máis de 1,2 millóns de libros o ano pasado—, cada vez máis os nosos creadores teñen premios, nacionais e internacionais, dos que estamos absolutamente orgullosos, e cada vez máis a nosa sociedade é unha sociedade lectora, o que se demostra nos índices comparados —xa o dixen antes: PISA e Ministerio— e no nivel, no altísimo nivel, que teñen as accións de promoción da lingua no ámbito das bibliotecas escolares.

Orzamentos. Este ano incrementouse o orzamento da Consellería de Cultura nun 6 %. Nos úl-timos catro anos incrementouse nun 30 %. Di que non hai plans. Estamos traballando, redac-tando, o Plan de dinamización da lectura. É certo que se parou, é certo que se parou no seu momento —basicamente pola imposibilidade de poder levar a cabo reunións co sector—, pero está a punto, a puntinho de ser presentado. E estamos tamén traballando nun mapa de biblio-tecas públicas. Creo que é unha ferramenta que se recolle na lei e que tamén é algo que temos que ter en conta.

En todo caso, ese discurso tremendista, de lenda negra, practicamente, que vostedes teñen do conxunto do país —aquí falan de educación ou de cultura e é todo negrísimo—, despois de ir aos datos, aos indicadores, aos informes comparados, é coma un azucarillo que cae nun envase e se desfai absolutamente. E iso creo que é un problema serio para vostedes e moi serio para o país, porque non se reconece o gran traballo que fai a sociedade civil nos seus diferentes ámbitos e que posibilita que os indicadores que acabamos de pór enriba da mesa sexan francamente positivos.

E, insisto, o Barómetro da cultura galega acaba de presentarse hai escasas horas e púxenlle enriba datos que falan dunha boa saúde...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): ...dunha moi boa saúde do sector económico desde a perspectiva da industria cultural, da empresa cultural, e por suposto das editoras dentro do que ten que ver co mundo do libro.

En todo caso, señores, señora Queixas, son vostedes moi optimistas. Ven todo negro, salvo o seu futuro. Pero estamos en primavera, e na primavera pásase do claro ao escuro, do branco ao negro e do sol á chuvia moi rapidamente. E vostedes, realmente, son francamente optimistas. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Interpelación de D^a Noelia Otero Lago e D^a Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a cobertura das baixas do persoal docente

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero Lago.



A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde xa, pola hora, a todas e a todos. Boa tarde, señor conselleiro. É unha mágoa que non nos acompañen nesta interpelación algúns dos alumnos e alumnas, mestres e mestras, que veñen dos distintos centros galegos, porque seguro que lles soaría algo familiar.

Restan aínda aproximadamente un par de meses para rematar o curso escolar e o certo é que as nenas, os nenos, as mozas e os mozos respiran arestora, nestes momentos, desa flexibilidade, de certa flexibilidade, nas normas e tamén nas recomendacións —por exemplo, no uso das máscaras en xeral—. Pero todas e todos —os que temos responsabilidades públicas, sobre todo— pois non nos cansamos e temos que repetir que todo con cautela, porque seguimos nun curso que aínda está marcado por unha pandemia, aínda seguimos coas consecuencias e dificultades dunha pandemia que padeceu fundamentalmente o conxunto do alumnado e do profesorado. O virus, de calquera xeito, segue a circular nas súas distintas variantes, e por iso falamos de responsabilidade ou, se quere, de sentidiño —empregando ese lema tan protagonizado por vostedes—. O que pasa é que nesa responsabilidade, nese sentidiño, que debería marcar calquera tipo de decisións no ámbito educativo, e en calquera dos planos das responsabilidades do Goberno galego, ás veces conta o virus e ás veces non conta. Este é o mellor exemplo.

E fíxese en que quería tamén comezar dicindo que hai medidas e aspectos no ámbito educativo que funcionaron razoablemente ben. Precisamente a cobertura —ata o mes de novembro, iso si— das baixas, o sistema de chamadas que implementaron dende a Consellería, todo o mundo reconece —tamén este grupo parlamentario— que foi un dos aspectos do ámbito educativo que funcionou ben.

Por comezar polo máis elemental, como vostede sabe —non só falando da covid senón das enfermidades— todas as persoas enfermamos, os docentes evidentemente tamén, que son persoas. Unha enfermidade, un accidente ou un sinistro non conta, non mira, que día da semana, non di tampouco nin cando nin canto vai ser a enfermidade —un día, dous, tres, catro, cinco— ou a recuperación dun sinistro. Non descubrimos nin a roda nin a pólvora. Todas e todos enfermamos e indistintamente en calquera día da semana.

Ben, pois, partindo desta base tan elemental, ata finais do mes de novembro funcionaba ese sistema de chamadas a diario, esa cobertura —como dicíamos— das baixas. Funcionaba dun xeito engraxado e razoable. Chega o mes de decembro e os sindicatos, os equipos directivos dos centros e tamén algunhas ANPA advirten —e ademais nun momento moi delicado, xa que nos importa tanto o virus e temos tanto sentidiño, nun momento moi delicado— que de súpeto se deixan de cubrir as baixas inferiores a «x» días. É algo sinxelo de comprobar esta denuncia que fan pública entrando na plataforma e vendo como hai vacantes en todos os ámbitos e etapas educativas. E dicíamos en que momento toma a Consellería esta decisión de cambiar o sistema, señor conselleiro. Faino no mes de decembro, cando a curva de contagios está aumentando, froito da ponte de outubro, da ponte de novembro, no medio da ponte de decembro, coas festas e as xuntanzas familiares á volta da esquina, coa chegada da ómicron, nun momento no que todas as recomendacións mandan deixar de chamar a diario, de cubrir as baixas docentes, porque seica non había virus no mes de decembro.



No medio deste contexto da sexta onda, lembramos que a situación organizativa nos centros nese momento, pero tamén agora que aínda non rematou o curso, e as medidas organizativas —que vostede coñece dabondo— son as mesmas que no mes de setembro. Esa non-cobertura, tal e como se facía, coincidía, ademais, coa finalización do Programa Arco, a pesar de que os centros o estaban demandando. E de aí derivan moitos problemas, e graves, nos centros educativos. Esas semanas ¿como reacciona, ante a denuncia dos profesionais, das profesionais, dos sindicatos, das ANPA, a Consellería? Primeiro, con algo que —permítame que llo diga— xa é unha constante na súa consellería: coa opacidade, con silencios que son cómplices e lesivos. Pero ás veces é mellor calar que mentir, porque, cando se pronuncian, é para desmentir, para desacreditar, os equipos directivos que están a denunciar esa situación. E compróbase como comezaron a borrar a diario solicitudes de baixas —unha media, nalgunha ocasión, de máis de vinte solicitudes de a diario nos centros, na plataforma correspondente—. Por sistema, en practicamente todas as baixas que eran inferiores a dez días, bomba de fume, vulnerando así os dereitos dos centros e do propio alumnado. E aí teñen os números, señor conselleiro.

Ben, iso que negaban nese momento constatouse, co paso das semanas e dos meses, que era unha realidade e que ademais era o modelo que instauraron e que temos agora mesmo diante, e por iso hoxe esta interpelación.

Pero non queda aí a cousa, non só contan os días se a baixa é inferior a «x» días, senón que ademais tamén cambian o sistema de chamamento. Cando estaban ata novembro chamando practicamente todos os días —con esa máquina, como dicíamos antes, engraxada—, pasan a chamar unicamente os martes e os venres. ¿Que acontece? Que ás veces xa pasaron dúas ou tres xornadas e, cando van chamar, pois xa non paga a pena, segundo vostedes. E eses mesmos responsables do ámbito educativo aos que vostede se ten dirixido mesmo desde esta tribuna, desde este Parlamento, para agradecer os esforzos extra engadidos durante a pandemia son os mesmos que están a facer arestora e durante todas estas semanas e estes meses auténticos encaixes de bolillos para atopar os ocos, para planificar, para atender o alumnado. Estes mesmos profesionais cos que se lle enche a boca ao agradecer ese esforzo son os que están a padecer esta situación; nun curso, ademais, que aínda non rematou —insistimos— e nun curso no que están a denunciar —porque é outra das consecuencias das diferentes crises da pandemia, ademais da sanitaria e da económica— o aumento en moitos centros de alumnado con necesidades específicas, especiais, alumnas, alumnos, nenas, nenos, mozos e mozas con problemas mesmo de saúde mental. E vostedes fan oídos absolutamente xordos e toman decisións coma esta, a de deixar de chamar diariamente para cubrir as baixas dos docentes.

Xa non lle pedimos hoxe, señor conselleiro, entrar nas reivindicacións e necesidades básicas e xustas, como é a recuperación do horario lectivo, camiñar alá onde faga falta na redución progresiva das ratios —sabemos que hai un desequilibrio territorial en zonas onde é absolutamente necesario—. Non, pero, cando menos, pedímoslles hoxe que rectifiquen, que volvan a un sistema que funcionaba e que era moito máis xusto. Porque, como dicíamos, as enfermidades, os sinistros, non miran polo día da semana.

Ningún valor —insisto— teñen as palabras de recoñecemento a estes profesionais e a estas profesionais do ensino público cando camiñan con prácticas como a que hoxe traemos a esta



interpelación. A pandemia evidenciou que ese control das ratios, a posibilidade de facer dobramentos, a cobertura das baixas de docentes, do profesorado, tiñan resultados positivos.

E non vale de nada, para rematar —hoxe, que tivemos a despedida do señor presidente da Xunta de Galiza, do señor Feijóo—, falar tamén —e cito literalmente— dos acertos da comunidade educativa. Para recoñecer os acertos da comunidade educativa, para non caer no cinismo, como mínimo, hai que mostrar un pouquiño de respecto e non tomar na práctica decisións como as que veñen tomando, como esta de non cubrir as baixas docentes e deixar os centros como se están a deixar. Iso sería recoñecer os acertos dunha comunidade educativa que está a padecer e a soportar nas súas costas decisións como a que tomaron —insisto— dende o mes de novembro. E aí está a pandemia, aí está o virus, aí están as súas variantes. O curso, que saibamos, aínda non rematou e, por desgraza, non hai nin un só pronóstico que nos diga tampouco que non vai haber pandemia, que non vai haber virus, no comezo do seguinte.

Polo tanto, cando interesa e toca retirar mascarillas nos patios, nos exteriores dos colexios, vostede dinos que non, que en Galicia seremos os últimos porque temos moito sentidiño, porque o importante é a saúde. E nós, punto en boca. Pero cando se trata de cubrir baixas docentes dende o mes de decembro —insistimos, en plena sexta onda e cunha curva de contaxios así—, pois a saúde importa un pouquiño menos.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer á señora Otero o chamamento ao sentidiño —creo que é fundamental—, á prudencia —que creo que é algo que estamos dicindo constantemente— e tamén que recoñeza que as medidas anticovid funcionaron ben. Obviamente estamos ante un éxito colectivo do conxunto da comunidade educativa pero que certamente creo que deixou a Galicia en moi bo lugar.

Eu, que levo moitos debates de educación, vexo que en moitas ocasións —nominalmente o Partido Socialista, pero, en xeral, a oposición— fan un discurso sobre os recursos. Non fan un discurso sobre o que se fai cos recursos nin fan un discurso co que se obtén cos recursos. É algo clásico, moi clásico, dende os supostos recortes —que sempre existen, e cando vas aos datos non concordan— ata o que hoxe estamos dicindo, cando se fala incluso dunha suposta baixada inaceptable da calidade do ensino que recibe —literalmente— o alumnado galego, afectado pola baixa de profesores. É sorprendente o que se escribe, porque despois imos ás avaliacións comparadas e vemos que Galicia é líder en moitísimas variables cuantitativas, cualitativas e de integración docente que está no sector. Creo que se fan afirmacións moi alegres e non se recoñece que Galicia ten un bo sistema educativo, con bos resultados,



que é un sistema que avanza, que avanza progresivamente cun traballo conxunto da comunidade educativa e, por suposto, cunha parte de responsabilidade da propia Administración, pero fundamentalmente cun traballo moi responsable.

E respecto do que vostede di, eu quixera facer unha serie de puntualizacións, porque quen a escoitara só a vostede podería saír confundida ou confundido, ou podería ter unha idea que non é a real. E, como vostede dixo, é mellor calar que mentir. Pero, primeiro, o que vostede di aquí non se axusta á realidade. Porque vostede afirma que dende decembro do ano 2021 non se veñen cubrindo as baixas mediante un chamamento diario. E iso é mentira porque en xaneiro e en febreiro, nos momentos máis difíciles da última onda, se cubriron as substitucións todos os días, con independencia da duración previsible da substitución —algo excepcional no conxunto de España e no conxunto das comunidades autónomas—. E gustaríame que vostede dixese algunha comunidade autónoma do Partido Socialista que fixese o mesmo, que fixese o que fixemos nós nos momentos máis difíciles e máis duros da pandemia —no mes de xaneiro e no mes de febreiro, cando houbo chamamentos diarios e se cubriron todas as baixas—.

Obviamente, isto é excepcional, derivado da situación pandémica. Cando voltamos, afortunadamente, á normalidade vólvese a un sistema tradicional, vólvese á normalidade, igual que no Goberno central, no Goberno de España, se están tomando medidas que van orientadas á volta á normalidade en todos os aspectos da vida pública e, afortunadamente, tamén da vida social.

En segundo lugar, o segundo punto, a cobertura habitual —a que se fai sempre salvo nos momentos de maior presión da crise pandémica— realízase dous días á semana, vénse realizando dous días á semana, martes e venres. E non se cobren neste caso as baixas cunha duración menor a dez días. Así foi sempre e así se restablece unha vez que a situación pandémica volve á normalidade. E este sistema non só é aceptado, moi ben aceptado, polo conxunto da comunidade educativa, senón que ten un gran prestixio no conxunto de España. E, insisto, díganos vostede unha comunidade autónoma do Partido Socialista que teña un sistema polo menos parecido ou polo menos semellante. Cóbreuse cunha grandísima rapidez as baixas.

E tamén é certo que esta regra xeral que acabo de dicir non é inamovible, e non é inamovible cando fai falta. Por exemplo, voulle dar un exemplo de datos concretos. O pasado martes 20 de abril, despois da Semana Santa, cubríronse 301 substitucións; e o mércores, 156 substitucións. É dicir, en dous días cubriuse o cen por cento das baixas. Estamos a falar practicamente de 450 baixas —457— en dous días. Moita rapidez, moita calidade do sistema. Por exemplo, nas unitarias cóbreuse ao día, porque aí é necesario. E fronte ao que vostede di desa inaceptable perda de calidade, a realidade vénnos dicir que nas baixas menores de dez días, tendo en conta que nos centros educativos hai profesorado ou hai persoal necesario para cubrir as ausencias, non ten sentido se se quere ser pedagóxico. Si o tiña neses meses, que o faciamos todos os días porque había, ademais da cuestión pedagóxica, unha cuestión sanitaria. Pero de xeito ordinario, como acabo de dicir, estámolo facendo como se fixo sempre, e con notable éxito, grandísima transparencia e un grandísimo recoñecemento. E insisto: busque e díganos vostede un sistema que o faga mellor.



En cuarto lugar, cando se coñecen as baixas con suficiente antelación —por exemplo, un embarazo ou unha operación planificada ou unha viaxe que ten que facer un profesor— cóbrense de xeito inmediato, incluso por cuestións persoais. E, por suposto, todo o que ten que ver coas coidadoras, cos coidadores, cos auxiliares de cociña, faise exactamente no día, sempre no día, porque afecta ao funcionamento.

Esta é a resposta técnica ao respecto do que vostede plantexa, pero eu recórdolle unha serie de datos —un é coñecido por todos—. Nós temos, Galicia ten, a mellor ratio alumno/profesor de España, xunto con Estremadura. Ningunha comunidade autónoma ten máis profesores que Galicia en proporción aos alumnos. Nós temos un catálogo do ano 2007 —á parte, un catálogo firmado por vostedes nunha época expansiva, de bonanza—. Non só mantemos o catálogo, senón que o temos moi superado na inmensa maioría dos centros educativos. Hai un gran esforzo da sociedade galega por cubrir as necesidades educativas e, obviamente, hai que adaptarse á demografía, aos cambios sanitarios, mesmo aos propios recursos. Pero o que temos que dicir é que temos a mellor ratio profesor/alumno, un 70 % das nosas aulas de infantil e primaria están por debaixo dos 20 alumnos e un 30 % por debaixo dos 20. E tamén hai que dicir que o ensino público galego hoxe ten máis profesores que no momento prepandémico pese a ter menos alumnos, no entorno de seis mil alumnos menos. Co cal, señoría, eu podo entender que se critique, podo entender que se cuestione, podo entender que se fagan afirmacións sen fundamento, pero realmente o que non podemos —e creo que aí compartimos— é desprestixiar o noso ensino, desprestixiar os nosos profesionais e intentar que polas medidas que son concretas, específicas, puntuais para un caso concreto neste momento —que foi no máximo pico, en xaneiro e febreiro, cando se cubriron ao día— se poña en cuestión un sistema de substitucións que funcionaba moi ben co Partido Popular, que funcionaba igual de ben durante o Bipartito e que realmente é un orgullo para o conxunto de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para a rolda de réplica ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Ben, señor conselleiro, pode vostede falar, como antes, do sol, das nubes, da choiva e de que xa é primavera no Corte Inglés. Pero fala vostede de suposicións e logo no seu discurso vén de recoñecer que efectivamente hai un cambio.

É en xaneiro cando vostedes teñen que saír, despois de que levasen semanas denunciando xa os propios centros, os sindicatos ou as ANPA situacións insostibles. Porque coincidiu, ademais, que mudaron a este modelo —que vostede o acaba de recoñecer— de antes da pandemia no mes de decembro, nin máis nin menos. Insisto, na sexta onda, coa chegada da ómicron, coa Navidad á volta da esquina, con todas as pontes, é cando vostedes deixan de chamar e de empregar ese sistema de chamamentos diarios e de cubrir practicamente todas as baixas. Rectifican, efectivamente, no mes de xaneiro, coa que explotou. Pero non no mes de decembro, cando se estaba a denunciar. E aquí eu non trouxen recortes de ningún tipo, limítome ao que trasladaron os propios centros, os propios sindicatos e as propias ANPA da



situación que estaban a vivir pola irresponsabilidade. Primeiro calaron, e logo dixeron que era mentira e logo rectificaron no mes de xaneiro e de febreiro porque era inasumible absolutamente o nivel de baixas que había sen cubrir. Señor conselleiro, foi inasumible. Entón, ou facemos suposicións ou era verdade, unha de dúas. Ambas as dúas cousas son absolutamente incompatibles.

Entón eu preguntolle: no mes de decembro ¿que mudou? Estabamos moi ben. Fala vostede de que a palabra «prudencia» hai que empregala con sentido común e con ese sentidiño. O que pasa é que o sentido común non é cando interesa falar de prudencia e, cando non, non. O que non pode ser é que vostedes falen de prudencia e de agudizar a responsabilidade e estremer as medidas sendo a última comunidade autónoma de todo o Estado que ata hai pouco mandaba que os nenos e as nenas tiveran a máscara porque era así máis axeitado e no mes de decembro, en plena sexta onda, non cubran as baixas dos docentes. Non ten nin pés nin cabeza. É dicir, aquí a sanidade, a saúde e o interese non está para escoller —como dicía vostede— segundo teñamos unha estación do ano ou outra —na primavera do Corte Inglés—. É que non é así. ¡Non é así!

E o sistema de chamamento vén de recoñecer vostede —ben, xa avanzamos algo— que cambiou. ¿Que beneficios —se me pode responder na réplica— ten para o alumnado e para o profesorado esta práctica de non cubrir as baixas inferiores a dez días —xa que teñen o maior presuposto do mundo mundial—? Hai clases que están padecendo neste momento ata dúas semanas sen docente, con docente de baixa, ¡ata dúas semanas! Non falamos dun día nin de dous. Nós podemos considerar razoable que, evidentemente, nunha baixa dun día ou de dous —que entre que se fan todos os trámites administrativos xa se dá de alta— practicamente non paga a pena. Pero estase dando a circunstancia de que se están alongando baixas sen cubrir de ata dúas semanas, señor conselleiro. ¿Que planificación pode facer un centro? ¿Non hai unha merma académica, educativa, para ese grupo que está dúas semanas sen un docente ou sen unha docente? ¿Non é certo que seguimos en pandemia? ¿Non é certo que os centros están a dicir —fala vostede do catálogo— que están a trasladar, a denunciar e a pedir unha planificación precisamente de cara ao vindeiro curso porque hai un maior número de alumnado que se ten detectado con necesidades específicas e especiais? Falaba antes de problemas mesmo de saúde mental en nenas, en nenos e en mozos e mozas cada vez máis novos.

E vostede di que volvemos ao sistema e fala do Bipartito. Aquí si que o Bipartito funcionaba ben porque tamén tiña ese sistema. Cando interesa, falamos do Bipartito. É que teño que empregar as palabras que dicía a señora Queixas, de que está vostede no pasado, non queda outra. Porque estamos no presente —xa non falo do futuro—, nunha pandemia, cun virus que segue a circular. E aínda non rematou o curso. As medidas para este curso son as que están aí e vostedes deron un volantazo que non beneficia absolutamente a ninguén. (*Aplausos.*) ¡Señor conselleiro, non beneficia absolutamente a ninguén! (*Aplausos.*)

Polo tanto, pedimos que rectifiquen. E, insisto —para rematar—, era algo que funcionaba ben. E se algo temos que aprender da pandemia, iso que tanto dicimos —que ao final é unha falacia— de que imos saír todos mellores, se o control das ratios, os desdobres, a cobertura das baixas docentes se amosou que funcionou ben, ¿por que volven atrás? ¿Por que volven ao pasado? ¿Por que miran a saúde cando interesa? Respóndanos, señor conselleiro. ¿Cal é



o beneficio para o alumnado, para a comunidade educativa e para a educación pública da nosa comunidade que regresasen ao modelo pasado de non cubrir as baixas inferiores a dez días e non facer chamamentos todos os días da semana? Porque, como dicía, é algo elemental, pois aquí as enfermidades e os accidentes non chaman á porta e non avisan se é luns, martes ou xoves.

Pola nosa parte, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Bueno, señora Otero, a verdade é que non me contestou se había outras comunidades autónomas do conxunto de España, que seguro coñece, gobernadas polo Partido Socialista que teñan un mellor sistema que o galego. Non mo contestou. Creo que é significativo, absolutamente significativo. *(Aplausos.)*

E vostede, que é responsable política —é unha pregunta, digamos, ao aire—, ¿cre, como responsable política, que unha sociedade ou un sector debe manter, unha vez superada a pandemia, a situación que se vivía en moitísimos aspectos durante a pandemia? Sería sorprendente, e sería moi interesante a súa resposta. Por suposto, non coincide cos seus ministerios, que cando había situacións pandémicas ao mellor daban recursos e, cando non, sácanos. Co cal, mire, aquí non se sacou absolutamente nada. Aquí o que se fixo foi, nos momentos máis difíciles desde a perspectiva sanitaria, reforzar un sistema que funcionaba, funciona e funcionará moi ben. É recoñecido por todo o mundo menos por vostedes, ¡absolutamente inaudito! Se vostede pide que, unha vez que estamos nunha situación normal, se manteña un sistema que se fixo para os momentos máis difíciles —xaneiro e febreiro—, é realmente algo que raia absolutamente na irresponsabilidade e que manifesta un descoñecemento do funcionamento do sistema educativo. E, por certo, o noso sistema —insisto—, se non é o mellor, é dos mellores de España. Non creo que haxa moitas comunidades autónomas que poidan dicir o que eu digo aquí publicamente. Iso funcionou sempre ben, sempre funcionou ben.

E, claro, vostede fala de planificación. O Partido Socialista fala de planificación educativa. É realmente inaudito. Levamos dous anos sufrindo literalmente os cambios de regras do Partido Socialista á metade do partido. O que hoxe din, mañá cámbiano, e pasado publican unha cousa absolutamente diferente. Iso si que complica a planificación do sistema educativo. Iso si que aporta incertezas ao conxunto do sistema educativo e iso si que xera estrés no conxunto do sistema educativo. *(Aplausos.)*

E, miren, nós temos un sistema —como estou dicindo— que funciona cun altísimo nivel de excelencia, cun altísimo nivel de excelencia e case sen parangón no conxunto do Estado. E temos, desde a perspectiva do profesorado, por suposto, o máximo respecto ao conxunto do profesorado. Non nos cansaremos de dicilo nunca. Foron vitais e son vitais, obviamente, en



calquera momento da nosa historia. Pero foron tremendamente vitais nos momentos máis críticos da pandemia. Creo que iso temos que recoñecelo publicamente e eu recoñecereino sempre que poida. E que hai un esforzo por parte da comunidade educativa e por parte da Xunta de Galicia en estabilizar o profesorado eu creo que é absolutamente incuestionable. En España, por exemplo, un 25 % dos profesores son interinos. Algunhas comunidades autónomas socialistas están no 40 %, ¡eh! Galicia está no 8 %, no 8 % de persoas interinas. E aínda así seguimos facendo e convocando prazas de estabilización e convocando prazas de oposición, concursos públicos para fortalecer o profesorado. Vimos hai moi poucos días de presentar o proceso do bienio 2022-2023, no que en Galicia imos ter case 4.000 prazas para profesores funcionarios, 4.000 novas prazas para profesores funcionarios. O obxectivo que se nos plantea por parte do Ministerio nós xa o temos cuberto antes de empezar. E temos, como xa lles dixen, tamén a mellor ratio profesor-alumno. E no goberno Feijóo, ao que vostedes sempre acusan de recortes, sempre o acusan de que non estabiliza o profesorado —sempre o acusan practicamente de todo—, se facemos unha media dos profesores e das prazas convocadas nas oposicións, temos que dende o ano 2009 hai unha media de 1.000 docentes ao ano que pasan a ser funcionarios públicos. No último quinquenio estamos a falar practicamente de 15.000.

Realmente, a partir de aquí —xa lle dixen as ratios— é todo literatura. Entón son só apreciacións políticas cun débil contacto —se se me permite a palabra— coa realidade e co sector educativo. ¿Hai moitos problemas no sector educativo?, ¿hai moitos problemas no conxunto da sociedade —como xa dixen antes—? Sen dúbida ningunha. Pero para chegar a cuestionar, como fan vostedes, o sistema de substitucións da Xunta de Galicia —que no seu momento, cando fixo falta, estivemos aí, nos momentos máis difíciles estivemos aí, e que agora que afortunadamente está a situación normalizada volvemos á situación normal, e esa situación normal no conxunto de Galicia case non ten parangón no conxunto do Estado— hai que ser, como xa dicía, certamente atrevidos.

En todo caso, señorías, Galicia pode presumir, e creo que hai que dicilo con orgullo, dun bo sistema educativo e dun grandísimo profesorado. Conxuntamente a comunidade educativa tivo un comportamento absolutamente excepcional e absolutamente brillante durante a pandemia. E o que non ten sentido, señorías, é que o que se fixo para a pandemia se manteña despois da pandemia, porque non tería, en moitas variables, en moitísimas variables, ningún sentido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata esta tarde.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, perdón. Suspéndese a sesión ata as 16.30 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.



Reanudamos a sesión co punto oitavo da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedrayo de Ourense

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, conselleira, señorías.

Hai uns meses, aproximadamente a finais de decembro de 2021, a Xunta de Galiza adquiriu catro parcelas no barrio ourensán das Lagoas para a construción dun edificio administrativo, que estaba xa prometido —como todo en Ourense— dende hai décadas, do que nada se soubo e que pretendía aglutinar todas as dependencias da Xunta de Galiza —hoxe espaxadas por vinte inmóbeis—. Aproveito a comparecencia da señora conselleira para ver se pode informarnos —porque na Comisión 1ª xa o intentamos en dúas ocasións— do porqué da adquisición desa parcela, aprobada polo Consello da Xunta, da razón dos metros adquiridos, do prezo pagado e da negociación exprés realizada cun coñecido construtor. Como lle digo, o lugar de edificación dese edificio administrativo está ao pé da avenida Otero Pedrayo, OU-536, antiga estrada de Poferrada.

Se algún día se realiza ese edificio administrativo, iso vai implicar obviamente un incremento do tránsito e da circulación viaria e peonil, polo que nos interesamos pola recuperación desa vella promesa do soterramento da estrada OU-536, é dicir, a avenida Otero Pedrayo, no seu treito inicial, que ademais de protexer a seguridade permite a integración dos diferentes campus, e mesmo do campus co resto da cidade.

Este proxecto, como todos os previstos para Ourense, xa foi prometido e anunciado creo que pola primeira vítima política do señor Núñez Feijóo, que foi don Xosé Cuiña —ou sexa que estamos falando do século pasado—. Prometeuse no seu momento e non se fixo nada.

Despois, xa co Partido Popular fóra do Goberno, aproximadamente polo ano 2008, existiu un proxecto da man do Concello, da Universidade e da extinta Caixanova —proxecto chamado «A Porta», polo arquitecto Patxi Mangado e o sociólogo Iribas— que pretendía o soterramento da OU-536, a construción dun bulevar, dun carril bici, de vivenda protexida e de áreas comerciais e residenciais. Mais, dende xa o 2008, o Partido Popular non fixo nada; realmente non votou en contra nunca, pero non fixo nada por que ese proxecto se fixese realidade.

Nese proxecto vivenda protexida non houbo. Co Partido Popular nos últimos oito anos en Ourense houbo unha vivenda protexida, estamos moi intrigadas por saber quen foi a persoa beneficiaria, pero houbo ¡unha! vivenda protexida en todos os anos; o carril bici que estaba nese proxecto seica vostedes o van facer dez quilómetros máis arriba...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...xusto nas propiedades da familia (...) (A derradeira palabra da intervención do orador resulta inintelixible.)

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, eu creo que na súa iniciativa, desde logo, parte dun erro importante en materia competencial que pasarei a explicar agora mesmo. Pero, en calquera caso, imos por partes.

Sabe que entre o ano 2018 e 2019 fixemos unha actuación importante de remodelación da avenida de Otero Pedrayo na estrada OU-536, antiga estrada autonómica —xa non é unha estrada autonómica—. Esa mellora foi unha mellora radical e importante de seguridade viaria neste ámbito, con dúas rotondas, tamén unha fonte ornamental, semáforos, pasos de peóns renovados, iluminación renovada, beirarrúas renovadas, mellora da accesibilidade tamén á Universidade, a piscina da Universidade e unha senda tamén importante. Polo tanto, foi unha mellora de seguridade viaria, de accesibilidade e mobilidade importante na avenida de Otero Pedrayo, aínda que a vostede lle pareza pouca cousa. Foron dous millóns de euros practicamente, preto de dous millóns de euros.

E no ano 2019, no *Diario Oficial de Galicia*, sabe vostede que houbo un cambio de titularidade. Polo tanto, estame vostede a preguntar por unha vía de titularidade municipal. A Xunta de Galicia non é titular desa vía; polo tanto, a súa iniciativa parte dun erro importante de concepto e está petando nunha porta na que non debe petar, porque estamos a falar dunha vía de titularidade municipal. Logo acúsanme de invadir competencias ¿non? E creo que hai que respectar as competencias e sempre hai que concretar as competencias de cadaquén, non creo que teña que ser criticada por concretar as competencias e a titularidade das diferentes estradas.

Polo tanto, é o Concello, como titular da vía, quen debe de pronunciarse sobre ese soterramento e, en primeiro lugar, valorar se hai a oportunidade concreta desa ordenación urbana e desa mobilidade que plantexa vostede. Eu entendo que non me ten que solicitar e exixir que invada as competencias municipais. Polo tanto, eu insisto en que se confunde de porta.

En calquera caso, a remodelación importante que fixemos na avenida de Otero Pedrayo cando a estrada era da Xunta de Galicia non impide o soterramento; estamos a falar de actuacións complementarias. Polo tanto, debe decidir o competente, que é o Concello de Ourense, e son actuacións compatibles.



Eu creo que non pode haber ningunha dúbida —e superan calquera exame— sobre os investimentos da Xunta de Galicia na cidade de Ourense. Foron nove millóns de euros da estación de autobuses —da primeira estación intermodal—. Falta o 97 %, que é a estación ferroviaria, por parte do Goberno de España, e non o escoito. Cumprimos cos veciños do Pino demolendo a antiga estación de autobuses. Tamén as dúas fases da ponte romana-capela dos Remedios, as sendas licitadas e en execución, as sendas que conectarán o norte e o sur de Ourense e tamén os 52 millóns de euros da ampliación do hospital. Polo tanto, dos investimentos da Xunta de Galicia non se pode dubidar.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Si, coa venia, señoría.

En primeiro lugar, dous millóns de euros de investimento non, un millón catrocentos mil máis IVE. E despois, para facer isto, unha auténtica trapallada. (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro amosa un documento.*) ¡Isto, isto! ¡En fin!

Despois, iso mesmo que vén de contestar agora xa o contestou en 2017. En 2017, sendo alcalde don Jesús Vázquez, xa o Concello lle requiriu a vostede —creo que xa era conselleira— que procedesen á redacción dun proxecto para o soterramento da vía, dese treito. A estrada si que segue sendo autonómica, ese treito endilgáronllo ao Concello hai ben pouco. En 2017 xa podería contestar as nosas preguntas e dicir «temos un proxecto pero está en fase...» Conteste, porque daquela, e ata hai ben pouco, si era titularidade da Xunta.

En todo caso, ¿cal é a intención do Concello, que vostedes cogobernan? Por certo, este requirimento foi por unanimidade do Pleno. Despois de tres anos de titularidade da Xunta de Galiza esperando a que cumpriran este requirimento do concello amigo, o Concello de Ourense novamente ten que realizar outro requirimento en marzo de 2020, e o Pleno do Concello de Ourense, por unanimidade, insta a Xunta de Galiza —utilice a figura que queira, pero a vontade está explicitada, ben por un convenio ben pola figura que sexa— a que faga realidade ese soterramento dunha vía, non dun treito senón dunha vía, que si é de titularidade autonómica.

E respecto das obras que vén de facer a Xunta de Galiza en Ourense, son —desculpe— absolutamente ridículas, porque a estrada, unha estrada que se denomina Bande-fronteira portuguesa, vostedes remátana en Celanova e non teñen intención ningunha de seguir —pese á unanimidade de colectivos económicosociais e políticos que reclaman que esa autoestrada AG-31 siga ata a fronteira portuguesa—.

Despois fan un vial...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que conecta... (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés, terminou o seu tempo.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, ¿non paga vostede o IVE?, ¿non ten en conta o IVE? A Xunta paga o IVE, a xente paga o IVE, paréceme increíble que a vostede lle dea igual se o IVE se paga ou non se paga e se é do 21 %. As nosas obras páganse con IVE e é do 21 %. Polo tanto, paréceme un erro de vulto, como deputado que é vostede, non ter en conta a cuestión de pagar ou non o IVE das obras, igual que o IVE que paga a xente.

Pero, en calquera caso, creo que as actuacións da Xunta de Galicia en Ourense que teñen vocación urbana non teñen ningunha dúbida e superan calquera exame. Polo tanto, non veña discutir as obras. Eu vou ao gran, non coma vostede, que discrepou doutras cousas. Eu creo que as obras que facemos son realistas, viables, positivas, pagando o IVE. O BNG sempre está en contra do que se fai. Se lle vai ben a Galicia, é que lle vai peor ao BNG. É a súa filosofía. Está no seu ADN estar en contradición permanente, é o seu ADN a contradición permanente e estar sempre en contra do que se fai e do que beneficia a Galicia. É que é o seu ADN, ¡que lle imos facer! Pero eu voulle seguir respostando.

Tamén están en contra da Lei de xestión do ciclo integral da auga. Piden que se eliminen os vertidos e logo van en contra da lei. É a contradición permanente, en contra de todo. De todo o que é bo pois están en contra para ver se lles vai mellor. Tamén ¿que dicir da mobilidade sostible en Pontevedra, que non conseguiron eses fondos Next Generation? O exercicio da contradición pola súa banda é importante. E voulle dicir xa o *top* da contradición. Vou ler. Está en castelán porque é un escrito —no Congreso— do BNG, do deputado do BNG Néstor Rego en materia de soterramentos —se falamos de soterramento en Ourense tamén podemos falar de soterramento en Vigo—. Está en contra do túnel da Porta do Sol, e, se me deixa, leo a opinión sobre o soterramento. Leo: «*Son numerosas las recomendaciones técnicas y expertas que alertan del efecto contraproducente de la derivación subterránea del tráfico en relación al objetivo estratégico de retirar el vehículo privado de la circulación en el corazón de nuestras ciudades*» —BNG—. (*Murmurios.*)

Contradición permanente. É o seu ADN. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero está aquí. Se non o teñen, déixollo ao presidente. Creo que a incoherencia é absoluta, e creo que os investimentos da Xunta de Galicia non están en cuestión, superan o exame de calquera... Estamos a falar de investimentos. A ampliación do hospital son 25 millóns de euros. E creo que dixeran todo e relatei todos os investimentos que estamos a realizar. O que non critican vostedes é a falta de investimentos do Goberno de España, nin a construción da A-76 nin a construción da autovía Lugo-Ourense, que é de relevancia capital. E vostedes están cun goberno de España ao que apoian.



Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Iria Carreira Pazos e D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas para recuperar a liña e os horarios do servizo de transporte de viaxeiros por estrada XG80412 Santiago-Negreira

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señora conselleira.

Falamos agora das comarcas da Barcala e de Compostela. O certo é que poderíamos falar da Barbanza, de Ferrolterra, de Arzúa, case de calquera comarca ou localidade galega. Enumero estas porque van ser obxecto de debate parlamentario nos próximos días. Porque o que está a suceder co transporte colectivo no noso país é verdadeiramente dantesco. Case dá igual onde miremos porque vai haber protestas pola desfeita que é o transporte público no territorio galego, tanto por omisión como tamén pola acción dos gobernos tanto galego como central.

Centrándonos no caso do transporte que depende do goberno que aínda a día de hoxe preside Núñez Feixóo, o Plan de transporte público de Galiza ten uns principios básicos: facilitar a mobilidade das persoas, fomentar e potenciar o uso prioritario do transporte público e facilitar a intermodalidade e a accesibilidade, de xeito que se potencie como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular contribuíndo á vertebración territorial. Partindo desta base, podemos concordar en que o servizo de transporte público debe cubrir as necesidades das persoas que o utilizan, funcionando como unha boa alternativa fronte ao uso do vehículo particular.

No caso da pregunta que hoxe traemos aquí, a liña Santiago-Negreira, as persoas usuarias deste transporte atopáronse o pasado luns 24 de xaneiro —o día que se efectivizou o cambio da empresa de transporte— cuns horarios que se modificaran sen practicamente aviso ningún, o que obrigou a moitas destas usuarias a quedar en terra ou buscar outras alternativas sobre a marcha para podérense desprazar. Durante uns cantos días a información foi moi escasa, sen lugares onde consultala de xeito veraz e accesible e con atrancos para poderen canalizar as súas queixas e as súas reclamacións. Porque estas existen. Por exemplo, como que hai veces que os autobuses nos que viaxan están nun estado verdadeiramente deplorable. Pero non imos afondar hoxe nese tema, porque si que daría para un debate completo.

O malestar xorde sobre todo dos cambios de horarios que se realizaron. Esta liña de transporte é utilizada xa non por viaxeiras ocasionais, senón que tamén é frecuentemente utilizada por traballadoras, incluso por estudantes do IES de Brión e do IES Xulián Magariños de Negreira, entre outros. Os cambios de horario viñeron suporlle a máis de medio cento de alumnas que a chegada do autobús non se lles axustase co inicio e co remate das aulas, cando até xaneiro viñan utilizando o transporte público sen inconvenientes, cuestión que tamén foi denunciada polas ANPA e polas equipas directivas dos centros. Alegrámonos de que desde a Xunta de Galiza escoitasen esta reclamación e recificasen parcialmente neste punto.



No rexistro de entrada desta propia Cámara foron entregadas hai máis dun mes máis de mil duascentas sinaturas de persoas que manifestaban este malestar e solicitaban un cambio nos horarios para que ese transporte puidese ser verdadeiramente aproveitado. A pregunta é sinxela: ¿van recuperar os horarios na liña de autobús Santiago-Negreira? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu alégrome de poder compartir os obxectivos que me comenta vostede de transporte público, eses principios básicos dun transporte público para facilitar a vida das persoas e adaptalo ás súas necesidades. E para nós dende logo que o servizo de transporte público, o autobús, é vital para loitar contra o despoboamento. É unha ferramenta idónea tamén para combater a contaminación e sobre todo para facilitar a mobilidade do rural. Nós así traballamos, e estamos vixiando permanentemente e facendo seguimento do Plan de transporte público.

Nós somos conscientes das bondades do servizo público e dende logo apostamos por servizos públicos con claridade. A nosa aposta é clara, decidida, constante, e por iso facemos seguimentos constantes. Para nós é prioritario que sexa útil o Plan de transporte público e nese sentido traballamos. E tamén no ferrocarril, que sabe vostede que non se recuperaron as frecuencias previas á pandemia. Polo tanto, pódese falar moito de transporte público e de servizos, non soamente vir á Xunta de Galicia criticar se hai un axuste dun horario ou non —por certo, axustes de horario que xa están arranxados e acordados co instituto e coas ANPA—.

E gustaríame tamén, se falamos de transporte público, dicir que nós, como Goberno, estamos en alerta máxima como consecuencia do Anteproxecto de lei de mobilidade sostible que está promovendo o Goberno de España e que apoian vostedes en Madrid. Estamos en alerta máxima e presentamos alegacións porque ignora o rural, condena o rural. Eu invítoos a que estuden e analicen ese anteproxecto, porque abandona totalmente o principio fundamental de equilibrio territorial e fai unha énfase excesiva na rendibilidade. É unha acta de defunción, dende logo, do tren de curta e media distancia. E vostede, pois nada, vén aquí a poñerlle deberes á Xunta de Galicia —que me parece moi ben—, pero eu quería poñer en cuestión no contexto do transporte público, xa que falamos de transporte público, por que pechan os ollos ante outras cuestións que son infinitamente máis relevantes e que terán un impacto tremendo na mobilidade do rural de Galicia.

Como lle digo, facemos seguimento continuo das tres mil setecentas liñas de transporte, tres millóns de viaxeiros e oitenta millóns de euros ao ano que trasladamos ao transporte público. Son 7,5 millóns de datos ao día que recibimos do transporte público, 7,5 millóns de datos diarios que se reciben e dos que analizamos por que é así cada dato.

Como digo, son axustes de horarios de cinco expedicións de vinte e seis para mellorar o servizo de transporte público. E nós queremos seguir ofrecendo servizos de calidade, por iso



estamos facendo unha enquisa de calidade que durará sete semanas —mil trescentas enquisas en mil oitocentas expedicións—. E, dende logo, queda demostrada a bondade do transporte público. Aí acordamos xa ese axuste de horario. Está xa acordado e reposto en consonancia coas ANPA da zona.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, recoñézolle, señora conselleira, a mestura que fixo de allos con bugallos, porque non ten nada que ver o que eu dixen co que vostede me respondeu. Se quere, falamos un día largo e tendido sobre o tren neste país, ou incluso sobre o traballo que está facendo o Goberno central a respecto do tren, das frecuencias nos servizos e de todo iso. Pero creo que non é o obxecto deste debate. O BNG xa ten presentadas iniciativas en Madrid a respecto do anteproxecto do que vostede falaba, e alí as defenderá.

Como lle dicía, para comezar, facer un cambio coma este nos horarios dun servizo como o do transporte e sen avisar debidamente as usuarias con antelación, sen ter a información facilmente dispoñible e accesible, é unha falta de respecto cara ás usuarias do servizo de transporte. Para continuar, os servizos públicos teñen que adaptarse ás necesidades da poboación, tamén o transporte. Se de verdade se quere dar cumprimento aos principios que antes lle enumerei do Plan de transporte público de Galiza, os horarios dos autobuses teñen que dar servizo ás necesidades que ten a poboación desa área. Para continuar, deille antes os parabéns pola modificación que se introduciu recentemente, incluíndo a parada no IES de Brión, facendo unha mínima modificación tamén nos horarios para adaptárense aos do centro educativo; modificación que data do 19 de abril de 2022. Mágoa que lles levara tres meses facer unhas modificacións que son tan sinxelas e que lle facilitan tanto a utilización deste servizo a unha gran parte da poboación. Mágoa que haxa que traer aquí iniciativas, facer recollida de sinaturas e que teñan unha xordeira selectiva tan brutal que non lles permita escoitar as críticas. E falo das estudantes do IES de Brión, porque as do Xulián Magariños de Negreira aínda teñen que agardar —ademais agora, que teñen ante si un calamitoso servizo de transporte escolar e que, ademais de constantes deficiencias, se enfrontan á pretensión da empresa de reducir liñas de transporte—.

¡Que mágoa, señora conselleira, que lles preocupen máis as notas de prensa que facer un traballo rigoroso, serio e...! *(As derradeiras palabras do discurso da señora Carreira Pazos non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señora Carreira.



Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

¡Que pouco durou o noso idilio falando de transporte público e de traballar conxuntamente polo transporte público, por un mellor transporte público, que é o que facemos facendo seguimento continuo! E se hai que axustar algún horario pois escoitamos, porque estamos permanentemente facendo seguimento, escoitando e adaptando os servizos ás necesidades das persoas. A min gustaríame que o noso idilio durara moito máis polo transporte público, pero vexo que xa non.

Eu digo que xa no mes de xaneiro se fixeron uns axustes, en cinco expedicións de vinte e seis, na zona que me di vostede, nas expedicións Santiago-Negreira —sobre quince minutos, e, bueno, eran en catro autobuses do sentido Santiago-Negreira e nun do Negreira-Santiago—. Axustamos eses horarios, que non é redución de servizos —non me fale vostede de redución de servizos, porque me pareceu escoitar na segunda intervención «redución de servizos»—. Non se reduciu ningún servizo, realizouse algún axuste de horario por mellorar o servizo, polo que puido haber algún inconveniente puntual, pero en ningún momento se eliminou ningún servizo. Segue habendo vinte e seis expedicións diarias de luns a venres, e en fins de semana hai dezaioito expedicións diarias. Se o complementamos coas ofertas de transporte público coas outras cabeceiras —Muxía, Santa Comba e Outes—, estamos a falar de corenta servizos ao día entre as 6:45 e as 22:10, e vinte e catro servizos na fin de semana, servizos importantes de transporte público.

E aí o que lle digo eu é: ¿onde están os recortes? No Plan de transporte do Goberno de España. Nas liñas interurbanas de longo percorrido estanse eliminando paradas e frecuencias no Plan de modernización das concesións de transporte público do Goberno de España entre comunidades. Vostedes iso non o traen a colación —aquí polo menos—, e falando de transporte público pois hoxe aproveito para poñelo enriba da mesa. Porque nós escoitamos o IES de Brión e o Xulián Magariños. Escoitámolos e por iso nos reunimos coas ANPA, e reunímonos tamén co persoal do instituto para buscar unha solución. Por suposto que escoitamos e dialogamos, e aí está: retomamos ese cambio de horario e acordamos entre as partes a saída ás 7:25 dende o pasado 19 de abril, como dicía vostede. Polo tanto, queda acordado porque escoitamos a xente e implantamos axustes acordados.

Tamén hai unha nova parada —que non llo escoitei a vostede—, sabe que implantamos unha nova parada o pasado martes tamén. Polo tanto, son melloras que a Xunta de Galicia atendeu porque a Xunta de Galicia escoita, porque a Xunta de Galicia fai seguimento do Plan de transporte público. E estamos moi atentos e moi sensibles ás demandas e ás necesidades de adaptar o transporte público.

No concello de Pontevedra ¿por que será que queren que a Xunta de Galicia faga o bus urbano? ¿Por que será? Porque o difícil é xestionar o bus urbano. ¿E a Xente Nova? É a Xunta de Galicia a que implantou a Xente Nova.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto das solucións para os problemas de abastecemento de auga no sur da provincia de Pontevedra recollidas no estudo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil no documento *Estudo de alternativas e documento ambiental para a mellora do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra*

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moi boa tarde.

Un reflexo, señora conselleira, nós o único que hoxe traemos aquí é un reflexo na hemeroteca das reviravoltas, dos cambios de opinión, dos meandros do Partido Popular a respecto do transvasamento, para que —se o ten a ben— se vexa reflectida, xa que falamos de ríos, coma se fose nas augas do Verdugo e do Oitavén, que é do que vimos falar.

Fíxese, señora conselleira, no ano 2010, por primeira vez, a Xunta valora un transvasamento dende o Verdugo e o Oitavén como opción para o abastecemento de Vigo. Isto xera as primeiras reaccións ante a desfeita ambiental que suporía e no ano 2011 un informe de Augas de Galiza descarta por primeira vez esta barbaridade (*O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.*) No ano 2017, un lustro despois, contexto de seca e novo cambio, nova reviravolta, novo meandro da Xunta de Galiza: onde dicía que non se ía facer o transvasamento, o que di agora non é só que ese transvasamento si se vai facer senón que ademais se vai facer polo trámite de urxencia, sen informes de impacto e levándoo adiante en tres meses —diciáse—. Isto loxicamente xera mobilizacións sen precedentes en Soutomaior e en Ponte Caldelas, que motivan no ano 2018 un novo meandro, unha nova reviravolta —esta vez o PP di neste Parlamento que transvasamento si, pero xa sen urxencia—. E en outubro —novo meandro, novo cambio de opinión— di que agora o transvasamento pode agardar e que o que hai que facer é un estudo.

Recapitulemos, señora conselleira, porque eu entendo que a sucesión de feitos non é doada de seguir: primeiro, si; despois, non; despois, si con urxencia; despois si pero sen urxencia; e, finalmente, «temos que estudalo». E finalmente desembocamos en outubro do ano 2021 e, ante o avance deste estudo que a Xunta tamén encargou, ¿que di o PP? Di que transvasamento en principio non, pero fai unhas declaracións que a nós nos deixan igualmente preocupados. Di: «Somos partidarios doutras medidas, como incrementar a capacidade dos encoros». E ao que queremos que nos responda a nós, á veciñanza e aos mariñeiros que nos acompañan hoxe neste Parlamento é a que se está a referir con ese «incrementar a capacidade dos encoros». ¿Estase a referir a un recrecemento de Eiras? ¿Está vostede a contemplar aínda que se leve a adiante un encoro en Forzans para abastecer a Eiras? Esas son as preguntas que lle trasladamos, señora conselleira. ¿Descarta definitivamente o transvasamento?, ¿si ou non? Demos xa demasiadas voltas. O que lle pedimos é que, dunha vez por



todas, sexamos capaces de asolagalo. ¿Descarta definitivamente o recrecemento de Eiras?, ¿si ou non? ¿Descarta definitivamente o encoro de Forzans, señora conselleira?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Señoría, para reviravoltas e meandros, vostedes. Está no seu ADN a contradición permanente. E voulo explicar agora, porque vostede confúndese de historia. (*O señor Lourenzo Sobral pronuncia palabras que non se perciben.*) Non me veña aquí endosar a min as declaracións e as propostas de Abel Caballero, do alcalde de Vigo. E, bueno, a historia está aí. ¿Por que o transvasamento do Verdugo e o Oitavén no ano 2017 non se executou? É evidente. Pola proposta da Xunta de Galicia, que a tiña estudada.

Nós estamos para dar solucións ante problemas da xestión da auga, vímolos facendo sempre. E ante os problemas, nós traballamos por solucións. Ofrecemos no ano 2018 facer un estudo conxuntamente co Concello de Vigo, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e coa Confederación, un estudo sen apriorismos para abordar o abastecemento futuro de Vigo e do sur de Pontevedra con garantías de abastecemento. Os resultados dese estudo —os últimos— recibímolos en Augas de Galicia o pasado 11 de abril. E a día de hoxe o que di o estudo é o que non di vostede, era o que dicíamos nós; por iso as súas reviravoltas e meandros. Pero gústame que lle gusten os meandros, que lle guste a xestión da auga.

O que di o estudo, na páxina 8 concretamente, é o que dicíamos dende Augas de Galicia, dende a Xunta de Galicia e esta conselleira de sempre: a garantía de abastecemento ás demandas reais está garantida; garantía volumétrica, garantía mensual, garantía anual, 100 %, 100 %, 100 %. O problema estaba e está na ETAP, e non os escoitei a vostedes no ano 2017... (*Murmurios.*) —eu non o escoitei, ao mellor dixérono—. Pois aí apostamos pola mellora da ETAP do Casal e aí están os feitos. Mal polo tempo perdido de todos estes anos sen que se nos fixera caso na mellora da ETAP. Nós xa temos absolutamente claro e estamos convencidos de que era unha necesidade inmediata a Estación de Tratamento de Auga Potable, porque o abastecemento no día de hoxe está garantido, e foi unha mágoa o tempo perdido todos estes anos sen que mellorara a Estación de Tratamento de Auga Potable, porque no día de hoxe se iniciou —celebrámolo— cunha concesión polémica, pero ben, aí está; está en obras, aínda que non está rematada.

No ano 2017 había auga. O encoro de Eiras estaba ao 37 %, iso quere dicir que tiña auga, e o problema estaba na Estación de Tratamento de Auga Potable. Iso vímolos defendendo sempre. Polo tanto, non cambie vostede a historia segundo lle interese.

O que cómpre agora é que as actuacións —que están nun estudo que fai a Confederación, que non fai Augas de Galicia; o estudo está contratado pola Confederación, e nós asinamos un convenio para cofinanciar— teñen que ter o seu aval ambiental.



E o transvasamento do Verdugo, xa o dixemos, non é útil, non é eficaz e incluso é contraproducente dende o punto de vista hidrolóxico, medioambiental e hidráulico. Dixémolo sempre e volvémolo dicir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Pois vaia se hai meandros, señora conselleira, vaia se hai contradicións, que vostede vén aquí dicir que mantiña unha opinión no ano 2017 —repase o que acaba de dicir— e resulta que eu teño aquí unha nota do ano 2018 (*O señor Lourenzo Sobral amosa un documento.*) que di: «O PP rexeita no Parlamento paralizar o transvasamento do Verdugo». Aclárase. Ou no 2017 estaban en contra do transvasamento e dicían o que agora acaba de dicir, ou resulta que no ano 2018 —un ano despois, ou varios meses despois— estaban aínda teimando con agredir o río Verdugo e o río Oitavén. Non o digo eu, dío este deputado, Luís Bará, que foi quen deu ese debate; e dío o señor Pazos, do Partido Popular, que foi, con todos os compañeiros que aquí teñen, quen votou en contra de paralizar unha acción como era o transvasamento do Verdugo por parte da Xunta de Galiza.

E fálanos de que hai que mirar para outros gobernos, para o Goberno de Vigo. Claro que somos tremendamente críticos, e así o fomos. É máis, se se conseguiu paralizar o transvasamento que estaba propoñendo o Goberno de Vigo e amparaba a Xunta de Galiza no ano 2018, foi grazas ás mobilizacións da veciñanza que aquí hoxe nos acompaña (*Aplausos.*), dos mariñeiros, que deron un exemplo de dignidade fronte ás súas políticas, señora conselleira.

E fíxese que a min me parece fantástico que vostede faga unha referencia ao Goberno de Vigo, pero, claro, é que temos un problema tamén de contradición nas súas declaracións, señora conselleira. Porque resulta que, se tiramos de hemeroteca, nese mesmo ano 2018 o responsábel que vostede agora sinala tiña exactamente a mesma posición ca vostedes. (*O señor Lourenzo Sobral amosa novamente o documento.*): «PSOE e PP urxen á Xunta o transvasamento dende o Verdugo ante o risco de novas secas». Señora conselleira, é que na súa primeira intervención non dixó nin unha verdade. Trata de reescribir a historia, e a historia é teimuda. E non o di este deputado, senón que o di a hemeroteca.

Eu insisto no importante, porque aínda non nos contestou: ¿descarta definitivamente o encoro de Forzáns?, ¿si ou non, señora conselleira?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.



Para o peche da pregunta, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): A contradición permanente está no seu ADN, señoría. (*Murmurios.*) Xa o saben vostedes. Están en contra dunha lei que mellora, que elimina vertidos e que aposta polas auditorías nas redes. ¿Apostan polas auditorías nas redes de abastecemento a Vigo?, ¿si ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Polo tanto, a contradición permanente é a súa, a do Bloque Nacionalista Galego; e sobre todo na xestión da auga é xa increíble. Pretenden dar leccións de xestión da auga cando os concellos do BNG, a maioría deles, se desentenden absolutamente da depuradora. Esa é a coherencia do BNG, desentendéndose das depuradoras, subindo os recibos —como escoitamos onte, en Tomiño, en Carballo— da auga. Esa é a súa contradición permanente en materia de auga e en materia doutras moitas cousas.

Eu vou insistir en algo. Hai un estudo que realiza a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil —polo tanto, o Ministerio para a Transición Ecolóxica—, que concreta unha serie de actuacións. Estamos a falar dunha nova presa; dun bombeo do río Miño ao río Zamáns —que non lle escoitei a vostede—; tamén prevé o do río Verdugo e o do Oitavén; tamén prevé o reforzo do túnel de Amoedo; tamén un reforzo para o sistema... —estoulle contando o estudo, por favor; se me deixa, eu continuo—. E agora a Confederación debería de, polo menos, acreditar o aval ambiental; creo que é o que debería de facer a Confederación. Nós non podemos apostar por ningún encoro nin transvasamento sen ter acreditado o aval ambiental, como é lóxico, e deberíao de ofrecer a Confederación.

Eu vólvolle insistir —e levo en Augas de Galicia moitos anos, dentro e de conselleira—, e xa llo dixemos dende hai moitos anos, en que a ETAP —que non llo escoito a vostede— é imprescindible. Grazas a Dios está en execución. O transvasamento do Verdugo está no estudo. No estudo, se se le a letra pequena e se interpretan as táboas, vese que nin é eficaz nin útil nin viable —parece que lle dá igual o que lle diga—, e iso volvémoslo interpretar e dicir. O problema non está nas nosas garantías de abastecemento no día de hoxe, que están ao 100 % garantidas; o que se estuda aí é o do ano 2070; é dicir, a longo prazo que alternativas plantexan.

A envergadura é de moito calado porque estamos a falar dun transvasamento internacional do Miño, de transvasamento entre concas, para dar abastecemento a diferentes concellos, e dada a envergadura e os ríos implicados, o que se precisa é que se declare de interese xeral este abastecemento ao sur de Pontevedra e ao concello de Vigo, porque se o abastecemento a Lugo, a Ourense e tamén a Pontevedra foron declarados de interese xeral, máis aínda este. E témoslle pedidos xa no día de hoxe á Confederación tanto a declaración de interese xeral como o aval ambiental.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Noa Susana Díaz Varela e D^a Noelia Otero Lago, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación detallada da campaña do Bono Cultural lanzada en 2021

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde, señor conselleiro.

A Xunta de Galicia lanzaba a finais do ano pasado un bono para subvencionar a compra de produtos culturais, en dous meses —dende o 1 de novembro ata o 31 de decembro—, cun desconto do 50 % da compra realizada e ata un máximo de 50 euros.

O obxectivo principal —díciase— era incentivar a demanda cultural e fomentar o consumo, ademais de tentar fortalecer o sector, dinamizar a actividade dos establecementos culturais e reducir o impacto económico derivado do cesamento e das restricións da actividade como consecuencia da pandemia da covid. A convocatoria explicaba tamén o tipo de produto que se podía adquirir ou consumir, así como as súas inclusións, e mantiña dezasete grupos e epígrafes do IAE nos que tiñan que estar rexistrados eses establecementos adheridos.

Nas bases da convocatoria explicábase tamén que a Secretaría Xeral de Cultura, como responsable do programa, podería realizar de maneira aleatoria actuacións de comprobación ou de inspección para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e tamén para verificar, loxicamente, a axeitada execución do programa.

A nós hoxe aquí gustaríanos saber se a Secretaría Xeral de Cultura realizou algunha destas inspeccións aleatorias e se xa ten datos acerca da súa execución e dos seus resultados. ¿Saben vostedes por exemplo, señor conselleiro, en que tipo de establecementos se gastaron eses bonos? ¿Sabe vostede que clase de produto cultural se consumiu? ¿Saben vostedes cales foron as datas de maior consumo ou se se empregou máis ese bono en contornas rurais ou en contornas urbanas? E, o que é máis importante, señor conselleiro, ¿consumiuse cultura galega?, ¿gastáronse os bonos culturais na cultura producida e creada no noso país? Preguntámoslle isto porque só así estaríamos cumprindo cun dos obxectivos da convocatoria, como era o de contribuír a afortalar o noso sector.

Estamos moi acostumadas, lamentablemente, a que o Goberno galego desenvolva accións moi mediáticas e de suposto gran calado —¡grandísimo calado!— sen ter realizado unha diagnose, algo que nos preocupa; pero, o que máis nos preocupa aínda, sen facer tampouco despois unha análise rigorosa dos resultados desas accións.

Se ben ao Grupo Socialista calquera tipo de iniciativa de fomento do consumo cultural nos parece oportuna —é algo, ademais, que aprobamos e aplaudimos—, si consideramos que despois desta primeira experiencia deba existir unha rigorosa avaliación dos efectos que tivo, en especial —como digo— sobre os produtos culturais galegos, e en que medida axudou a crear novos públicos e a fortalecer a nosa cultura. É máis, pareceríanos moi axeitado que consulten vostedes, como fixemos nós, tamén o sector para comprobar se ese bono desconto tivo os efectos agardados.



Nós por iso agora, nesta quenda, queremos preguntarlle se ten avaliado de maneira detallada a Xunta de Galicia a campaña do Bono Cultural lanzada a finais do pasado ano.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Eu quixera, en primeiro lugar, agradecer á deputada do Partido Socialista a exposición feita, no senso de que parece que viron como positiva unha iniciativa posta no seu momento nun contexto social e nun contexto económico francamente complexo, afortunadamente diferente ao actual, e que en certa medida xerou un impacto moi positivo —así o entendemos— sobre o sector. Todas as mensaxes que tivemos dos profesionais involucrados no Bono Cultural foron positivas. A verdade é que non foi a única actuación que se puxo en marcha para favorecer a reactivación do sector cultural, que ademais da súa propia actividade, fundamental para construír e reforzar a nosa identidade e tamén para producir produtos de entretemento dende a perspectiva cultural, ten unha grande incidencia no mundo laboral, xa que estamos a falar aproximadamente de trinta mil persoas profesionais que traballan todos os días neste sector.

O sector cultural foi un sector que resistiu ben, que tivo un apoio da Administración autonómica significativo. Puxemos en marcha no ano 2022 medidas por encima dos corenta e dous millóns de euros para reactivar e para fomentar o sector cultural en todo o seu sentido. Os case dous millóns do Bono Cultural foron unha delas —unha das máis significativas, pero unha delas—, e a verdade é que, afortunadamente, estamos satisfeitos do seu resultado e do seu balance. Acabamos de coñecer hoxe pola mañá os datos do Barómetro da Cultura Galega —do Consello—, onde pon a situación da industria cultural galega —por extensión da nosa cultura— creo que en moi bo lugar; con bos resultados e, sobre todo, con moi boas expectativas.

Obviamente, púxose no Nadal, no último trimestre, tamén para aproveitar o tirón do incremento das compras que existen neste momento e utilizar os produtos culturais como un produto tamén, se se quere, para favorecer o consumo, regalando estes produtos ás persoas.

Trinta e nove mil bonos, o 50 % ata 50 euros —xa o dixo vostede, non o vou repetir— en diferentes produtos postos en marcha. E se vostede me pregunta sobre se temos os datos sobre o balance, pois dígolle que, efectivamente, os temos. Quizais o primeiro indicador que calibra o seu éxito foi a rapidez e a moi boa resposta con que a sociedade galega chegou a estes bonos. Acabáronse practicamente nun día. Outra boa resposta: as empresas que se involucraron, un altísimo número de empresas culturais que se involucraron.

¿E cal é o balance? Estamos a falar de trinta e nove mil beneficiarios aproximadamente; estamos falando, moi *grosso modo*, de setenta mil operacións de compra, fundamentalmente en librerías; estamos a falar de quiñentos corenta establecementos...



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois. Grazas... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, xa non o escoitan. *(Aplausos.)*

Para a réplica, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Lamento, señor conselleiro, que quedara sen tempo porque estaba realmente ben. Agardemos... Pero temo que non son eses os datos que eu quería.

Cando lanzou este Bono Cultural, que na nosa opinión resultou ser —de aí a nosa pregunta— máis un bono desconto da campaña de Nadal, ao uso de como fixeron moitos outros concellos para animar o seu comercio, non escatimaba vostede críticas ao bono cultural Xente Nova do Estado, que se porá en marcha en breve e que, como sabe, igual que xa acontece en Francia ou en Italia, destina 400 euros para que rapaces e rapazas de 18 anos os dediquen ao consumo da cultura, cunha distribución, ademais, da contía en bloques diferenciados para así asegurar o consumo de todo tipo de produtos.

É curioso, por certo —e vostede acabao de dicir, que aquí se produce algo similar—, que o 80 % dese bono nos países que xa dispoñen del se gaste en libros, agora que acabamos de celebrar o Día do Libro e diante do desleixo da Xunta de Galicia para con este sector, na nosa opinión. Para vostede isto parecía que era discriminatorio. Nós non podemos máis que botar as mans á cabeza; como se establecer un público obxectivo concreto para un propósito concreto puidese ser discriminatorio.

Trátase, no fondo, de que a entrada na idade adulta veña acompañada dun impulso económico para o goce, para o descubrimento de actividades culturais, ademais dun incentivo tamén para consolidar cidadáns e cidadás que incorporen a cultura no seu desenvolvemento vital. Xa que a mocidade galega en Galicia non pode gozar dun traballo e dunha vivenda digna, como mínimo facilitémoslle a cultura para facer deles e delas persoas, cando menos, libres.

Sexamos serios, responsables. Na nosa opinión, nunha materia tan transcendental como a cultura, pensamos que, por unha vez, deben adoptar unha postura coherente, acorde cunha rigorosa avaliación. Non queremos as cifras que vostede nos estaba dando, non un número, senón o tipo, ir a datos non tan cuantitativos senón máis cualitativos acerca de cal foi ese uso deses bonos. Convoquen de novo ese bono. Nós estamos de acordo con que é necesario un bono cultural, pero fágano con sentidío, primeiro avaliando —como digo— os resultados, e despois cun maior tino na selección dos produtos e establecementos, así tamén como cos tempos, para que realmente ese bono sexa un instrumento que favoreza o consumo cultural e sobre todo da nosa propia cultura. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Señora Díaz, se non escoitei mal —e penso que non escoitei mal—, vostede fixo aquí unha defensa cerrada do Bono Cultural do Goberno do Estado. ¿A vostede parécelle normal que o meu fillo, de 17 anos, non poida participar, ou que vostede e eu non poidamos participar? ¿Parécelle normal? Moi ben. Parécelle normal que se sexa só para as persoas de 18 anos. ¿E parécelle normal que este bono —que se empezou a vender, publicamente, creo que aproximadamente en outubro do ano pasado—, aínda hoxe, seis meses despois, non exista? Se me di vostede onde se pode sacar, cando o meu fillo teña 18 anos, voulle dicir que o pida.

Pero, ¿como vostedes poden facer unha defensa a ultranza dunha medida —que non é que o diga eu, non é que o diga o Partido Popular, dixérono moitísimos axentes do sector— que era absolutamente electoralista? E, por certo, despois de seis meses —unha gran capacidade de xestión— aínda non se viu. Vendeuse no seu momento que era para reactivar o consumo nos momentos de dificultade económica para o sector empresarial do mundo da cultura. Bueno, vai acabar a pandemia e aínda non chegou. Bueno, chegará, algún día. Pero, realmente, que vostedes veñan aquí defender un modelo do Bono Cultural posto en marcha polo Ministerio de Cultura é absolutamente sarcástico e absolutamente pouco defendible. *(Aplausos.)*

Dito isto, hai datos cuantitativos. Sabemos os establecementos, sabemos os concellos, que non terán maior interese. Están nunha páxina web os establecementos que participaban, onde se vendían... Están aí os datos todos. Vostede dixo que non quere datos cuantitativos. Pois, mire, algúns son moi significativos, como os que dixen. Obviamente, chegou a todas partes, chegou aos concellos urbanos e aos concellos rurais; seguramente se vendería máis nos concellos urbanos, obviamente. Pero viamos nos medios de comunicación o bo resultado que tivo este bono e como os profesionais das librerías e doutros sectores falaban positivamente. Ese é un dato cualitativo. Se non os quere cuantitativos, teña ese dato cualitativo como unha referencia.

E vostede case parece cuestionar que se fixera en Nadal. ¡Home! É mellor facelo no Nadal que non facelo, coma vostedes. Pero no Nadal eu creo que é positivo, porque regalar cultura cun bono que incentive o consumo é positivo. Eu, polo menos, véxoo así. Eu regalo, sempre que podo, libros, e eu creo que foi o momento axeitado para facelo. Xa lle dixen o número de operacións, dos establecementos... A boa acollida eu creo que foi moi positiva, o sector defendeuno e promocionouno. Incluso algunhas federacións, algúns colectivos do propio sector fixeron campaña eles propios, nas súas cidades; por exemplo, en Ourense a Federación de Libreiros. Creo que foi un éxito colectivo, un éxito para o sector, que axudou o sector en momentos difíciles, e que realmente, se vostede quere un balance cualitativo, eu diría que foi un balance cualitativo de éxito.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): E, insisto, creo que comparado... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Xa está conselleiro, terminou. Xa está.



Pregunta de D. Daniel Pérez López e D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras de reparación do Instituto de Ensino Secundario Alfredo Brañas, de Carballo

O señor PEREZ LÓPEZ: Boa tarde, conselleiro.

O salón de actos do Instituto de Ensino Secundario Alfredo Brañas, de Carballo, é un elemento senlleiro entre os diferentes centros de ensino cos que conta o concello. É un espazo singular, dotado dun patio de butacas para 294 persoas e dun poleiro para 119, mais tamén é certo que gran parte desas butacas da parte superior non se poden empregar por problemas no peralte, de xeito que só a primeira fila permite ver o escenario.

En todo caso, este salón de actos xogou ata hai uns meses un papel imprescindible para o desenvolvemento do proxecto educativo do centro. Alí se recibía o novo alumnado cando comezaba o curso, alí se realizaron durante anos as cerimonia de graduación, alí se realizaban actividades extraescolares, como os ensaios do grupo de teatro do centro, concertos musicais do alumnado, proxección de películas con fins educativos, ou era o espazo onde se realizaban as reunións dos pais, as presentacións dos titores ao alumnado e os propios claustros de profesores. Tamén festivos do calendario docente, como o do Entroido, cedéndose en moitas ocasións a outros centros educativos que carecen dun espazo destas características. Un espazo, pois, vital para que o profesorado e o equipo directivo poidan organizar o proxecto educativo dun centro vangardista e de referencia na provincia. Sen o salón de actos, o Alfredo Brañas é un centro incompleto, inutilizado en parte, que limita e condiciona o proxecto educativo.

Esa é, precisamente, a situación actual, porque en xuño do ano 2021, caeu o teito do salón de actos, provocado posiblemente polas humidades e por unha praga de avelaiña. Sen danos persoais, os materiais son abondosos: caída de partes do falso teito de escaiola, que a súa vez provocou estragos nas butacas, así como danos no sistema de iluminación eléctrica, ao que hai que sumarlle a praga de avelaiñas, que afecta gran parte das butacas con repousabrazos de madeira.

Ante esta situación, o equipo directivo adoptou a única decisión posíbel: clausurar o salón de actos e dar traslado á Consellería do acontecido. E clausurado está no día de hoxe, ¡dez meses despois!

Feita a comunicación, no mes de xuño, xirou visita un membro da oficina técnica da Consellería e un arquitecto para avaliar os danos, pero non foi até decembro —seis meses despois da caída do teito—, e coincidindo co rexistro desta iniciativa, cando uns operarios retiraron parte dos cascotes do falso teito. O 25 de febreiro, oito meses despois da caída do teito, coincidindo co debate na Comisión de Educación dunha iniciativa deste grupo, na que se pediu o arranxo inmediato do salón de actos, foi cando se presentou o inspector territorial no centro, comunicándolle á dirección do centro que había que facer un informe, oito meses despois de que a súa consellería tivese coñecemento do feito.

Sabendo que unha vez feito o proxecto aínda hai que executalo, o que pretendemos con esta pregunta, nós e a comunidade educativa, é saber cando ten previsto o Goberno galego aco-



meter as obras de reforma da fachada e o arranxo integral do salón de actos do Alfredo Brañas, de Carballo. Supoño e espero que poida comunicarlles ao equipo directivo, aos alumnos e ás nais, que despois de case un ano da caída do teito se está elaborando o proxecto e que a obra se executará antes de setembro deste ano, de xeito que a comunidade educativa poida desfrutar do salón de actos do Alfredo Brañas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez López.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, o Instituto Alfredo Brañas, de Carballo é un centro absolutamente senlleiro, un centro antigo tamén. Inaugurouse no ano setenta —ten máis de cincuenta anos—, e, efectivamente, moitísimas xeracións de veciños desa localidade, do contorno —supoño que vostede tamén—, se formaron nel.

É certo que Galicia ten un parque mobiliario educativo moi amplo, máis de mil cen centros educativos, cunha idade media duns corenta anos aproximadamente, e é necesario constantemente facer reformas. Hai problemas, hai necesidade constante de facer melloras, obras, ampliacións, como corresponde a un parque inmobiliario tan abundante, tan numeroso e tamén que ten certa idade. De feito, temos en marcha un plan, o Plan de nova arquitectura pedagóxica, que o que pretende é orientar esta reforma e estas ampliacións desde unha perspectiva centrada nos obxectivos deste plan.

Desde que fomos coñecedores desta situación, da caída do falso teito no salón de actos, púxose en marcha a maquinaria administrativa para poder darlle resposta, e houbo visita da unidade técnica —vostede citouno aquí— e unha serie de accións. Obviamente, hai uns prazos, uns tempos administrativos, que eu vou ser o primeiro en dicir que me gustaría que foran máis áxiles, pero está fixado no propio marco legal que é necesario facer unha serie de visitas, de avaliacións iniciais, e —digamos— de estudos técnicos, antes de redactar o proxecto e antes de poder executar as obras.

Neste sentido, pódolle dicir que os estudos técnicos que temos ata o momento nos falan dunha serie de obras que hai que facer a nivel de albanelería, a nivel de luminaria, de modificacións de instalacións de electricidade, etc. Temos xa a avaliación técnica, sabemos o que hai facer, sabemos cal é o seu custo, e, obviamente, imos encargar de xeito inmediato o proxecto —como non pode ser doutra maneira—, para poder pór en marcha a correspondente mellora deste centro educativo a través do seu salón de actos. Como xa digo, estamos cos estudos previos da unidade técnica feitos, imos encargar o proxecto, imos licitar o proxecto e imos executar a obra dentro dos trámites e dentro dos prazos legais establecidos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Señor conselleiro, a súa resposta é desalentadora e, por desgraza, previsíbel. O reiterado até o paroxismo argumento dos prazos administrativos co que o Goberno do Partido Popular agocha os seus incumprimentos non vale neste caso, conselleiro, porque vostede conta na Consellería con fondos RAM, os fondos de reforma, ampliación e mellora, que son áxiles e non están suxeitos á rixidez dos prazos administrativos comúns. Por iso, a súa resposta non deixa de ser iso, unha cortina de fume para tapar o absoluto desleixo co que o Goberno galego, neste caso do señor Feijóo, castiga a Carballo e, neste caso, a súa comunidade educativa. Porque o salón de actos do Alfredo Brañas é paradigmático desta realidade, porque estamos a falar dun centro no que os investimentos de relevancia da Consellería de Educación nos últimos cinco anos se resumen ben pronto: non houbo; un centro que cumpriu no ano 2002 —como vostede dicía— cincuenta anos, que precisa como auga de maio esa actuación integral no salón de actos, coa colocación do falso teito, a reposición do patio de butacas, unha actuación no peralte do galiñeiro, pero que tamén precisa outras actuacións nas fachadas do edificio polo perigo que existe de caída de cascotes.

Gustárame que vostede se comprometese coa comunidade educativa a que as obras do arranxo integral deste estarán rematadas para o comezo do curso académico 2022-2023, porque se pode facer recorrendo a eses fondos RAM da Consellería, que son áxiles, como digo, e non suxeitos a eses trámites innecesarios. Sería unha moi boa nova.

Todo isto non é óbice para que vostede, como responsábel político máximo da Consellería, explique por que razón dende hai case un ano este centro estea privado dun elemento fundamental para desenvolver o proxecto educativo, porque entendo que vostede considera o salón de actos como un elemento importante para desenvolver este proxecto educativo, ou ben comparte o manifestado polo portavoz do Grupo Parlamentario do PP no debate deste tema na Comisión, cando dixo literalmente que: «O salón de actos non é unha necesidade básica e, polo tanto, non cómpre o seu arranxo inmediato». Pode desautorizar esas declaracións —que son atrevidas— ou asumilas, asumindo así unha concepción arcaica e totalmente desfasada do que é o ensino moderno.

E tamén explique vostede por que non houbo contacto ningún da Consellería coa dirección durante máis dun ano. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Bueno, señoría, en primeiro lugar, unha aclaración, para non confundirnos. As partidas de RAM están sometidas aos mesmos procedementos de contratación que se foran fondos doutra partida; non por ser fondos RAM é máis rápido. Ten os mesmos procesos de contratación, exposición pública, elaboración..., absolutamente igual. Dáme a sensación de que dicía:



«vostedes cos RAM arréglo rápido». Non, arréglo igual, sexa a partida de fondos RAM ou sexa a partida que estea noutro ámbito.

Eu xa lle comentei cal foi o procedemento, e, obviamente, para facer un proxecto primeiro hai que saber o que é necesario facer, e cuantificalo, saber canto custa. Eu pódollo dicir. Temos xa os estudos técnicos feitos, temos os estudos preliminares elaborados pola xefatura territorial e pola unidade técnica, sabemos o que hai que facer e temos unha valoración económica. A valoración económica das obras, en concreto, é de 229.700 euros. Isto é o que nos di a unidade técnica hoxe que custa rehabilitar, e digamos arranxar, o salón de actos do Alfredo Brañas. É posible, tal como está tamén a situación do sobreprezo nas obras e a complexidade, que despois haxa que incrementalalo, pero os custos de pór en valor, de arranxar os problemas do salón de actos son 229.700. Entenderá que para chegar a esta cifra... Non é unha cifra alegre e que pase por aí un técnico ou un arquitecto, mida e diga «custa isto». Non. Hai uns pasos, uns procedementos, faise unha valoración técnica. Hai uns pasos que se deben seguir.

E niso estamos. Sabemos o que hai que facer, sabemos canto custa, imos encargar o proxecto para que se poida licitar, imos licitalo e imos facelo. ¿Que nos gustaría que fose máis rápido? Por suposto, pero hai uns procedementos —para que despois, sexan ou non sexan votades os primeiros en cuestionar ou en criticar— que hai que seguir e que hai que manter.

E creo que a comunidade educativa do Alfredo Brañas merece, sen dúbida ningunha, ter este salón de actos, por suposto, pero tamén temos que ter en conta que hai uns procedementos e uns procesos para seguir, e —insisto— desde o primeiro momento traballouse e fíxose unha valoración técnica. Sabemos as obras necesarias e sabemos o custo, 229.700 euros; e a partir de aí aínda queda un procedemento para levar a cabo cunha publicación, cunha licitación, etc., e posteriormente cunha execución da obra. Co cal estamos convencidos de que esta resposta —non sei se a vostede lle interesaría máis que non se fixera— é moi satisfactoria para o conxunto da comunidade educativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria

O señor PRESIDENTE: Pregunta da señora Amigo Díaz, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

O pasado mes de outubro, o Consello da Xunta aprobou o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria. Un documento no que se definen, segundo criterios asistenciais e tras escoitar as áreas sanitarias, cales deben de ser para o Sergas os investimentos prioritarios



en novos centros de saúde ou en reformas que deben de levarse a cabo nos vindeiros anos. Ademais, nun exercicio de planificación e transparencia deuse traslado a todos os concellos implicados e incluso o documento é de acceso público, pois está dispoñible na páxina web da Xunta para toda a cidadanía. Veracidade e transparencia.

Desde logo, esta iniciativa atallou de raíz todas as críticas infundadas ás que nos teñen afeitos a oposición, que repetían —a pesar de non ser certo— que as obras só se facían en concellos do Partido Popular, que as promesas de obras eran as mesmas cada ano ou que o Sergas non facía caso aos concellos que necesitaban obras. Agora, todos os concellos de Galicia, teñan a cor política que teñan, saben se está contemplado ou non unha obra sanitaria nos próximos anos e saben a superficie que necesitan, e poden, polo tanto, ir traballando en conseguir unha parcela para cedela á Xunta.

Este plan foi aprobado en tres fases: unha fase cero, na que estaban proxectos que xa se iniciaran con anterioridade ao plan e que non deixaron de avanzar nestes seis meses. Por dicir: licitáronse as obras do CIS Olimpia Valencia de Vigo, adxudicáronse os proxectos arquitectónicos do CIS de Ourense e dos centros de saúde de Antas de Ulla e de Abegondo, e licitáronse os proxectos dos novos centros de saúde da Rúa e Vilagarcía de Arousa. (*Murmurios.*) Pero despois desta fase cero estaban as fases unha e dúas, actuacións prioritarias para a Xunta e sobre as que os concellos deberían de responder para poder iniciarse.

Sabemos que nestes meses houbo moitas xestións sobre os centros contemplados nestas fases e é por iso que, hoxe, señor conselleiro, desde o Grupo Popular, queremos preguntarlle: ¿que previsións ten a Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señora Amigo, efectivamente, vanse cumprir seis meses desde que o Consello da Xunta aprobara ese Plan de infraestruturas de Atención Primaria. e dende o Goberno galego cremos que as expectativas que tiñamos na súa elaboración se están a cumprir. Está permitindo á Administración autonómica priorizar e dirixir mellor os seus investimentos, sempre coa información e o consenso das áreas sanitarias, e tamén está a permitir que os gobernos locais poidan actuar coñecendo a previsión da Xunta para os seus concellos.

En novembro do ano pasado, remitín cartas a todos os alcaldes e alcaldesas que tiñan novos centros contemplados na fase unha e dúas, porque —como vostede dicía— a fase cero xa



estaba en marcha, poñéndonos á súa disposición para que o noso persoal técnico avaliasse aquelas parcelas que nos ofrecen.

Podemos asegurar que o persoal técnico da Consellería de Sanidade visitou todos os concellos que o solicitaron. Deste xeito, foron case vinte visitas nas que se avaliaron as parcelas ofrecidas buscando solucións. E agora mesmo estamos actuando ao ritmo ao que van avanzando os concellos. Xa asinamos o primeiro convenio desa fase unha, o de Boborás, onde o concello axilizou a expropiación da parcela, e temos en tramitación os convenios de Muíños e Noia, onde tamén se avanzou nos trámites de adquisición. E naqueles concellos nos que a parcela está identificada —pero o concello debe iniciar trámites urbanísticos ou expropiatorios— asinaremos protocolos para darlles cobertura. Xa están remitidas as propostas de protocolos aos concellos de Ribadeo, O Carballiño, Malpica de Bergantiños, Teo ou Meis, que asinamos esta mesma mañá para avanzar na tramitación das parcelas propostas por estes concellos, que xa temos identificadas e acordadas.

No que ten que ver coas reformas, imos iniciar de inmediato aquelas que son internas e que non están afectadas por aspectos urbanísticos. Xa está encomendada á Axencia Galega de Infraestruturas a obra do centro da Milagrosa, en Lugo, e tamén estamos a xestionar xa a obra en Culleredo. Por outra banda, nas que teñen afectación urbanística tamén estamos arbitrando solucións. Asinamos un protocolo en Moraña para tramitar unha modificación urbanística que permita a ampliación, propuxémoslle esa mesma solución ao Concello do Rosal e no Concello de Rei asinaremos o compromiso de cesión dunha parcela anexa para acometer a obra.

Polo tanto, coído que contar con este plan coa vista a varios anos está a permitirilles a todas as administracións planificar mellor e ser máis eficaces.

Máis nada, polo momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, conselleiro.

Creo que é moi importante o que nos acaba de contar para demostrar como traballa a Xunta. Cando o concello ten interese, o Goberno galego sempre responde e sempre ofrece un traballo técnico e rigoroso. Cando desde a Administración local axilizan os trámites e atopan as parcelas, a Xunta fai os estudos técnicos e asina os instrumentos xurídicos para poder ir comezando eses procesos de cesión e de construción.

Falou vostede de vinte visitas a parcelas e o plan contempla entre a fase unha e dúas unhas corenta. Polo tanto, aínda descontando algunha parcela —que podería estar xa identificada de antes ou algunha obra de reforma que non precisa terreos—, está claro que ten que haber algúns concellos que, neste tempo, aínda non solicitaron visita. Gustaríanos saber, nesta segunda quenda, cales son estes municipios, porque, desde logo, sería moi paradoxal que



fosen precisamente algúns gobernados polos que din preocuparse tanto, tantísimo, pola sanidade pública, ata que lles toca traballar e xestionar. *(Aplausos.)* Eses que incluso cando non colaboran cuestionan o traballo doutros e teñen algo que criticar.

Desde o ano 2009, a Xunta investiu cento vinte millóns de euros en case un cento de obras sanitarias e están en marcha, agora mesmo, o CIS da miña cidade, en Lugo, outro en Lalín, e reformas en Arnoia e Ribadavia. E acaba de comezar unha ampliación de catro millóns de euros no centro de saúde do Porriño. Pois ben, alí tivo que ir o Partido Socialista dicir que ese centro se facía grazas a fondos Next Generation que conseguira Pedro Sánchez e que din que o PP non quería. ¡Non! O que o PP non quería era que eses fondos os distribuía Pedro Sánchez a discreción, a dedo e sen criterio, precisamente para que o Partido Socialista de Galicia puidera facer un discurso partidista, máxime cando ademais, neste caso —e creo que o conselleiro nolo poderá aclarar—, nin tan sequera é certo.

Polo tanto, nesta segunda quenda, gustaríanos que nos dese algunha información sobre o nivel de colaboración que está a atopar nos concellos para levar a adiante os proxectos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...do plan de infraestruturas... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Señora Amigo, ás veces, hai que ter puntería ata para equivocarse. Efectivamente, case todas as obras sanitarias contan con financiamento europeo, ben sexa Feder ou React. Pero o Partido Socialista, co rigor que lle caracteriza, ás veces, foi sinalar precisamente unha das poucas obras que non o ten. Léolle a resolución da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, onde se anuncia a formalización da contratación da obra de reforma e ampliación do centro de saúde do Porriño —por suposto, despois dun concurso público tanto do proxecto de ampliación como de obra, que inclúe o plan funcional e que parece que non é coñecido— e no apartado oito pon: «*Información sobre si el contrato está relacionado con un proyecto de programa financiado con fondos de la Unión Europea*». A resposta é «no». *(Aplausos.)*

Con respecto ao que vostede sinala, teño que dicir que todos os alcaldes e as alcaldesas que se interesaron polo plan están a ter un bo nivel de colaboración. Tivemos algún comezo difícil cos alcaldes do BNG, onde propoñíamos a ampliación, e eles pedían un centro novo; e, viceversa, onde propoñíamos un centro novo e eles pedían ampliación. Pero, o certo é que, a verdade, despois de sentarnos con eles, as cousas están ben encamiñadas e traballamos axeitadamente. Isto é así —como dicía— nos concellos que se interesaron polo plan, pero sorprenderalles saber —como a min— que non son todos.



Hai concellos que, despois de seis meses de recibir esa carta —á que me referín na primeira parte da pregunta, na que se sinalaba que a Xunta quería investir na sanidade pública—, aínda non deron ningunha resposta. É sorprendente porque ademais coincide —como tamén vostede suxería— con aqueles concellos que din preocuparse tanto pola sanidade. Por exemplo, o alcalde do Grove. Dixémoslle por escrito que necesitabamos unha parcela, reiterámosllo por carta hai pouco e seguimos sen saber nada. A alcaldesa de Lugo, que non nos deu resposta xa non á petición de parcela para o novo centro de saúde do Sagrado Corazón, senón que nin sequera a unha proposta de convenio para a reforma do centro de saúde da Milagrosa que —como dicíamos antes— xa está en marcha. O alcalde de Cedeira, que nos pedira unha reunión antes do plan —e que mesmo o Partido Socialista trouxera aquí unha iniciativa, que se aprobou por unanimidade, para a reforma do centro— aínda non deu noticias para poder iniciar esa reforma. E tampouco sabemos nada nin do alcalde de Fisterra, nin da alcaldesa de Allariz, nin do alcalde de Ferrol, ao que lle propuxemos a construción dun novo centro no barrio de San Xoán, pero non debe de ser especialmente interesante para el.

E permítame facer unha mención especial á comarca do Morrazo, e máis nomeadamente aos concellos de Cangas e Moaña. Van á manifestación semanal pola mala situación das súas infraestruturas sanitarias, pero levan anos paralizano deliberadamente investimentos de máis de dez millóns de euros (*Murmurios.*) de infraestruturas que a Xunta quere facer no Morrazo e estes gobernos locais non lle deixan. A alcaldesa de Cangas resístese a ceder os terreos para facer un centro de saúde integral como os que se están a facer en Lugo e en Lalín, e agora mesmo quere someter o plan funcional ás alegacións veciñais. E a alcaldesa de Moaña segue sen ceder a parcela, mentres que a Xunta xa ten rematado o proxecto básico e construtivo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Grazas. Terminou o tempo.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a recuperación do sistema sanitario público de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Julio Torrado, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Estiven a punto de pedir o amparo pola durísima pregunta que lle fixeron agora ao conselleiro. Ata o conselleiro aplaudiu a pregunta, fíxense como foi a cousa. ¡Isto é fabuloso! (*Risos.*) En todo caso, sobre as explicacións dadas, *excusatio non petita*... creo que o seguinte xa o coñecen.

Señor conselleiro, despois de todo isto tan bo que contou, seguramente lles vai poder botar a culpa aos alcaldes e ás alcaldesas tan malas esas, á xente que se manifesta... ¡Oh! ¡Que desastre que se manifesten, non deberían de ter dereito! Sobre estas declaracións, o Sergas admite que a sanidade galega tardará, polo menos, un ano en recuperarse da pandemia —un ano dende



agora, non un ano dende que inicia a pandemia—. É dicir —por traducilo—, que consideran que ata o 2023 non volveremos ter un nivel asistencial como tiñamos prepandemia.

É unha falta de ambición e un conformismo preocupante, polo menos, para nós, dende o noso punto de vista, e preguntámonos por que. A verdade é que recuperaron o pleno cheo —por dicilo dalgunha maneira— os estadios de fútbol, os bares, as igrexas, pero non a sanidade. Debe de ser que a sanidade —segundo este goberno— é o último dos recunchos que merece o esforzo para recuperar o nivel prepandemia. Nós pensabamos que debía de ser o primeiro, ¡ffí-xese! A verdade é que, ás veces, discrepamos tanto que temos incluso posicións contraditorias.

A verdade é que tamén é certo que é moi difícil cun goberno que inviste menos que a maior parte de comunidades en euros por habitante en sanidade ou, especialmente, en atención primaria. Xa que presumen, somos a segunda comunidade autónoma de España que menor porcentaxe de atención primaria dedica no seu orzamento sanitario, o 11,6 %. A verdade é que tamén é difícil que teñamos esa capacidade asistencial con novecentos setenta e seis profesionais menos en Atención Primaria —como din os orzamentos— que no ano 2009. E ademais é que é moi difícil cun goberno que renuncia ás transformacións reais: empaqueta grandes plans, ponlle uns lazos fantásticos e empeza a contar euros para o orzamento dos plans, pero sempre son os mesmos plans cambiados de nome, son os mesmos euros que como non se gastan, ao final, acaban gastándose as cousas. Iso si, con fondos europeos como os centros de saúde, que se gastan con fondos europeos dos que o PP despois vai dicindo que non quere, pero presume deles aquí facendo as súas obras. *(Aplausos.)*

En todo caso, señor conselleiro, vostedes afirman que non recuperarán especificamente as listas de espera ata os niveis prepandemia. Niveis prepandemia que, por certo —vostede seguro que coñecerá e se non seguro que llo poden asumir, pero estou seguro de que coñece—, o Consello Consultivo xa dixo que estaban trucados —a vostedes o Consello Consultivo impórtalles un bledo— e que se facía trampa coa conta das listas de espera. Pero, hai comunidades autónomas na medida de xuño —que é cando se poden medir, porque vostedes agora dan menos información da lista de espera que antes, comparando xuño de 2019 con xuño de 2021—, que melloraron nas súas listas de espera. Asturias, Extremadura, Canarias, A Rioxa e Baleares teñen menor número de días para a primeira consulta. Galicia non, Galicia ten máis.

¿Por que tanto conformismo, señor conselleiro? ¿Por que falta tanta ambición na súa dirección ou na súa consellería? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Torrado, no sistema sanitario fómomos adaptando, loxicamente, aos diferentes momentos da pandemia. No relativo á atención primaria, a combinación da atención presencial



co sistema de atención telefónica permitiu manter unha asistencia que, a medida que pasaba o tempo, ía mudando cara a unha maior presencialidade nos centros e cara a unha maior accesibilidade dos cidadáns, ata chegar á situación actual na que o paciente escolle libremente entre a atención presencial ou a atención telefónica.

No ámbito hospitalario, en Galicia, adaptamos os nosos centros hospitalarios ao avance do virus, dotándonos de máis medios coa anticipación na compra, e tamén con máis persoal. Entre decembro do 2019 e decembro do 2021, en todo o sistema sanitario galego había 3.089 persoas máis; case como dez hospitais comarcais adicionais. Durante a pandemia, Galicia converteuse nun hospital único, co fin de garantir a mellor atención a todos os pacientes, empregando os recursos —especialmente os das unidades de críticos— do mellor xeito, de forma que se permitise atender a demanda dos pacientes covid e tamén a dos pacientes non-covid.

Pero o certo é que, a pesar de todo, durante os peores meses da pandemia foi preciso suspender a actividade non urxente, e por iso, no ano 2021, se puxo en marcha o Plan de recuperación da actividade asistencial, dotado de quince millóns de euros, co fin de abordar esa actividade, que quedara pendente. O plan permitiu avanzar e realizar actividade extraordinaria. Deste xeito e, se nos remitimos aos datos que ofrece o Ministerio —aos que vostede facía referencia— do último mes de xuño de 2021, a porcentaxe de pacientes que leva máis de seis meses agardando por unha intervención cirúrxica en Galicia é do 5,5 %. Sen dúbida, demasiados, pero é que a media española é do 18,95 %; é dicir, case catro veces máis. En comunidades que son exemplo de xestión para vostede —como acaba de dicir agora mesmo—, como Aragón, o 27,2 %; en Cataluña, o 26,1 %; e en Castela-A Mancha, o 36,6 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora digo o que citou vostede.

En consultas, o mesmo que en Galicia era de 1,32, en Asturias —que vostede facía referencia a esa xestión eficiente— é de 3,75; é dicir, tres veces máis, señor Torrado. Son datos do Ministerio de xuño de 2021.

Pero é que, mire, se nos conformásemos co obxectivo de recuperar a normalidade socialista, xa teríamos rematado. A espera media para intervencións cirúrxicas en xuño do 2008 era de 71,5 días e en xuño do 2021, en plena pandemia, 70,2 días.

Espere á media de consultas —que lle gustan as consultas—: en xuño do 2008, 60,8; e en plena pandemia, xuño do 2021, 42,6.

E se imos á normalidade socialista de 2019, mentres que en Galicia se lograba baixar dos 60 días de espera media cirúrxica, para o PSOE eran normais 135 días en Castela-A Mancha, 94 en Aragón ou 84 na súa querida Asturias. Non chegamos a iso nin sequera despois da pandemia.

Por iso, señor Torrado, nós non aspiramos a recuperar a súa normalidade socialista. Ao que aspiramos é a volver acadar os mellores datos históricos en niveis de espera, que foron os dos anos 2019, despois dos anos da mellora da sanidade pública cun goberno do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Voume meter no dos datos agora, pero hai unha diferenza con respecto ás comunidades autónomas, e é que as demais contan a verdade coas listas de espera, e esta, non. E así é moi fácil, claro. (*Murmurios.*)

Porque mire, señor conselleiro, vouno contar —parece que hai algunha queixa nas bancadas populares—. Vou explicar algo que eu supoño que todos coñecerán. Vostedes saben que se van a un hospital pedir unha cita normalmente non saen cunha cita nun día concreto. Poden contarme que si, pero saben que non. ¿Que ocorre? Que vostede sae cun «xa o chamaremos». E se a vostede tardan seis meses en chamalo e cando lle dan a cita é para dentro dun mes, unha persoa pouco intelixente coma nós diría «esperei sete meses». ¿Pero canto conta para este Sergas? Un mes. E, claro, así é moi difícil facer as contas, ¡así é moi difícil facer as contas!

Por dicilo bastante máis fácil: vostedes menten para contar que o fan ben, pero é que, aínda así, cando menten, chegan ás entrevistas e din o que dixeron, e é que ata o 2023 non van poder recuperar os niveis prepandemia. E este é o problema, que vostedes asumen que isto é normal e que a xente ademais é tonta e non se dá conta. (*Aplausos.*)

Miren, por poñer un exemplo, ¡eh! (*O señor Torrado Quintela amosa un documento á Cámara.*): «Case dous anos de espera na lista de espera do Sergas». Por exemplo, ¡eh! Nesta noticia, que se desenvolve, falan de máis casos. Se vostede o desexa, señor conselleiro —que non é necesario, porque o sabe—, escollamos calquera hospital de Galicia e preguntémoslles aos pacientes que están na sala de espera. Veremos que todos eles teñen moitas esperas, en moitos casos de máis de seis meses. Esa é a realidade, pero vostedes poden contar o que queiran.

Ademais, vostede explicoume moi ben que se fixo durante a pandemia. Eu non lle preguntei durante a pandemia, que está ben que presuma, pero nós o que lles dicimos é que vostedes demostran unha falta de ambición absoluta, ¡absoluta!; un conformismo tremendo. Con tal de vender titulares xa se dan por contentos.

¿Cal é o problema en todo isto, señor conselleiro? Que a pandemia, que foi para todos un problema, para este goberno foi unha boa excusa. E así non se pode xestionar a sanidade, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Torrado, é sorprendente que sexa o seu grupo o que acuse este goberno do discurso fatalista, cando, mes a mes, vostedes mesmos desacreditan, sistematicamente, a sanidade galega con medias verdades ou



falsidades como as que acaba de dicir aquí agora mesmo en sede parlamentaria. Acaba de explicar como se contan as demoras da lista de espera, obviando o que se fai no resto das comunidades autónomas e obviando a mecánica que, ademais, está implantada polo Ministerio, e que se fan auditorías de xeito permanente. Pero ben, ¡alá vostede!

Pero é que, ademais, segue dicindo que mentimos. Ben, vostede non mente nunca. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro, claro. Pero é que, ademais..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...esta semana tivemos que presenciar como o seu líder, o señor Formoso, cualificaba a atención primaria que presta a nosa sanidade pública de «nefasta». Eu estiven hai pouco no centro de saúde das Pontes, e a verdade é que vin con moi boa impresión de profesionais e pacientes; debe ser que el hai moito tempo que non o pisa. Creo, señor Torrado, que con estas declaracións está faltándolles ao respecto aos máis de 10.000 profesionais que traballan nos nosos centros de saúde.

Dicía que a atención primaria se reducía a un número de teléfono. Voulle dar un par de cifras, reais tamén, señor Torrado, como as outras que lle dei, e despois vostede dirá que mentimos. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Mire, o persoal de medicina de familia en primaria atendeu na semana pasada máis de 170.000 citas presenciais, e no que vai de ano —nestes catro meses—, a atención primaria atendeu de xeito presencial 2,4 millóns de consultas; é dicir, case como se cada galego nestes meses fora ao centro de saúde. Se a vostede lle parece que isto é unha atención nefasta, non sei que opinión terá doutras cousas. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*)

En todo caso, a súa pregunta, señor Torrado,...

O señor PRESIDENTE: Por favor, perdoe un momento, conselleiro.

Señor Torrado, é que é un efecto moi feo, ademais estando vostede onde está, que estea interrompendo o conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Estamos acostumbrados.

O señor PRESIDENTE: O tempo despois compensareillo, non hai problema ningún. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*)

Creo que iso non se debe facer. A miña obrigaición é protexer a quen está no uso da palabra. (*Murmurios.*) Si, a vostedes e a estes, a todos. (*Protestas.*) Pero o que non se pode facer é o que está facendo vostede, e por iso eu lle pido, por favor, que non lle estea aí..., porque lle interrompe o discurso. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Se eu sei como é iso, que eu tamén estiven...! (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero, por favor, agora ten que escoitar. (*O señor Torrado Quintela: ¡Pero que me responda!*) Ten que escoitar. Despois fale con el o que queira, pero agora ten que escoitar a resposta. Si, si, por favor. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*)



Continúe.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Isto é habitual, señor presidente. *(Murmurios.)*

Como dicía, nós queremos volver, efectivamente, aos datos históricos do 2019. Eu, señor Torrado, recomendaríalle que escoitara a entrevista do xerente do Sergas á que vostede fai referencia na súa pregunta, pero que a escoitara enteira e, ao mellor, atendendo un momentíño. O que lle preguntan ao señor xerente do Sergas é cando cre el que podemos volver en Galicia aos datos históricos —acabo de facer referencia aos datos coa normalidade socialista do 2010–2018 e aos do propio 2019— de lista de espera. E o xerente do Sergas di que probablemente eses datos «históricos» —volvo dicir unha vez máis— se poidan acadar no 2023. Iso non creo que sexa un problema de ambición, un problema de non xestionar ben a sanidade pública, senón de querer recuperar a actividade que deixou de facerse nestes dous anos —porque algunha, desafortunadamente, tivemos que deixar de facer—, e de volver a eses datos históricos, que, como dicía, nunca na historia do Servizo Galego de Saúde se acadaran en Galicia nin cos gobernos socialistas previos nin sequera no propio desenvolvemento da actividade destes últimos anos, e, dende logo, son moi superiores a todos os datos que con criterios homoxéneos, transparentes e normativos se utilizan en todo o sistema sanitario público español, do que vostede parece non ter moita información.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a finalidade das axudas para investimentos en pequenas e medianas industrias de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para o ano 2022

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Conselleira, grazas por estar aquí hoxe e por responder a miña pregunta.

Os presentes nesta Cámara, con vostede á cabeza, sabemos que todos os sectores relacionados co mar en Galicia constitúen un factor primordial para o desenvolvemento socioeconómico da nosa comunidade. Por iso, estes sectores necesitan aproveitar ao máximo os fondos do Marco estratéxico común co fin de acadar os novos retos que se formulan nel, e, neste eido, tanto o sector extractivo como o transformador precisan de todas as posibilidades que brindan os seus instrumentos para ser competitivos, sustentables e respectuosos co medio ambiente.

Con este fin, no *DOG* do 28 de decembro do 2021, a Consellería do Mar publicou a Orde de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para o ano 2022.



Señora conselleira, quero aproveitar esta intervención para agradecerlle o seu traballo e o de todo o seu equipo, porque neste grupo parlamentario temos constancia de que o órgano autonómico que vostede dirixe se afana en defender ante todas as instancias o sector do mar galego; incluso, sempre que é necesario, fronte ao Goberno central, que se empeña unha e outra vez en dificultar a vida das xentes do mar de Galicia, ben sexa por descoñecemento ou —o que é peor— por desinterese.

Como proba das miñas palabras, vou poñer dous exemplos moi recentes.

Un: na última Comisión 8ª, tivemos que acordar a ausencia de corrixir un decreto redactado desde despachos de secaño en Madrid, que pretende regular os usos de determinadas artes de pesca, pero amosa un descoñecemento absoluto da realidade galega e, consecuentemente, deriva nun grave prexuízo para a nosa frota. E aí estaba vostede defendendo o sector.

E o restritivo informe sobre a Lei de costas, que cuestiona a presenza de actividades tradicionalmente permitidas, como a acuicultura, ou a depuración de produtos do mar, así como doutras edificacións de uso social en terreos portuarios de competencia autonómica, como é o caso do porto de Cambados, e aí tamén está vostede defendendo o sector. Este informe vén dar a razón ao complexo mar-industria, a este Grupo Parlamentario Popular e a vostede mesma cando estabamos tan preocupados polo desenvolvemento da Lei de costas, mentres desde a bancada do PSdeG se nos acusaba, unha e outra vez, de alarmistas.

Volvendo á Consellería do Mar, que —como digo— si coñece, si se preocupa e si se ocupa do sector marítimo-pesqueiro de Galicia, queremos saber cal é a finalidade das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o seu orzamento destinado para o ano 2022.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Suárez Sarmiento.

Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Suárez, como vostede ben dixo, efectivamente, o pasado 28 de decembro publicábase no *DOG* a Orde do 15 de decembro do ano 2021, un expediente que se empezou a tramitar como anticipado de gasto, co fin de que puidera estar dispoñible nos principios de ano para todo o sector; unha base de orde de axudas en réxime de concorrencia competitiva para investimentos en industrias de pequena e mediana empresa de transformación de produtos pesqueiros e de acuicultura.

Este tipo de axudas veñen sendo convocadas dende hai moitos anos, e neste período que ten que ver co FEMP comezamos no ano 2016. Dende esa época ata o ano 2021 beneficiáronse unha totalidade de 283 proxectos, por un importe de máis de 72 millóns de euros.



Con esta iniciativa o que pretendemos é aproveitar ao máximo as posibilidades de financiamento para o sector que ofrece o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, motivo polo cal xa se publicaron estas axudas para o ano 2022 e 2023 con esta orde de carácter plurianual que lles facilita ás industrias de transformación os seus investimentos.

Como di o *DOG*, esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva dunhas axudas destinadas á realización de investimentos nas pequenas e medianas empresas do sector transformador. As axudas teñen varias finalidades, entre elas cubrir todos aqueles custos que signifiquen un aforro de enerxía ou reducir o impacto medioambiental que poidan xerar estas actividades no medio, incluíndo o tratamento de residuos; mellorar a seguridade, a hixiene, a saúde e as condicións do traballo nestas empresas; tamén todos aqueles investimentos que axuden á transformación de capturas de pescado que non poidan ser destinadas ao consumo humano; tamén as axudas para a transformación de subprodutos obtidos das actividades principais da transformación, co fin de que cada vez poidamos obter produtos de maior valor engadido; tamén para toda a transformación dos produtos da acuicultura ecolóxica; e aquelas axudas que dean lugar a mellores produtos, mellores procesos ou incluso novos procesos e mellores sistemas de xestión e de organización.

Destas axudas, como ben digo, poden ser beneficiarias todas as pequenas e medianas empresas que se dediquen á transformación dos produtos pesqueiros ou da acuicultura. Son axudas plurianuais, e o crédito para este ano 2022-2023 será de 19 millóns de euros.

Quixera destacar tamén que neste ano, no ano 2022, xa están rexistrados 85 expedientes, que promoven unhas actuacións que supoñen un investimento global de 120 millóns de euros e nas que agora estamos xa iniciando os trámites para que os proxectos vaian sendo unha realidade o máis pronto posible.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Suárez.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Moitas grazas, conselleira, pola súa resposta, e sobre todo —repito— moitas grazas polo seu traballo.

Certamente, estas cifras son mostra dun apoio especial a esa competitividade da que fala, e estamos seguros desde este grupo parlamentario de que, sen esa aposta, nin o sector nin Galicia serían os mesmos. Non sería o mesmo o sector por canto a obtención de valor engadido é unha das claves nas que se ten que traballar. E non sería a mesma Galicia porque, sen esa competitividade, non teríamos cifras récord de exportacións e vendas.

Ese sector superou a pandemia e ponse de novo en números positivos a pesar dos moitos atrancos que se poñen dende outros partidos e gobernos: por unha banda, a inseguridade xurídica de



Costas e, por outra, os nulos apoios neste momento de crise loxística e de prezos de combustible e enerxía. E o que é peor: a nula colaboración de certos grupos no apoio a estas liñas que contribúen a facer máis competitivo ese sector —que xera máis de 20.000 empregos en Galicia—. Só temos que lembrar as emendas dalgúns grupos a este orzamento de 2022 sobre as partidas que van destinadas a sustentar estas axudas; uns querían detraer o 47 % da partida, outros só o 60 % da partida. Agora todos demandan axudas e apoios, pero a realidade é a que é.

Por isto, neste momento clave para o sector transformador, quero saber cal é a postura da Xunta de Galicia en relación cos apoios que se lle poden dar ao sector para superar a crise.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Suárez.

Peche desta pregunta, conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Suárez, certamente hai quen predica unha cousa e logo fai xustamente o contrario. Pero nós imos seguir no noso, que é o que nos toca. E o noso é seguir traballando por defender as industrias de transformación dos produtos pesqueiros co fin de que obteñan cada vez maior valor engadido. Porque ese valor engadido, ao final, o que representa é tamén maior riqueza para toda Galicia.

Mire, nestes momentos nós estamos centrados en dous ou tres obxectivos fundamentais. O primeiro é conseguir que a Unión Europea permitise que co novo FEMPA se puidese aplicar o artigo 26 tamén para as axudas ás industrias de transformación e non só a aquelas que teñen que ver directamente co sector pesqueiro. Parece ser, por proposta da Comisión, que iso vai ser posible; polo tanto, esperemos que o Parlamento Europeo e o Consello de Ministros —tamén europeo— dean para adiante a esta proposta da Comisión e se adecúe o novo programa operativo para que poidamos convocar esa liña de axudas.

A maiores, dende a Consellería —e eu nisto quero agradecer a implicación dos funcionarios— estase axilizando o máximo posible a resolución de todos os expedientes que están en marcha para poder aboar o máis rápido posible esas axudas pendentes de cobro e que, dende logo, aportarán liquidez ás empresas.

E, por outra parte, estamos moi centrados en todas aquelas liñas de axudas que supoñan unha mellora na eficiencia enerxética, posto que iso, dende logo, redundará nun maior beneficio para as empresas, que ao final é o que todos estamos buscando. Pódolle dicir que, dende o ano 2016 ao ano 2021, xa foron 89 proxectos os que se beneficiaron desas axudas de mellora enerxética, nos que investimos máis de nove millóns de euros.



En definitiva, nós cremos no sector, cremos que é importante habilitarlle todo o financiamento posible para que siga medrando, e tamén, pola nosa parte, brindarlle toda a seguridade xurídica posible para que todos aqueles que queiran investir en Galicia no desenvolvemento desta cadea mar-industria o poidan facer. Eu o único que lle solicito ao Goberno do Estado é que non poña atrancos, que nos axude a seguir crescendo. Porque Galicia quere seguir crescendo e o seu sector tamén está disposto a seguir crescendo se non se lle poñen trabas xurídicas como nestes momentos está a acontecer coas propostas que saen dende o Ministerio de Transición Ecolóxica.

Pero nós, ao noso. Seguiremos traballando, como sempre o fixemos, na defensa de todos os eslabóns da cadea mar-industria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de trasladar a sede nacional do Instituto Español de Oceanografía e de dividila entre Cantabria e Murcia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señora Quintana.

Din algúns deputados do Partido Socialista que temos que facer política, que é ao que vimos aquí. Ás veces tamén nos dan leccións de ética, pero resulta que despois os ministros do Partido Socialista empregan criterios «científicos e técnicos» —din eles, e ¿saben para que?— para agraviar e para marxinar Galicia e para insultar —eu creo— os científicos que traballan no Instituto Oceanográfico Español na Coruña e en Vigo. Porque realmente aplican eses criterios para arrebatarnos de Galicia ese instituto.

Iso din, conselleira, pero sabe vostede coma min e como moitas persoas autorizadas que escribiron e faloron nestes días na prensa que eses criterios científicos e técnicos non son tales, senón que son criterios políticos do Partido Socialista. Son eses criterios políticos que empregou hai tres anos tamén un exministro, Pedro Duque, cando integrou o Instituto Oceanográfico dentro do CSIC. Iso provocou que dimitira a entón directora do Instituto Oceanográfico en Vigo, e iso tamén acendeu todas as alarmas. Todas menos unha: a do Partido Socialista de Galicia e a do Partido Socialista de Vigo, que practicaba a técnica do arenque afumado, da que falou esta mañá o noso voceiro, o señor Puy, e que, a verdade, a min me recordou a un político galego. Recordoume un político —vanme permitir o símil, con todo respecto— que é o arenque afumado por excelencia. Porque, realmente, iso quere dicir que cuns temas tapa outros. Realmente esa persoa, que presume de ser o alcalde dos alcaldes, de defender a todos os alcaldes de España, tanto os defende que esquece a súa alcaldía, a súa cidade, a cidade de Vigo. Realmente teñen que estarlle moi agradecidos os seus homó-



logos en Cartaxena e en Santander, porque o que temos aquí en Galicia váillelo mandar directamente a Cartaxena e a Santander.

Ben, señora Quintana, é a técnica do arenque afumado: se marxina o Goberno de Sánchez a Vigo co PERTE do automóbil, pois luces; se rexeitan a liña de alta tensión, luces; se a Xunta quere investir en Vigo, luces; se levan por diante anos de investigación do Instituto Español Oceanográfico, luces. E queda tan ancho. ¡E agora, ademais, vai de defensor do Instituto Oceanográfico! (*Murmurios.*)

O Partido Socialista de Galicia practicou neste tempo, nestes tres anos, a técnica do arenque afumado, porque nada fixeron para defender que a sede do Instituto Oceanográfico permanecera en Galicia. E eu creo, señora Quintana, que isto é un insulto. Vostede sabe o posicionamento deste Parlamento, dos tres grupos, nunha declaración institucional que todos acordamos —que non foi posible facela no Concello de Vigo, porque o Partido Socialista de Vigo non quixo chegar a un acordo cos tres grupos, ¡non quixo chegar a un acordo e facer unha declaración institucional!—. Polo tanto, creo que esa é unha defensa persoal. Vostede sabe o noso posicionamento. Nós queremos que ese instituto non se mova de aquí. Pero a pregunta hoxe é: ¿que opinión ten a Xunta de Galicia sobre que se poida desmantelar este instituto e que non se teña en conta a Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, mire, como vostede ben sabe, e que agora o acaba de referir, a Xunta de Galicia leva máis de tres anos advertindo o Goberno central da necesidade de recuperar o potencial do Instituto Español de Oceanografía, de sanear as súas contas para facilitar o traballo dos seus profesionais e que estes poidan prestar de verdade un axeitado servizo no estudo do medio mariño. Esta situación xa a denunciei dentro do consello reitor do IEO en abril de 2019. Reiterei esta petición en novembro de 2020 e quixen facer especial fincapé na deriva que levaba o Instituto e, de xeito específico, nas dificultades de contar con persoal investigador.

Vistos os problemas xurdidos, procedín a remitir dúas cartas en xuño de 2020, unha ao ministro Planas e outra ao entón ministro de Ciencia, Pedro Duque, expoñendo esta preocupación. Mesmo o presidente da Xunta se dirixiu especificamente ao presidente do executivo central por este asunto en xullo de 2020, e facía especial fincapé na vontade de tender unha man e acentuar a colaboración dos nosos departamentos relacionados con esta materia para contribuír a mellorar o rumbo do IEO. Cabe sinalar tamén que esta petición foi feita explícita de novo o 14 de outubro de 2020 mediante unha carta que lle remitín, xunto con outros membros do consello reitor do IEO, ao exministro Duque, na que lle pediamos ao Goberno



central que non desmantelase o IEO e rexeitabamos tamén a decisión de integralo no Consello Superior de Investigacións Científicas. Trátase dunha petición que fixemos dende o primeiro momento e que volvemos reiterar da man do sector pesqueiro, posto que todos compartiamos esta gran preocupación.

Estivemos en permanente contacto tamén coas direccións dos dous centros radicados en Galicia —o de Vigo e mais o da Coruña— para avaliar a súa opinión, ver cales eran as súas perspectivas de futuro e, en definitiva, cuestións que se van dando dende hai moitos anos para coordinar todas accións e medidas de investigación neste campo.

O Goberno autonómico cumpriu co mandato do Parlamento Galego e elevou ao Estado as propostas aprobadas por esta Cámara en relación con este asunto, de tal maneira que en decembro de 2020 lle trasladamos ao executivo central unha proposición non de lei coa petición do Parlamento para que iniciase o procedemento para o traspaso de competencias —co previo saneamento e reartellamento organizativo do IEO— da totalidade da xestión económica e administrativa dos centros do Instituto Español de Oceanografía en Galicia e que pasasen a formar parte da estrutura da Xunta.

O Estado fixo caso omiso desas peticións e vemos como a súa nefasta xestión está a levar o organismo a unha situación económica dramática pese a integralo no CSIC. Non obstante, non lle caiba a menor dúbida de que imos seguir traballando na mesma liña de defensa dos intereses deste organismo en Galicia, pois é estratéxico...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...no desenvolvemento da investigación mariña.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Señora Quintana, é que pasa o tempo e vaille dando a razón unha vez máis. Vostede acaba de falar agora de que leva máis de tres anos traballando e intentando non chegar a este desenlace. O Partido Socialista di que a Xunta estivo en silencio. A verdade é que é moi curioso que diga iso. Con tanto ministerio, ás veces tamén eu creo que é moi complicado tratar cuns e con outros, porque nestes tres anos xa non se sabe quen ten as competencias de que e quen decide o que. O que pasa é que, para xustificar a súa actividade, sempre remata todo no mesmo, que é meterlle un gol a Galicia e facer un agravio sempre a Galicia.

Eses criterios científicos e técnicos, de seren así —e eu digo, como xa dixen antes, que son un insulto aos científicos e aos investigadores que levan traballando anos na Coruña e en Vigo, que levan traballando anos, ademais, ao servizo da pesca e da industria de Galicia, de España e de Europa—, de seren así, teñen moito peso, señora Quintana. Teñen moito peso porque, mire, un primeiro criterio é que o lugar de residencia do actual res-



ponsable da xefatura de acuicultura do IEO é Murcia. Xa o imaxino: «¡Oye, ministra! Mira, que vivo en Murcia y que me viene muy bien tener aquí la sede» —porque o responsable vive en Murcia—. Outro segundo criterio de peso é que o responsable de pesqueiras do IEO vive en Santander. Esta conversa xa a podo imaxinar mellor entre Miguel Ángel Revilla e Abel Caballero, que moitos que viron o programa de *El hormiguero* poden imaxinar como conversarían: «¡Oye, Abel, mándame para aquí el Instituto, que tú ya tienes la Navidad!». (Risos.) (Aplausos.)

Permítame a ironía, señora Quintana, permítame a ironía, pero é que isto é así. ¡Isto é así! Só falta que remate enviándolle unhas anchoas; porque frivolizan coa política e frivolizan con moitos temas que son de gravidade neste momento e son moi importantes para Galicia. Está en xogo perder anos de experiencia e perder todo ese valor que temos de investigación nos centros da Coruña, e sobre todo no centro de Vigo, no IEO.

Polo tanto, señora Quintana, como digo, permítame a ironía. Non podemos permitir esta tomadura de pelo e quería preguntarlle que consecuencias podería ter ese desmantelamento do IEO.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta pola conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señora Egerique, mire, para min a verdade é que é unha tristura ver o que está acontecer co Instituto Español de Oceanografía. E o primeiro que me gustaría nesta réplica tamén é trasladarlles a todos os investigadores do Instituto Español de Oceanografía o noso agradecemento polo esforzo e o traballo que están a facer para poder dar o mellor asesoramento posible ao Ministerio, que ten que defender estes... (Aplausos.)

Eu sinceramente xa sei que vostede estaba ironizando cando facía a súa intervención. Pero a verdade é que é o único que podemos facer con estas noticias que están saíndo nos medios de comunicación, e que lamentablemente nin os propios directores dos centros saben a que responden. Eu poño moi en dúbida que haxa ningún criterio científico-técnico que aconsellase facer este comentario que fixo a señora ministra nunha visita ao Instituto Español de Oceanografía ubicado en Cantabria. O primeiro que ten que saber o Goberno do Estado é que España é a primeira potencia pesqueira a nivel europeo e que, para seguir sendo unha potencia pesqueira a nivel europeo, necesitamos ter o mellor asesoramento científico posible para defender os intereses dun sector que lle dá tanto a España e tanto a Europa. Se queremos ter un bo Instituto Español de Oceanografía, o que temos é que darlles a forza suficiente aos investigadores para que poidan traballar con ánimo e non para que estean pendentes de se «*hoy me voy a Cantabria, hoy me voy a Galicia o mañana me voy a Murcia; si hoy dependo del CSIC o mañana dependo de no sé muy bien qué*». Os investigadores o que necesitan é ter claros os seus proxectos, ter claro a quen serven e claros os seus intereses, e non estar pendentes do que poida pasar a nivel administrativo. (Murmurios.)



Polo tanto, o primeiro que temos que facer —e eu estou disposta, e así o fixen dende hai tres anos— é: sentemos, vexamos cales son as dificultades que ten o Instituto Español de Oceanografía e votemos todas as comunidades autónomas que temos intereses pesqueiros, para dar todo o mellor de nós para que ese instituto poida seguir sendo grande. E se é necesario que nos pasen as competencias, nós, desde logo, asumiremos as competencias. Pero asumirémolas coordinando a investigación, como se leva feito desde sempre, con todas as sedes que hai en todas as comunidades que teñen mar. Porque o Instituto Español de Oceanografía é un órgano de asesoramento a nivel nacional e así debe seguir sendo. E, polo tanto, o que lle pedimos ao Ministerio é que pense nos investigadores, que lles dea seguridade para que eles poidan seguir tendo apetencia por traballar nestes campos de investigación, e que non supoña para eles un menoscabo poder traballar en asesoramento técnico fronte aos que se dedican á investigación pura e dura. É necesario o labor de asesoramento, é fundamental. E por iso entendemos que todos aqueles técnicos, biólogos, químicos ou físicos que queiran traballar no coñecemento do medio mariño deben podelo facer coas mesmas forzas e coas mesmas potencialidades...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...que aqueles que se dedican a outro tipo de investigación.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Antes de dar por rematado o pleno, quixéralles comentar que, como puideron ir observando, estamos cambiando algunhas cousas. Estamos cambiando porque tamén temos que ser cumpridores. O outro día houbo unha reunión da Xunta de Portavoces e, tendo en conta as medidas que, polo tema da pandemia se están implantando, isto está perfectamente articulado.

Eu agradezo tamén a colaboración dos portavoces na reunión que tivemos de cara ás recomendacións. E tamén agradezo que estas recomendacións que nós suxerimos, pois, dalgunha maneira se teñan en conta. Son recomendacións, pero agradezo que se teñan en conta —eu especialmente, neste caso, tamén como médico—. E nesa liña creo que xa é procedente —despois de consultalo— que non se siga xa co tema da tribuna —desinfectando e limpando—. Porque en realidade parece ser que isto agora é un aspecto secundario. Entón nos próximos plenos xa non teremos este servizo. Pero eu quixera desde aquí agradecerlles o traballo que fixeron durante todo este tempo —permanentemente tendo esta tribuna operativa nos momentos incluso máis difíciles— os traballadores do servizo de limpeza, que estiveron todo o tempo coidando para que nós puidésemos facer o mellor labor. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Rematou o pleno. Nada máis e boa noite.

Remata a sesión ás seis e vinte minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

